



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

2023-2024

CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

AVDA. DA GRABANXA Nº 43

SIGÜEIRO - OROSO

C.P.15888

TFNO: 881866202

FAX:881866206

e-mail: ceip.sigueiro@edu.xunta.es

www.edu.xunta.gal/centros/ceipsigueiro/

ÍNDICE

1.-PLAN ANUAL	7
1.1 Introducción.....	7
1.2 Obxectivos específicos.....	8
1.3 Medidas.....	10
1.4 Recursos.....	11
2.-ESTRUTURA ORGÁNICA DO CENTRO	11
2.1 Órganos de goberno.....	11
2.2 Órganos de participación no control e xestión.....	11
2.2.1 Claustro	
2.2.2 Consello Escolar	
2.3 Plan de actuación dos órganos de participación no control e xestión e do equipo directivo.....	13
2.4 Estatística de principio de curso.....	13
2.5 Instalacións e equipamento.....	13
3.-HORARIO XERAL DO CENTRO	14
3.1 Criterios pedagóxicos, horario do profesorado, adscrición.....	14
3.2 Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.....	15
3.3 Xornada Escolar	16
3.4 Horario de atención a pais	18
3.5 Horario de atención ao público do Equipo Directivo.....	18
3.6 Horario persoal non docente.....	18
4.-ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	19
4.1 Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	19
4.2 Departamento de Orientación	19

4.3 Equipos de Ciclo.....	20
4.4 Outros órganos de coordinación.....	20
4.5 Horario de coordinacións.....	21
5.-PLANS E PROXECTOS PARA ESTE CURSO.....	21
5.1 Proxecto plurilingüe.....	21
5.2 Proxecto e-Dixgal.....	22
5.3 Proxecto de dinamización da lingua galega.....	22
5.4 Plan Anual de Biblioteca - Plan Anual de Lectura	22
5.5 Plan Anual Dixital	23
5.6 Plan Anual de Actividades Físicas e Hábitos Saudables	23
5.7 Plan de actividades Complementarias e Extraescolares	23
5.8 Programa Voz Natura - Horta escolar	24
5.9 Plan Recupera – PROA +.....	24
5.10 Programa Acompaña.....	25
5.11 Proxecto Contrato Programa: CP Innova – CP Inclúe.....	25
5.12 Biblioteca Creativa	28
5.13 Club de Lectura	28
5.14 Lectura e Familias	28
5.15 Plan Proxecta – Proxecto de Vida Activa e Deportiva	29
5.16 Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade nos Centros Educativos.....	29
5.17 Proxecto FOGGA.....	29
5.18 Webs Dinámicas.....	30
5.19 Programa de formación do profesorado.....	30
5.20 Actividades programadas pola ANPA.....	30
6.-CALENDARIO ESCOLAR	31

6.1 Días non lectivos.....	31
6.2 Calendario de avaliacións.....	31
7.-ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	31
7.1 Organización e funcionamento do Transporte Escolar	31
7.2 Organización e funcionamento do Comedor Escolar	34
7.2.1 Persoal	34
7.2.2 Funcionamento.....	35
7.2.3 Horario	37
7.2.4 Organización e vixilancia do comedor e patios.....	37
7.2.5 Menús.....	37
7.2.6 Orzamento.....	38
7.2.7 Protocolo de comedor.....	38
8.- PLAN PERÍODO ADAPTACIÓN ALUMNADO INFANTIL	40
9.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS.....	41
10.- CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	42
11.-PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.....	42
11.1 Plan de Evacuación de emerxencia.....	42
11.2 Uso do botiquín escolar	44
11.3 Seguridade do alumnado.....	45
12.-PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	45
13.-DOCUMENTOS VIXENTES NO CENTRO.....	45
14.- ANEXOS.....	47
1.- Alumnado matriculado no colexio	
2.- Adscrición do profesorado	
3.- Horario do profesorado de E.Infantil e Primaria	
4.- Quendas de vixilancia de recreo	

- 5.- Cadro gardas de recreo
- 6.- Gardas biblioteca
- 7.- Cadro gardas biblioteca
- 8.- Quendas de vixilancia nas entradas
- 9.- Plan de Orientación
- 10.- Proxecto de Dinamización da lingua Galega
- 11.- Plan Anual de Biblioteca
- 12.- Plan Anual de Lectura
- 13.- Plan Anual Dixital
- 14.- Plan Anual de Actividades Físicas e Hábitos Saudables
- 15.- Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares
- 16.- Programa Voz Natura – horta Escolar
- 17.- Concreción do Plan de Convivencia
- 18.- Plan de Evacuación
- 19.- Libros de texto

1. PLAN ANUAL

1.1 INTRODUCCIÓN

Arranca o curso 2023/24 co remate da implantación en Primaria da LOMLOE, Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio. No curso pasado introducírase o ciclo de Infantil e os niveis impares de Primaria. No actual curso son os cursos pares de Primaria os que serán regulados xa coa nova lexislación. Temos pois completo un novo marco con novos currículos, organización, obxectivos e programas.

A Lomloe fundaméntase nun ensino baseado na adquisición das competencias vinculadas cos retos e desafíos do século XXI. Son as seguintes: competencia en comunicación lingüística, competencia plurilingüe, competencia matemática e ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia cidadá, competencia emprendedora e competencia en conciencia e expresión culturais. Preténdese preparar ao alumnado para enfrontarse aos retos da súa vida e superalos con éxito.

No noso colexio tentamos estar cada vez máis comprometidos cun ensino competencial. Queremos ir máis aló da transmisión de coñecementos, queremos dotar ao noso alumnado de habilidades e capacidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida para poder desenvolverse na sociedade actual. Vemos necesario ademais potenciar no alumnado un espírito crítico, empático e proactivo; un alumnado que saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida. Debemos facer persoas do mañá cunha responsabilidade medioambiental, cun estilo de vida saudable, cun consumo responsable, cun uso ético e responsable dos medios dixitais, cun respecto cara a diversidade persoal e cultural valorándoa como fonte de riqueza. En definitiva seguiremos traballando na liña dunha educación integral e comprometida cos tempos en que vivimos.

En liña co anterior a nosa pretensión para o actual curso é continuar formando parte de proxectos que promovan metodoloxías activas e que contribúan a unha formación global do alumnado. Continuamos co Proxecto Plurilingüe e con e-Dixgal, co Plan de Mellora de Biblioteca, con PROA +, Voz Natura e a Horta, co Plan Proxecta que inclúe o Programa Xogade coas carreiras de campo a través. Solicitamos o

Programa Acompaña, o Contrato Programa na súas versións Inova e Inclúe, solicitamos o Plan Director para a convivencia e a Mellora da Seguridade nos Centros Educativos.

As nosas actividades terán como premisa a formación integral de persoas, traballando aspectos como a igualdade de xénero, a paz, a pluralidade, a tolerancia, a resolución pacífica de conflitos, a erradicación de prexuízos e o respecto á identidade de cada persoa.

A temática central da nosa biblioteca para este curso será “As Olimpíadas”. Este será o eixe que teremos como referencia á hora de programar moitos dos nosos traballos desde Infantil ata Primaria.

Por outra banda no 2024, lembraremos á narradora, poeta e ensaísta coruñesa Luisa Villalta Gómez. A ela están dedicadas as Letras Galegas e sobre a súa figura xirarán moitas das actividades.

Contamos neste curso, cunha plantilla de 32 profesores/as máis unha profesora compartida co outro colexio de Sigüeiro, 1 coidadora, 1 administrativa, 1 conserxe e 4 traballadores na cociña (1 oficial e 3 axudantes). A matrícula é de 361 alumnos/as repartidos en 20 grupos, 14 de Primaria e 6 de Infantil.

En canto ás tarefas extraescolares ou deberes establecemos uns criterios xerais, de maneira que entronquen co desenvolvemento das competencias do alumnado, segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe. Acordamos que deberían levar algunhas tarefas para fomentar a responsabilidade do alumnado na súa formación e autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo. En todo caso nunca se sobrecargarían, e teríase en conta un axeitado encaixe na vida das familias, de maneira que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de ocio do alumnado.

1.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Mellorar a organización e funcionamento do Centro, rendabilizando o máis que poidamos os recursos materiais e humanos dispoñibles.
2. Continuar coa mellora das infraestruturas do Colexio.

3. Conseguir un mellor aproveitamento dos espazos e locais do colexio.
4. Promover a utilización dos diferentes recursos didácticos.
5. Impulsar unha boa coordinación pedagóxica entre o profesorado, tanto horizontal como verticalmente para que o alumnado non perciba cambios bruscos no paso dun a outro nivel, sobre todo entre Infantil e Primaria.
6. Promover actividades conxuntas ou na mesma liña entre os diferentes equipos de traballo.
7. Optimizar os sistemas de avaliación do alumnado e establecer medidas para a mellora do rendemento escolar.
8. Desenvolver medidas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, ou con necesidade de reforzo educativo.
9. Favorecer o desenvolvemento da linguaxe nos primeiros cursos previndo posibles dificultades promovendo para iso o Programa de Estimulación da Linguaxe Oral en E. Infantil.
10. Continuar coa dinamización da biblioteca conseguindo que sexa un espazo vivo e activo.
11. Elaborar ou revisar os Plans de Biblioteca, Lectura, Dixital e de Actividades Físicas e Hábitos saudables.
12. Potenciar o emprego da tecnoloxía no proceso de ensino aprendizaxe.
13. Fomentar a inquietude do noso alumnado polos campos de coñecemento do ámbito científico tecnolóxico.
14. Promover a Competencia dixital no ámbito educativo.
15. Mellorar a competencia oral e escrita na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
16. Potenciar a lingua galega a través do plan elaborado polo Equipo de Dinamización da Lingua.
17. Organizar e levar a cabo actividades complementarias e extraescolares ao longo do curso dando continuidade aos proxectos desenvolvidos nas aulas.
18. Favorecer a planificación e organización das distintas actividades xurdidas no ámbito da biblioteca escolar, actividades extraescolares, dinamización da lingua galega, Voz Natura ...
19. Favorecer a integración de alumnos e alumnas que chegan doutros colexios e máis concretamente dos procedentes do estranxeiro atendendo na medida do posible ás necesidades que presenta.

20. Impulsar a mellora da convivencia con propostas do recentemente creado Equipo de convivencia que se reunirá mensualmente para promover a igualdade, o respecto, a pluralidade...
21. Favorecer así mesmo un bo clima de convivencia entre todo o persoal do centro: mestres, conserxe, coidadora, persoal da cociña ...
22. Promover o diálogo como vía de clarificación de ideas e resolución de problemas.
23. Propiciar unha boa relación con toda a comunidade educativa e con todas as institucións coas que temos contacto.
24. Mellorar a xestión e organización do comedor escolar.
25. Continuar dinamizando e actualizando a páxina web así como promocionala de maneira que sirva de canle entre as familias e o colexio.

1.3 MEDIDAS

1. Elaboración dos distintos horarios logrando o maior beneficio posible para o alumnado.
2. Distribución do profesorado nos distintos órganos de participación e coordinación aproveitando o potencial do mesmo.
3. Elaboración do proxecto de orzamento do Centro adaptado ás necesidades programadas.
4. Reunións dos diferentes niveis e equipos: Dinamización da lingua, Biblioteca, Actividades Complementarias, Convivencia, Tics e Comisión de Coordinación Pedagóxica; ademais dos equipos encargados da elaboración dos diferentes plans e proxectos.
5. Celebración de reunións periódicas cos diferentes grupos do persoal do centro.
6. Participación en proxectos innovadores propostos pola Consellería ou outras entidades.
7. Participación en Plans de Formación Permanente do Profesorado, derivadas das necesidades do propio centro.
8. Adquisición de materiais educativos favorecedores dun ensino máis motivador, máis experimental; que favoreza o razoamento e a aprendizaxe por descubrimento.

9. Información aos pais/nais promovendo a súa implicación co centro, de maneira que reverta nunha mellora educativa para os seus fillos/as.

1.4 RECURSOS

1. A normativa vixente en canto a organización e funcionamento do centro nos diferentes aspectos.
2. PE, Concreción Curricular de Infantil e Primaria, Programacións Didácticas, NOF, Plan de Convivencia.
3. Recursos existentes no centro e os que solicitemos á Consellería, ao Concello de Oroso, e ás distintas administracións.
4. As asignacións orzamentarias da Consellería de Educación e O.U.
5. Aplicacións informáticas para a xestión do centro.

2. ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CENTRO

2.1 ÓRGANOS DE GOBERNO

- **Dirección:** Rosario Astray Costoya
- **Secretaría:** Celia Moreno Trigo
- **Xefatura de Estudos:** Fiz Rodríguez Carballo

2.2 ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN

2.2.1 Claustro:

Formado por todo o profesorado do Centro.

2.2.2 Consello Escolar:

O Consello Escolar está formado por:

- **Presidencia:** Rosario Astray Costoya
- **Secretaría:** Celia Moreno Trigo
- **Xefatura de Estudos:** Fiz Rodríguez Carballo

Profesorado:

- Ana M^a Carballeira Maceiras
- M^a Carmen Penedo Mosquera
- Begoña García Barreiro

- Andrés Otero Manteiga
- Pili Rivas Antelo

Pais/Nais:

- Vanesa Rey Regueiro
- Beatriz Abad Villaverde
- Raquel Ruza Pardal
- Anabel Duro Liste
- Pilar Midón Martínez

Concello:

- María Requejo

Administración e Servizos :

- M^a Jesús Villar Insua

Membros da Comisión Económica:

- Dirección: Rosario Astray Costoya
- Secretaría: Celia Moreno Trigo
- Docente: Pili Rivas Antelo
- Pai: Beatriz Abad Villaverde

Membros da Comisión de Convivencia:

- Dirección: Rosario Astray Costoya
- Xefatura de Estudos: Fiz Rodríguez Carballo
- Docentes: Andrés Otero Manteiga, Ana M^a Carballeira Maceiras
- Nais: Pilar Midón Martínez, Vanesa Rey Regueiro
- Persoal de Administración e Servizos: M^a Jesús Villar Insua

Membros da Comisión de Comedor:

- Dirección: Rosario Astray Costoya
- Xefe de Estudos: Fiz Rodríguez Carballo
- Docentes: M^a Carmen Penedo Mosquera, Begoña García Barreiro
- Nais: Anabel Duro Liste, Raquel Ruza Pardal

2.3 PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN E DO EQUIPO DIRECTIVO

Os órganos de goberno e os órganos de participación no control e xestión do centro realizarán as reunións pertinentes para o cumprimento das súas funcións e desenvolvemento do seu traballo.

O calendario de reunións será polo menos de tres por curso, facendo coincidir a primeira co inicio do curso e a última co remate do mesmo. Tanto o Consello Escolar como o Claustro de profesores reuniranse tantas veces como se estime oportuno. O horario dos claustros será, na medida do posible, a partir das 17:30 horas dos martes nos que non haxa programadas outras reunións: Ciclos, Niveis, CCP, etc. Os Consellos Escolares celebraranse en día e hora que posibiliten a asistencia da maioría dos membros.

O plan de actuación do equipo directivo estará baseado no diálogo e o consenso para a toma de decisións e no traballo de xeito coordinado para o desempeño das súas funcións. Un dos obxectivos do equipo directivo será lograr o maior benestar de todos os membros da comunidade educativa, atendendo na medida do posible ás necesidades de cada persoa; sempre desde o respecto, a responsabilidade e a liberdade. Por outra banda tentarase que os espazos de traballo estean o máis ordenados e acolledores posible, para que se poida levar a cabo o traballo de maneira cómoda e agradable.

2.4 ESTATÍSTICA DE PRINCIPIO DE CURSO

-Alumnado matriculado no colexio: 361, **Anexo 1**

-Adscrición do profesorado: **Anexo 2**

2.5 INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

O estado das instalacións do centro é bastante variado pois o edificio inicial construíuse hai 43 anos, e conta cunha ampliación de hai uns 31. Os baños están vellos polo paso do tempo. As ventás que estaban en peor estado foron cambiadas pero segue habendo algunhas das antigas. Tamén as portas son moi velhas. En

canto ás aulas, atópanse en bo estado, aínda que parte do mobiliario está bastante deteriorado.

Contamos con outro edificio para educación infantil que foi feito no ano 2001, dentro do mesmo recinto escolar. Trátase dunha construción ben diferente á outra, corredores amplos, moita claridade, aulas con aseos no interior. Neste tamén se ubican neste curso os dous grupos de 2º de Primaria ademais da aula de música e a de Plástica.

En xeral o Concello vai pintando cada ano algunhas aulas e outros espazos e vai facendo as reparacións máis urxentes. Un dos maiores problemas co que nos atopamos é o mantemento diario. Ao tratarse dun centro grande, antigo, con moita zona verde e con moito alumnado, aparecen a miúdo tarefas que non da abordado o conserxe. Atopámonos con dificultades á hora de mover mobles, de facer certas reparacións... Neste senso hai que dicir que o concello nos envía, sempre que pode, persoal para acometer este tipo de traballos.

3 HORARIO XERAL DO CENTRO

3.1 CRITERIOS PEDAGÓXICOS, HORARIO DO PROFESORADO, ADSCRICIÓN

Contamos en Infantil con seis grupos e 8 mestras. Seis delas son titoras e as outras dúas apoios. Estes repártense entre as diferentes aulas atendendo ás maiores necesidades, impartindo ademais Psicomotricidade e levando a cabo o Programa de Estimulación da Linguaxe Oral.

En educación Primaria contamos con 14 mestres titores/as, un/unha para cada grupo. Unha destas, especialista en inglés, imparte esta materia en Infantil. Con respecto aos especialistas contamos con 2 de Educación Física, 2 de Pedagogía terapéutica, 2 de Audición e Linguaxe, un deles compartido co CEIP do Camiño Inglés, 1 de Educación Musical, e 2 profesores/as de inglés, unha das cales asume a dirección do centro e 1 de Relixión. Temos ademais unha Orientadora.

Algúns dos criterios que se tiveron en conta á hora de elaborar os horarios foron:

- Os proxectos cos que contamos, facendo que o profesorado que os promove coincida nas pertinentes horas de coordinación, para que poidan funcionar o mellor posible. Así: Plambe, Plurilingüismo, E-Dixgal, Voz Natura...

- Ao contar con dous edificios, tívose en conta que os especialistas cambien o menos posible para evitar retrasos no inicio das clases. Así mesmo procurouse que o profesorado que faga a garda de transporte nun edificio teña clase no mesmo á primeira hora.
- Cadráronse os horarios de E. Física para que non coincidan dúas clases ao mesmo tempo no pavillón e aula de psicomotricidade. Do mesmo xeito tamén se fixo con Relixión e Inglés, xa que comparten aula en Infantil e Primaria.
- Intentouse que nas titorías de Infantil houbera unha soa especialidade cada día.
- En Primaria procurouse repartir as especialidades de xeito equitativo entre antes e despois do recreo, aínda que non sempre foi posible.
- Dentro do que se puido, fíxose coincidir algunhas horas de dinamización entre o profesorado dun mesmo equipo.
- Buscouse entre todo o profesorado a igualdade en canto a horas de docencia e de garda.

O profesorado do Centro con horario dispoñible, realizará ademais das substitucións, outras actividades de dedicación ao centro. Estas inclúen apoio ou reforzo a alumnado que o precise, diversos traballos de dinamizacións da Biblioteca, de TICs, de Dinamización da lingua, de Actividades complementarias e extraescolares, de apoio en actividades puntuais de diversas celebracións.... O profesorado que forma parte do Departamento de Orientación manterá unha reunión mensual en horario os martes de 17:30 a 18:30. Así mesmo o equipo directivo tamén disporá dunha hora semanal para a súa coordinación.

Horario de profesorado de infantil e primaria: **Anexo 3**

3.2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE).

De conformidade disposto na actual Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio; e nos Decretos 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria e o 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o

currículo da Educación Infantil na nosa comunidade autónoma, entendemos a atención á diversidade como a capacidade de ofrecer a cada alumno/a o que precisa no momento en que o precisa, tendo en conta as súas diferentes características, necesidades, ritmos, preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais. Así, atenderemos á identificación temperá das dificultades e potencialidades excepcionais, e garantiremos os principios do Deseño Universal da Aprendizaxe, dando cumprimento ao desenvolvemento dos distintos plans e programas; difundindo os protocolos de atención educativa publicados pola Consellería e aplicando as medidas ordinarias e extraordinarias recollidas no Decreto 229/2011 de 7 de decembro e na Orde do 8 de setembro de 2021, que o desenvolve.

Asemade, dende o departamento de orientación, elaboraranse protocolos de detección, implementaranse programas de prevención e estimulación; e promoverase a sensibilización e formación do profesorado en metodoloxías inclusivas.

3.3 XORNADA ESCOLAR

- HORARIO DA XORNADA: DE 09:45 a 14:45 horas.
- DISTRIBUCIÓN HORARIA DE INFANTIL E PRIMARIA:

1ª sesión	09:45 – 10:40	55'
2ª sesión	10:40 -11:35	55'
3ª sesión	11:35 - 12:30	55'
recreo	12:30 – 13:00	30'
4ª sesión	13:00 - 13:55	55'
5ª sesión	13:55 - 14:45	50'

- **ENTRADAS E SAÍDAS**

Ás 9:35 abrírase o portal de entrada e os alumnos/as accederán ao recinto. O alumnado de infantil poderá entrar acompañado por alguén ata o seu patio, onde se colocarán en ringleira. O alumnado de primaria entrará só e irá directamente á aula sen facer fila. Os primeiros días poderán entrar acompañados os nenos e nenas de

1º e os de nova incorporación. As portas de acceso ás zonas pedagóxicas pecharanse aos dez minutos da hora de entrada, a partir dese momento o alumnado aportará unha xustificación, da causa da demora. O xustificante entregárase ao titor/a para o posterior control de faltas. O alumnado que chega tarde, en función da hora, do nivel e da clase que se estea a desenvolver, é posible que teña que esperar á seguinte sesión para acceder á aula.

Á saída o alumnado poderá ser recollido nas instalacións do centro polas persoas responsables. Para unha mellor organización o alumnado de 4º de Infantil sairá 5 minutos antes. O alumnado usuario do comedor, ata o nivel de 3º de Primaria, será recollido na aula polo persoal colaborador. O alumnado de 5º e 6º de E. Primaria poderá saír só do colexio, no horario previsto, sempre que os seus pais, nais ou titores legais, presenten ante a Dirección do centro unha autorización expresa ao respecto.

• VIXILANCIA DURANTE OS RECREOS

Neste curso como novidade todo o alumnado de Primaria fará o recreo en espazos comúns, xa non estará dividido por patios.

Cada día durante o recreo estarán tres mestres/as no patio de Infantil, e catro no de Primaria. Ademais haberá profesorado en distintos espazos do colexio para levar a cabo diferentes actividades nas que poden participar os nenos/as. Así os martes e os mércores haberá obradoiro de teatro no salón de actos e club de lectura na biblioteca, os luns e os venres ligas de deportes no pavillón, os xoves baile galego tamén no pavillón e os venres na aula de inglés Karaoke de cantos en inglés. Outro lugar dispoñible durante o recreo é a biblioteca que estará aberta todos os días para poder facer préstamos, devolucións...

Elaboráronse as quendas de atención durante o recreo nas que se establecen os diferentes grupos e das que dispón todo o profesorado ademais de figurar nos taboleiros informativos.

Anexo 4: Quendas vixilancia recreo

Anexo 5 : Cadro gardas recreo

- **GARDAS DE BIBLIOTECA**

Todas as tardes, excepto os venres, estará un profesor/a na biblioteca entre as 16:00 e as 18:00 horas. Cada mestre/a dispón do calendario coas quendas correspondentes, ademais de figurar nos taboleiros.

Anexo 6: Gardas de biblioteca

Anexo 7: Cadro gardas de biblioteca

- **VIXILANCIA DA ENTRADA DO CENTRO** (Orde 23 de xuño de 2011)

En cada porta dos edificios de infantil e primaria haberá 1 profesor/a que atenderá ao alumnado cando chega ao centro, seguindo as quendas establecidas. En cada corredor de Primaria tamén haberá profesorado organizando ao alumnado que vai entrando nas aulas. A directora atenderá a chegada dos autobuses. As quendas de garda estarán expostas nos taboleiros de anuncios de cada edificio.

Anexo 8: Quendas de vixilancia nas entradas

3.4 HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS / NAIS

O horario de atención aos pais/nais será os martes de 16:30 a 17:30 horas para todo o profesorado. O horario de atención de orientación concertarase mediante cita previa acordada entre a familia e o orientador.

3.5 HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DO EQUIPO DIRECTIVO

O horario de atención ao público do Equipo Directivo será tódolos días de 9:45 a 10:30 e de 14:00 a 14:45; fóra dese horario haberá que concertar cita previamente.

3.6 HORARIO DO PERSOAL NON DOCENTE

- Administrativa: Luns, mércores, xoves e venres de 9:00 a 15:00; martes de 9:00 a 15:00 e de 16:00 a 19:00

- Persoal de cociña: de 9:30 a 17:00 horas

- Conserxe: de 9:00 a 16:00 horas. Os mércores de 9:00 a 16:30 h e os martes de 9:00 a 18:30
- Limpeza: de 16:00 a 20:00
- Coidadora: de luns a venres de 09:30 a 15:45 horas

4.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

4.1 COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A comisión de coordinación pedagóxica conta cos seguintes membros:

- Presidencia: Rosario Astray Costoya
- Xefatura de Estudos: Fiz Rodríguez Carballo
- Coordinadora de Infantil: Ana M^a Otero Rendo
- Coordinadora de 1^o ciclo: Begoña Barreiro García
- Coordinador de 2^o ciclo: Miguel Sánchez del Río
- Coordinadora de 3^o ciclo: Paz López Buján
- Coordinadora de Dinamización da Lingua: M^a Carmen Penedo Mosquera
- Coordinadora de Biblioteca: Ana Belén López Raña
- Coordinadora TIC: Raquel Naveiro Otero
- Coordinadora de Actividades Extraescolares e Complementarias: Patricia Arcay Candal
- Pedagogía Terapéutica: Ana M^a Calviño Parga e Lorena Gende Pazos
- Audición e Linguaxe: Maite Lago Pérez
- Orientadora: Ana M^a Carballeira Maceiras

4.2 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Os compoñentes e a organización do departamento de orientación especifícanse no Plan de Orientación que se atopa no presente documento.

Anexo 9: Plan de Orientación**4.3 EQUIPOS DE CICLO / NIVEL**

Coa entrada da LOMLOE recuperamos a organización en ciclos. Cada equipo contará cun coordinador que recollerá e transmitirá os acordos e propostas dos seus compañeiros nos claustros, na CCP, nos equipos de traballo... Tamén estarán os especialistas que impartan clase neses niveis/ciclo. Reuniranse unha vez ao mes. Contaremos co ciclo de Infantil e 1º, 2º e 3º ciclo de Primaria composto cada un destes por dous niveis. Os coordinadores de ciclo son os que seguen:

Ciclo	Infantil	Ana M ^a Otero Rendo
	1º	Begoña Barreiro García
	2º	Miguel Sánchez del Río
	3º	Paz López Buján

4.4 OUTROS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN:

Equipo de Dinamización da Lingua	M ^a Carmen Penedo Mosquera
Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares	Patricia Arcay Candal
Equipo TIC	Raquel Naveiro Otero
Equipo de Biblioteca	Ana Belén López Raña
Equipo de Convivencia	Ana M ^a Carballeira Maceiras, que será ademais a persoa responsable de fomentar a igualdade entre homes e mulleres e a coordinadora de benestar.

Equipo Plurilingüe	Tamara Carreira Astray
Equipo E-Dixgal	María J. Fontenla Eiras

4.5 HORARIO DE COORDINACIÓNS

O horario de coordinación para todo o profesorado será os martes de 17:30 a 18:30 horas. Este horario distribuirase en función das necesidades e prioridades entre Claustros, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipos de ciclo, Equipo de Dinamización da lingua, Equipo de Biblioteca, Equipo de Convivencia, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e Equipo de TICs. Normalmente iremos rotando de maneira que o primeiro martes de cada mes se reúna a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o segundo martes os equipos de ciclo, o terceiro martes de mes os equipos das diferentes dinamizacións e o cuarto martes sería para claustros, consellos e outras reunións.

Os membros do departamento de orientación con destino no centro reuniranse unha vez ao mes, os martes de 17:30 a 18:30.

Dentro do horario de permanencia obrigada no centro o profesorado que non se dedique ás reunións anteriormente citadas, elaborará materiais para as diferentes actividades, preparará actividades de aula, actividades de formación do profesorado...

5. PLANS E PROXECTOS PARA ESTE CURSO

Vai ser este un curso de continuidade de proxectos que levamos a cabo no colexio dende hai tempo e de comezo doutros, sempre seguindo a tendencia que se recolle no noso Proxecto Educativo, de promover metodoloxías activas encamiñadas á adquisición dun aprendizaxe competencial.

5.1 PROXECTO PLURILINGÜE

Conscientes da importancia de aprender outras linguas para o desenvolvemento social e o futuro profesional do noso alumnado, nun mundo globalizado no que as

fronteiras se difuminan cada vez máis, pretendemos potenciar dende a etapa de Infantil o emprego do galego, castelán e inglés.

Este é o sexto curso como centro plurilingüe. A todo o alumnado de Primaria impárteselle a materia de plástica en inglés. Contamos ademais cunha auxiliar de conversa procedente de Estados Unidos.

5.2 PROXECTO E-DIXGAL

Partindo da realidade actual, na que as novas tecnoloxías forman parte da vida dos nosos nenos e nenas e de que a ensinanza en idades temperás ten un resultado inmediato na consecución da competencia dixital, pretendemos facilitarlle ao noso alumnado as competencias que lles sexan útiles para enfrontarse aos seus retos persoais, académicos ou profesionais no futuro. Queremos motivar, despertar o interese, ensinar activamente, utilizar estratexias e recursos próximos á súa realidade tecnolóxica. Con esta intención solicitamos este proxecto no que xa estamos por sexto curso consecutivo. Todos os nenos e nenas de 5º e 6º dispoñen dun ordenador para traballar.

5.3 PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Tradicional xa no centro é este plan para difundir e normalizar a nosa lingua. Con este obxectivo prográmanse moitas actividades ao longo do curso. En torno á figura de Luisa Villalta Gómez, quen se homenaxea no día das Letras Galegas, xirarán algúns dos traballos que se promoverán.

Anexo 10

5.4 PLAN ANUAL DE BIBLIOTECA - PLAN ANUAL DE LECTURA.

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro formou parte do PLAMBE dende as primeiras convocatorias. Cada curso seguimos a dinamizar este espazo, promovendo numerosas actividades e incentivando ao alumnado non só cara a lectura, senón cara a expresión escrita e oral e o desenvolvemento dun pensamento crítico e construtivo. A biblioteca é un polo creativo de lectura, información e aprendizaxe, fomentadora de metodoloxías de investigación e de traballos por proxectos . A nosa

biblioteca estará aberta durante os recreos e polas tardes de luns a xoves. A temática deste curso, para o proxecto integrado do centro é “ As Olimpíadas”.

Anexos 11 e 12

5.5 PLAN ANUAL DIXITAL

No curso pasado completouse a elaboración do Plan Dixital que terá un seguimento no actual. Continuaremos promovendo o uso das novas tecnoloxías e integrándoas no ensino. Por sexto curso estamos no Proxecto e-Dixgal, todo o alumnado de 5º e 6º conta con cadanseu ordenador. Dispoñemos dun carro cargador con 16 tablets para facilitar o seu uso e traslado polas aulas e con outro carro cargador da denominada Aula Móbil con ordenadores para transportar polas clases. Na aula STEAM levaranse a cabo actividades de tecnoloxía, robótica, ciencia...

Por outra banda seguirase dinamizando a páxina web e promovendo o uso da aplicación de comunicación coas familias, Abalar.

Anexo 13

5.6 PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

Consideramos fundamental a promoción do exercicio físico e dunha alimentación sá no noso alumnado que serán os adultos do mañá. Neste curso levaremos a cabo numerosas actividades enfocadas ao logro duns mellores hábitos de vida.

Anexo 14

5.7 PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como cada curso promovemos a participación do noso alumnado en múltiples actividades complementarias relacionadas co currículo educativo, algunhas delas teñen lugar no centro e outras fóra. Tratamos de formar aos nenos e nenas integramente e de dotalos das competencia para un pleno desenvolvemento persoal e social.

Anexo 15

5.8 PROGRAMA VOZ NATURA – HORTA ESCOLAR

Seguimos con este proxecto iniciado hai seis cursos, dando así continuidade ás actividades levadas a cabo ao longo destes cursos e con novas iniciativas, sempre coa finalidade de promover a concienciación medioambiental no alumnado e comunidade educativa en xeral. O proxecto deste curso leva por título “Coñecer e protexer o noso” e contempla unha serie de actividades para a adquisición de hábitos no alumnado, encamiñadas a construír unha sociedade futura próspera e sostible ambientalmente fomentando ademais o traballo por proxectos e en equipo. Unha parte importante deste proxecto ten como base a nosa Horta.

HORTA: a través do traballo na mesma pretendemos entre outras cousas motivar ao alumnado cara unha alimentación san e saudable. Continuamos co labor que se iniciou hai xa seis cursos e que tan boa acollida ten. Cultivaranse aqueles produtos máis axeitados á época do ano. Pretendemos, tamén a través da horta, promover unha aprendizaxe activa e motivadora ao mesmo tempo que experimental, da que obteñan os seus propios razoamentos. Ademais estamos promovendo unha agricultura ecolóxica e potenciando unha mellor alimentación. Volveremos a ofrecer á comunidade educativa as nosas colleitas e os cartos obtidos serán doados a ASANOG (Asociación de axuda a nenos oncolóxicos de Galicia).

Anexo 16

5.9 PLAN RECUPERA - PROA +

Continuamos con esta liña de reforzo, dentro do Plan Recupera para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º. Poderemos contar cun profesor/a para apoiar ao alumnado con máis necesidades, dos niveis mencionados. Para a selección de dito alumnado baseámonos nos informes individualizados que se emitiron ao final do pasado curso e nas avaliacións iniciais.

Son obxectivos deste programa:

- Lograr o éxito educativo do alumnado, facendo especial fincapé naquel en situación de vulnerabilidade socioeducativa, creando unha cultura que busque o éxito e a permanencia no sistema educativo.

- Reforzar mediante apoios o uso de metodoloxías activas e participativas, así como a aplicación de medidas organizativas ao alumnado que presente dificultades nas competencias en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia en aprender a aprender e competencias sociais e cívicas, ou presente áreas non superadas de cursos anteriores, prioritariamente as de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Matemáticas, ou que precise medidas de inclusión e axustes educativos dentro da aula ordinaria.
- Preparar ao alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria para a súa promoción á ESO mediante o desenvolvemento das competencias clave e mellora dos resultados académicos.

5.10 PROGRAMA ACOMPAÑA

Solicitamos este programa que ten como obxectivo entre outros actualizar e axustar as medidas de atención á diversidade, organizativas e de recursos, que garantan a educación inclusiva nas primeiras etapas educativas.

Os centros participan nesta convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, en función do número de alumnado NEAE e do número de profesorado de PT e AL no centro. Se nolo conceden contaríamos cun profesor/a máis da especialidade de AL.

5.11 PROXECTO: CONTRATO PROGRAMA

Solicitamos de novo o Contrato Programa, como vimos facendo dende hai varios cursos, nas súas dúas versións CP Innova e CP Inclúe. Para isto partiuse da elaboración dun Plan de Mellora coa finalidade de analizar as necesidades específicas do noso centro.

CP Innova: Dentro das modalidades existentes, nós solicitamos as denominadas EDUinnova, EDUsaúde e EDUsostibilidade.

1. EDUinnova

Esta modalidade incorpora metodoloxías activas e innovadoras que sitúan ao alumnado como protagonista da súa aprendizaxe, favorecendo o desenvolvemento máximo das súas capacidades, e fomentando o traballo en equipo. Estas

innovacións metodolóxicas incidirán na adquisición dalgunha das seguintes competencias clave: Competencia en comunicación lingüística (CCL), Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM) ou Competencia dixital (CD).

No noso caso incluimos neste apartado o proxecto “Dos Orillas” que xa se levou a cabo no centro hai dous cursos. Trátase de levar a cabo un intercambio virtual e postal co colexio Royal Palm Elementary de Miami (USA). Este programa pretende aumentar a motivación do alumnado, lograr unha aprendizaxe da lingua estranxeira significativa e efectiva, potenciar as habilidades do alumnado no ámbito dixital e promover unha educación para a cidadanía global.

Será co alumnado de 5º e haberá unha reunión mensual entre ambos colexios por videoconferencia.

2. EDUsaúde

Conxunto de actividades, medidas organizativas e/ou metodolóxicas deseñadas para o fomento dos hábitos de vida saudables do alumnado durante o horario lectivo. Con esta modalidade preténdese, por unha banda, que o alumnado adquira hábitos alimenticios saudables e, por outra, que incremente a actividade física efectiva desenvolvida ao longo do día, dentro do horario lectivo. Todo elo, máis alá das áreas, materias ou módulos específicos.

No noso centro levaremos a cabo charlas e obradoiros "Sana hoxe, Vive mañá", impartidas por unha nutricionista coa colaboración do profesorado. Neste caso irán destinadas ao alumnado de 2º ciclo para fomentar conductas saudables.

3. EDUsostibilidade

Trátase de medidas organizativas, metodolóxicas ou actividades deseñadas para que o centro educativo evolucione cara a un funcionamento ambientalmente responsable, e desenvolva unha educación práctica para o desenvolvemento sostible, que impulse a concienciación e a adquisición de hábitos no alumnado, encamiñados a construír unha sociedade futura próspera e sostible ambientalmente.

Nós creamos as Ecopatrullas co alumnado voluntario do 3º ciclo, para levar a cabo durante os recreos accións de desenvolvemento sostible no centro: apagar luces, pechar ventás e portas, recoller lixo para reciclar...

CP Inclúe: As modalidades que levaremos a cabo serán as seguintes:

1. Queda-T

Levaranse a cabo diversas actividades tendentes a mellorar a adquisición das competencias clave no alumnado, aumentar as posibilidades de éxito escolar no ensino obrigatorio, fomentar a participación de todos os nenos e nenas nas actividades do centro, potenciar a motivación e o interese por continuar os estudos.

As actividades contempladas son: Obradoiros de lectura teatral, representación de obras de teatro, lectura de contos por parte do alumnado maior ao alumnado de Infantil e 1º Ciclo nas súas aulas, programa Let's Sing a Song, con cantos karaoke en inglés.

2. Iguala-T

Desenvólvense accións que interveñen no fomento da coeducación, isto é, a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; a prevención, a detección e o tratamento da violencia; e a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual e de xénero.

A actividade concreta que se levará a cabo será un Scape Room de igualdade de xénero, para o alumnado do 3º ciclo, para fomentar valores e concienciar ao grupo participante.

3. Inlue-T

Trátase de medidas para fomentar e mellorar a inclusión nos centros educativos, dirixidas á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo...

No noso caso contemplamos nesta liña a iniciación do Proxecto "Patios Inclusivos". As actividades previstas son: Liguillas deportivas e iniciación ao baile galego durante os recreos, dotación de elementos naturais nos patios e pintado de parte do muro do patio do 3º ciclo.

4. Emociona-T

Desenvolveranse accións para a mellora da competencia socioemocional, que redunde no benestar emocional persoal e social e na súa calidade de vida, en

liña coa Estratexia Galega de Convivencia Escolar, Educonvives 2025.

A actividade concreta a realizar sería o "MURAL DAS EMOCIÓNNS". Consiste no pintado do muro perimetral dianteiro do colexio, mantendo as instalacións, potenciando a identidade do centro e creando unha atmósfera chea de enerxía para a entrada á escola. Participaría o alumnado, sobre todo do 3º ciclo, desenvolvendo e coñecendo as súas propias emocións e as dos demais a través do debuxo e a cor.

5.12 BIBLIOTECA CREATIVA

Solicitamos o proxecto Biblioteca Creativa, amparado polo Plan LÍA 2021/2025 de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe). Entre os seus obxectivos xerais está o de avanzar no modelo de biblioteca escolar deseñada como laboratorio creativo de aprendizaxes na que cobren presenza os multialfabetismos, a creatividade, a expresión, a comunicación e a colaboración como garantes dunha formación adaptada ás necesidades do século XXI.

5.13 CLUB DE LECTURA

Solicitamos de novo a participación na convocatoria do Club de Lectura dentro do Plan LÍA 2021-2025 de bibliotecas escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe). No pasado curso xa puxemos en marcha o club de lectura sendo un éxito, aínda que fóra da convocatoria específica. Trátase dunha das fórmulas de maior interese para o fomento do hábito da lectura, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar aos lectores e lectoras destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquiredanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas.

5.14 LECTURA E FAMILIAS

Solicitamos a participación no programa Lectura e Familias, no contexto do Plan LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), para promover a lectura e o uso responsable da información entre os distintos sectores da comunidade educativa. Búscase estimular o deseño e desenvolvemento de iniciativas que favorezan a

participación das familias en actividades da biblioteca escolar, coa finalidade de que poidan, á súa vez, intervir con mellores recursos e eficacia na formación dos seus fillos e fillas como persoas lectoras e usuarias de información.

5.15 PLAN PROXECTA

Convencidos de que o benestar físico e emocional do alumnado é decisivo para a consecución dunha aprendizaxe efectiva, e máis despois dunha pandemia, queremos incentivar a actividade física e os hábitos de vida saudable para sentirnos mellor. Solicitamos participar no Proxecto de Vida Activa e Deportiva dentro do Plan Proxecta, tanto na modalidade XOGADE coma con outras actividades. Levaremos a cabo diferentes propostas que aporten novos recursos e alternativas de práctica que enriquezan o tempo de lecer do noso alumnado fomentando ao mesmo tempo o consumo de froita durante os recreos.

O programa Xogade combina o factor deportivo e competitivo (escolar e federado) co factor lúdico e participativo e vai destinado aos escolares de todos os centros educativos de Galicia. Mediante este programa participaremos xunto con outros centros en carreiras de atletismo de campo a través, por fases e categorías.

5.16 PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS

Levamos varios cursos participando neste programa que solicitamos de novo. No actual curso engadimos unha nova petición, unha charla sobre a adicción aos videoxogos. Ao longo do curso terán lugar cinco charlas impartidas pola Garda Civil para o alumnado de 5º e 6º. Serán sobre: Ciberseguridade, Violencia sobre a muller, Acoso/Ciberacoso escolar, Protección da natureza e a anteriormente nomeada Adicción aos videoxogos.

5.17 PROGRAMA FOGGA

Levamos xa varios cursos participando no programa do FOGGA da froita escolar, polo que o alumnado dispón de froita nos recreos. Neste curso solicitamos ademais,

como xa o fixemos no pasado, o leite, de maneira que durante unha parte do curso terán a opción de tomar este produto no recreo.

5.18 WEBS DINÁMICAS

Formamos parte do proxecto de WEBS DINÁMICAS coa configuración da ferramenta MOODLE como aula virtual. Isto permite que o profesorado dispoña dun espazo onde poida colgar os seus recursos e actividades, ou mesmo empregalo como lugar de intercambio e comunicación. Da mesma maneira pode dar aloxamento a traballos cooperativos do alumnado e múltiples usos máis.

5.19 PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Neste curso a maioría do profesorado participará nun PFPP que leva por título “Os Polos creativos dende unha perspectiva DUA”. Inclúe un Seminario e un Curso. Entre os seus obxectivos están o de formarse en DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) e metodoloxías activas, ou o de coñecer o funcionamento e aplicación do material de Polos creativos.

Amáis disto a formación do profesorado será maioritariamente feita a través dos cursos convocados pola Consellería de Educación. Cursos como: “Aproximación aos novos currículos”, “Posta en práctica da acción tutorial”, “Xestión da aprendizaxe con moodle”...

5.20 ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLA ANPA

As actividades propostas pola ANPA para este curso, serán os días que se especifican a continuación en horario de 15:45 a 16:45 :

- Baile galego: martes
- Multideporte: martes e xoves
- Inglés: mércores e venres

Ademais dispoñen de Ludoteca entre as 15:45 e as 17:45.

Tamén se ofreceron as actividades de Zumba/Baile moderno e Divertidanza nas que polo momento non se apuntaron nenos/as suficientes para levalas a cabo.

6. CALENDARIO ESCOLAR

6.1 DÍAS NON LECTIVOS

A Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 establece para o presente curso o seguinte calendario escolar:

Vacacións de Nadal: desde o día 2 de decembro de 2023 ata o día 7 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.

Antroido: días 12, 13 e 14 de febreiro de 2024.

Vacacións de Semana Santa: desde o día 25 de marzo ata o 1 de abril de 2024, ambos inclusive.

O claustro propón a petición como días non lectivos do 13 de outubro e o 20 de maio por conveniencia pedagóxica, tal e como establece a lexislación.

6.2 CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

1º TRIMESTRE:

- INFANTIL: 11 de decembro
- 1º, 2º e 3º: 12 de decembro
- 4º, 5º e 6º : 13 de decembro

2º TRIMESTRE:

- 1º, 2º e 3º: 18 de marzo
- 4º, 5º e 6º : 19 de marzo
- INFANTIL: 20 de marzo

3º TRIMESTRE:

Todos os grupos o día 24 de xuño.

7. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

7.1 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO TRANSPORTE ESCOLAR

O transporte escolar do Centro dá servizo a un total de 157 alumnos/as de Educación Infantil e Primaria. Contamos con acompañantes nas seis rutas realizadas ao Colexio. Tres das rutas son de transporte integrado polo que poden facer uso das mesmas persoas adultas.

A Dirección do Centro será quen coordine a todos os sectores implicados no transporte: alumnado, familias, transportista e Consellería.

Para o presente curso pretendemos:

1. Velar polo correcto funcionamento evitando posibles irregularidades no transporte escolar.
2. Dar a coñecer as normas coas que previr e regular a seguridade e a convivencia no transporte
3. Recoller propostas de modificación de itinerarios e tramitalas no seu prazo.

NORMAS DE SEGURIDADE E CONVIVENCIA

Estas normas van destinadas a potenciar a seguridade e a convivencia do alumnado transportado.

1. Só se poderán utilizar aqueles autobuses autorizados pola Consellería.
2. En cada autobús soamente poderán viaxar o número de escolares asegurados segundo a relación da Consellería para o presente curso.
3. Os autobuses aparcarán no Centro na zona delimitada coas portas cara as beirarrúas.
4. Os percorridos faranse tal como se indica nas follas dos distintos itinerarios. A empresa non pode modificalos.
5. Todos os autobuses procurarán chegar ao Centro cunha antelación máxima de 10 minutos sobre a hora de comezo da xornada escolar.
6. Os familiares do alumnado que non vaia a retornar no autobús, deberán avisar á persoa acompañante. Se o alumnado non vai facer uso do servizo con determinada periodicidade, deberá informar mediante escrito ao centro.

7. O acompañante é o responsable da seguridade e da disciplina do alumnado durante os traxectos. Por esta razón o alumnado débelle obediencia e respecto.
8. Cada alumno/a terá delimitado o seu asento no autobús para todo o curso. Así evítanse pelexas e présas por subir ao mesmo. Calquera modificación autorizaráa o acompañante.
9. A persoa acompañante encargárase da recollida e acompañamento do alumnado desde e ata o interior do recinto escolar.
10. Os alumnos/as irán debidamente sentados e só se erguerán para baixar cando o autobús estea totalmente parado.
11. Os autobuses farán as paradas nas zonas delimitadas extremado ao máximo a seguridade nas mesmas.
12. O alumnado agardará nas paradas sen ocupar as zonas de estacionamento e só se achegarán ao autobús cando estea totalmente parado.
13. As subidas e baixadas faranse con orde, sen présas, evitando atropelos e empuxóns, dando prioridade aos máis pequenos.
14. Os condutores non arrincarán mentres non estean seguros de que subiron todos os alumnos/as. Estes informarán ao acompañante da ausencia dalgún compañeiro ou compañeira.
15. Se á saída do Centro se atrasa algún autobús, o alumnado correspondente agardará dentro do recinto escolar e permanecerá nel ata que o vehículo chegue. O conserxe procurará anticiparse a esta situación e avisar aos alumnos/as correspondentes.
16. O alumnado non cruzará nin por diante nin por detrás dos autobuses. Agardarán nas beirarrúas ata que estes se vaian.
17. Se por causa xustificada o autobús non puidese facer a parada no lugar establecido, o condutor recollerá ou deixará aos alumnos/as correspondentes nun lugar o máis seguro e próximo posible, extremado ao máximo a seguridade.
18. Os alumnos/as procurarán non molestar ao condutor/a, evitarán berros e ruídos innecesarios e respectarán os asentos e a limpeza do autobús.

CONVIVENCIA E DISCIPLINA: As normas de convivencia e disciplina no transporte escolar son as mesmas que rexen a vida escolar, estipuladas no NOFC e Plan de Convivencia. Destacamos o respecto como norma básica. Ademais recordamos a solidariedade, a axuda mutua, sobre todo na previsión de perigos cos compañeiros e compañeiras máis pequenos e os que teñan dificultades de calquera tipo.

PROCEDEMENTOS DE CONTROL: Segundo circular da Consellería corresponde á Dirección do Centro o control de posibles irregularidades ou incumprimentos no transporte escolar, quen os comunicará ao servizo de Recursos Educativos Complementarios da Consellería de Educación.

PROCEDEMENTO XERAL: Calquera membro da Comunidade escolar (alumnado, pais, profesorado, conserxe, empresa e condutores) pode comunicar á Dirección calquera irregularidade ou incumprimento no transporte escolar

7.2 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

7.2.1 PERSOAL :

- **Dirección:** Rosario Astray Costoya
- **Encargada:** Lorena Gende Pazos
- **Persoal de cociña:** Laura Vaamonde Maroño
Isabel Iglesias Beis
Santiago Fernández Ordoñez
Concepción Mella Pérez
- **Nais/pais colaboradores:**
Mónica Costa Cepeda
Vanesa Fuentes Raña
Patricia Puente Couto
Vanesa Rey Regueiro
Beatriz Villaverde López
M^a Jesús Dono Couselo
Anabel Duro Liste
Begoña Iglesias Alonso

M^a José López Platas
M^a Luz Mosquera Rey
Flor Rangel Hernández
Raquel Ruza Pardal

Ademais contamos cunha lista de persoas que se anotaron máis tarde que tamén colaborarán:

Patricia Souto Rodríguez
Noelia García Moure
María Sánchez Pallas
Victoria Petruta
Raquel Pina Sánchez
Elena Ciocirlan
Ana Pavel
Rosa Moros Zambrano
Eladio Gómez Barreiro

Comensais:

Neste curso estarán comendo á vez 285 alumnos/as, dos que 130 non son transportados. Entrou practicamente todo o alumnado que o solicitou no seu momento, tendo en conta que unhas cinco familias renunciaron para permitir a entrada doutros nenos/as. A estes hai que sumarlle os comensais adultos; persoal de cociña, persoal colaborador, cuidadora, encargada e directora. A capacidade do noso comedor é de 295 prazas e neste momento non contamos con prazas libres.

7.2.2 FUNCIONAMENTO

As normas que rexen o seu funcionamento son as seguintes, sen prexuízo de que se establezan outras ao longo do curso se fora necesario:

1. Os principios, as normas e a disciplina son os mesmos que rexen a vida escolar, estipulados no NOFC e Plan de Convivencia.
2. Os/as alumnos/as deben respectar e obedecer ao persoal colaborador e solicitar a súa atención cando a necesiten

3. O persoal colaborador debe respectar e atender ao alumnado. Preocuparanse por atendelos e axudalos a solucionar problemas de convivencia
4. Os comensais presentaranse nas debidas condicións hixiénicas, especialmente coas mans lavadas.
5. Os comensais serán respectuosos coa comida e cos utensilios e procurarán deixar limpo e recollido o lugar onde comeron.
6. Os comensais procurarán permanecer nos asentos coa debida compostura, atendendo as indicacións da encargada e demais persoal colaborador en canto á adquisición de hábitos alimentarios e convivencia.
7. Todos nos esforzaremos en reducir os ruídos. O alumnado fará as solicitudes coa man erguida.
8. Os alumnos/as que utilizan o comedor non poden saír do recinto escolar sen o permiso do/a encargado/a ou da directora, e sempre acompañado dos pais, ou persoa responsable.
9. Os alumnos/as que non utilizan o servizo de comedor, non deberán estar no colexio en horario de mediodía.
10. As quendas de vixilancia do persoal colaborador serán elaboradas pola encargada, comunicadas a cada quen e expostas no taboleiro do comedor.
11. Os lugares de vixilancia e asistencia do persoal colaborador distribuiranse de xeito que cubran os distintos espazos ocupados polo alumnado. Os días de chuvia estarán nos patios cubertos e non poderán facer uso dos balóns.
12. En caso de urxencia, accidente ou enfermidade, a encargada ou persoal colaborador encargarse de chamar aos pais ou ao médico. O listado de teléfonos de urxencia está na conserxería e na dirección.
13. En caso de conflito, o persoal colaborador avisará á encargada. Ademais comunicaranlles as faltas de convivencia do alumnado e outras incidencias.
14. Así mesmo, o persoal colaborador prestará especial atención aos xogos, actos violentos e situacións perigosas para a integridade física do alumnado, cortando de raíz calquera actividade deste tipo .

15. Tanto o persoal colaborador coma o alumnado deberán coñecer estas normas e esforzarse en cumprilas, polo tanto estarán expostas no taboleiro para o seu coñecemento por parte de toda a comunidade educativa.

7.2.3 HORARIO

O servizo de comedor funciona a partir das 14:45 ata as 15:45 horas. Os mércores prolongarase ata as 16:30. O alumnado estará vixiado e asistido polo persoal colaborador.

7.2.4 ORGANIZACIÓN DA VIXILANCIA DO COMEDOR E PATIOS

O persoal colaborador encargarse de:

1º Levar ao comedor ao alumnado de infantil e 1º, 2º e 3º de Primaria.

2º Axudar e vixiar dentro do comedor

2º Organizar e vixiar os patios.

3º Atender ao alumnado enfermo ou accidentado.

Ademais entregarán ás familias ao alumnado non transportado no horario correspondente e acompañarán ao alumnado de transporte ata os/as acompañantes dos autobuses.

7.2.5 MENÚS:

Estarán compostos de:

- Primeiro prato

- Segundo prato

- Sobremesa

Os menús colgaranse na páxina web e estarán expostos no taboleiro de anuncios.

7.2.6 ORZAMENTO

O Orzamento do comedor axustarase aos ingresos e ao remanente co que conta, e será investido na compra de alimentos e outras necesidades propias do comedor, procurando adquirir aqueles produtos que ofrezan a mellor relación calidade-prezo, dentro das posibilidades do mercado.

As contas do comedor serán presentadas á comisión económica e valoradas polo Consello Escolar.

7.2.7 PROTOCOLO DO COMEDOR

1. Organización do servizo

1.1. O servizo de comedor escolar comprenderá o período desde o remate da xornada lectiva de mañá, 14:45, ata as 15:45 h. os luns, martes, xoves e venres e ata as 16:30 h. os mércores.

1.2. Cando o número de persoas colaboradoras exceda as necesidades de vixilancia do comedor correspondente, o consello escolar poderá establecer quendas rotatorias con indicación dos períodos en que o citado persoal desenvolva as súas funcións.

1.3. O persoal, docente ou non, que participe voluntariamente na tarefa de atención ao alumnado no servizo de comedor escolar non poderá abandonala, a non ser por causa xustificada, e sempre con coñecemento e autorización da dirección do centro.

1.4. O persoal colaborador no servizo de comedor escolar deberá chegar ao centro antes das 13:45 horas e deberá atender aos alumnos/as ata que as súas familias os recollan e/ou estes sexan transportados ao rematar a xornada.

1.5. O profesorado que imparta docencia ao alumnado de infantil que utilice o servizo de comedor escolar, deberá procurar que antes do remate da xornada lectiva, vaian ao baño e teñan recollido o seu material para que poidan ser recollidos polo persoal colaborador do comedor e situarse no lugar onde deberán reunirse para dirixirse, acompañados polo citado persoal, ao mesmo. A orde de recollida será a seguinte:

- 3 anos ás 14:30 horas

- 4 e 5 anos ás 14:35 horas
- 1º, 2º e 3º ás 14:40 horas

1.6. O reparto de tarefas para as colaboradoras será o seguinte:

- Comedor pequeno (3 e 4 anos): 3 persoas, unha destas atenderá a porta a partires das 15:25, momento no que empezan a marchar os nenos/as de 4 e 5 anos.
- Comedor grande (5 anos e primaria): 2 persoas para 5 anos, 2 persoas para 1º, 2 persoas para 2º/3º, 2 persoas para 3º/4º e 1 persoa para 5º/6º.

1.7. O alumnado de Infantil non transportado de 4 e 5 anos, sairá pola porta de biblioteca e pola porta principal respectivamente ás 15:25, o alumnado de 3 anos sairá pola porta principal ás 15:30. Con eles sairán os irmáns maiores. O alumnado de Primaria non transportado sairá pola cancela principal ás 15:45, os mércores 16:30, despois de ter subido ao autobús o alumnado de transporte.

1.8. Todos/as os comensais irán saíndo ao patio, acompañados polo persoal colaborador, cando este ou a encargada do comedor o estimen a partires das 15:20. A distribución do alumnado por patios será a mesma que nos recreos.

1.9. Os días que hai no centro actividades programadas pola ANPA un membro da mesma ou persoal en quen deleguen recollerán aos inscritos nelas.

1.10. O persoal colaborador fará filas para cada ruta de autobús ademais dunha co alumnado non transportado. Cando soe o timbre, entregarán cada fila á/ao acompañante do autobús correspondente. A Ruta 6 e o alumnado non transportado fará a fila no patio 3 e sairá pola porta principal.

1.11. O alumnado usuario do servizo de comedor non poderá ir ás súas aulas á volta de xantar, polo que deberán deixar a súa mochila no lugar establecido a tal fin e así evitar que os alumnos teñan que deambular polo centro. Excepcionalmente, no caso de que un alumno ou alumna teña que ir á súa aula, deberá facelo acompañado dun colaborador/a ou co permiso da encargada ou directora.

1.12. As dependencias que se poderán utilizar ao rematar o xantar son os patios de Primaria e de Infantil. Os mércores, que é cando saen máis tarde, se chove poderán ver unha película no salón de actos ou ir á biblioteca que abre a partir das 16:00 horas e está atendida por profesorado.

1.13. O horario de comedor é horario escolar, tan só poderán ser recollidos polos seus pais, nais ou titores por causa xustificada. A comunicación de calquera cambio ou situación da recollida debe ser comunicado por escrito ao centro.

2. Funcións do persoal colaborador:

2.1. Acompañar e atender aos alumnos/as no centro e desde o centro ao servizo de transporte.

2.2. Cumprir co labor de coidado e atención ao alumnado do servizo de comedor escolar.

2.3. Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.

2.4. Axudar aos alumnos e ás alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.

2.5. Informar ao equipo directivo do centro de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel propoña e desenvolva as medidas oportunas para arranxar a situación.

2.6. Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.

2.7. En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentárase a colaboración do alumnado a partir de 5º de primaria, sen que iso supoña, a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.

2.8. Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto establece a Consellería de Educación.

8.PLAN PERÍODO DE ADAPTACIÓN ALUMNADO INFANTIL

A organización do período de adaptación para o curso 2023-2024 do alumnado de 4º de infantil será dunha semana (do 11 ao 15 de setembro) tal e como se recolle na

Orde de 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023-2024.

As medidas pedagóxicas para este período son unha incorporación gradual de permanencia no centro para que as nenas e os nenos se vaian adaptando a un novo medio, ao centro, á aula, e para que poidan ir coñecendo aos compañeiros e compañeiras e a súa titora, persoa de referencia ao longo do ciclo.

As medidas organizativas adoptadas para este período:

- O luns 11 distribuirase o alumnado en dous grupos e asistirá ao centro cada grupo 1 hora.
- O resto dos días da semana virá o alumnado incrementando o tempo de permanencia do centro.

LUNS 11	MARTES 12	MÉRCORES 13	XOVES 14	VENRES 15
2 grupos	Todos	Todos	Todos	Todos
1 h cada grupo	1h-1/2	2 h	3 h	4 h
	10:00-11:30	10:00-12:00	10:00-13:00	9:45-13:45

As familias serán informadas desta organización nunha reunión previa ao inicio de curso.

9.PLAN PARA A POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS

É evidente que a relación Familia / Escola resulta fundamental para contribuír ao desenrolo integral dos nenos/as. A educación é unha tarefa compartida entre pais/nais e profesores/as.

No colexio tentamos establecer unha acción conxunta e coordinada coas familias de maneira que contribúa na mellora intelectual, social e emocional dos alumnos/as. Estamos convencidos de que esta acción conxunta dos dous contextos principais do alumnado conducirá á súa estimulación, aumentando a autoestima, o rendemento escolar e as capacidades actitudinais.

Para establecer un contacto estreito coas familias é fundamental o fluxo de información. Para iso organizamos reunións conxuntas ao principio de curso e individuais ao longo do mesmo. En Infantil de vez en cando as familias son invitadas a participar en actividades da clase e todas estas son plasmadas en blogs para facer partícipes aos proxenitores do traballo da aula. Tamén se mantén comunicación coas familias por medio da aplicación Abalar, telefonicamente ou por correo electrónico, ademais das axendas escolares. Frecuentemente certas familias son convocadas para reunións no departamento de Orientación nas que ademais do titor están presentes o orientador/a, a xefa de estudos ou a directora.

A páxina web e a aula virtual son outros medios de información importante para as familias nas que seguen as actividades dos seus fillos/as no centro.

Por outra banda en determinadas festas as familias son invitadas ao colexio nunha xornada de portas abertas como no Antroido ou a finais de curso.

10.CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de convivencia do centro foi elaborado no curso 2016/2017. Cada ano promovemos actividades co obxectivo de formar ao alumnado en todas as facetas e facer uns adultos do mañá tolerantes, respectuosos e xustos.

Anexo 15

11. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

O obxectivo principal deste plan é facer fronte a calquera incidencia que afecte á seguridade do alumnado, profesorado e demais persoas, así como ás instalacións escolares.

11.1. PLAN DE EVACUACIÓN DE EMERXENCIA

O Centro conta con saídas de emerxencia debidamente sinalizadas. Estando tamén sinalizados os traxectos a seguir. En caso de emerxencia seguiranse os seguintes pasos para evacuar os edificios:

EDIFICIO PRINCIPAL

- Planta baixa: Os alumnos/as que estean no Dpto. de Orientación ou na aula STEAM sairán por esta orde, pola porta de acceso ao salón de actos, ata o patio de forma ordenada e ocuparán o espazo prefixado (pista de fútbol).

- O alumnado que estea nese momento na biblioteca ou no comedor Infantil sairá polas escaleiras da zona norte ata o patio dous.

- Planta alta: Para a evacuación da planta alta seguiranse tres vías:

Primeira vía: (Escaleiras zona norte): Os alumnos/as das aulas 9, 10, 11, 12, 13 e 14, PT e AL sairán ordenadamente polas escaleiras da zona norte ata o patio 2.

Segunda vía: (Escaleiras centrais): Os alumnos/as das aulas número 7, 8, 6, 5 sairán por este orde polas escaleiras centrais ata a pista de fútbol.

Terceira vía: (Escaleiras de emerxencia): Os alumnos/as das aulas número 4, 3, 2 e 1 sairán por esta orde polas escaleiras de emerxencia ata o aparcadoiro do profesorado.

EDIFICIO INFANTIL

- Planta baixa: Para a evacuación desta planta seguiranse dúas vías.

Primeira vía: Os alumnos/as das aulas número 1, 2, 3, 7 e 8 sairán nesa orde pola porta 1 ata o patio de infantil e colocaranse nos espazos prefixados.

Segunda vía: Os/as alumnos/as das aulas número 4, 5, 6 e 9 sairán por esta orde pola porta 2 ata o patio de infantil. Os alumnos/as que se atopen na Aula Polivalente, sairán pola porta 2 ao mesmo patio.

- Planta Alta: Para a evacuación da planta alta os alumnos/as que se atopen nesas aulas, baixarán as escaleiras en orde e sairán pola porta 2 ata o patio.

O profesor/a de cada aula (o que se atope nese momento) procederá a organizar aos alumnos/as para realizar a saída, encargarse de que respecten a súa quenda e de que a fagan de xeito ordenado sendo este/a o/a último/a en abandonar a aula.

O conserxe ou persoa que detecte a emerxencia fará soar o timbre de xeito intermitente e continuado.

O profesorado que non teña clase neses momentos e demais persoal, poñeráse inmediatamente a disposición do plan, axudando e facilitando a evacuación para

facela o máis fluída e ordenada posible, especialmente nos puntos conflictivos: escaleiras e portas.

Ao longo do curso realizarase un simulacro de evacuación no que participará todo o colexio.

COMEDOR Para a evacuación do comedor en caso de emerxencia procederase do seguinte xeito:

Unha vez detectada a emerxencia o/a encargado/a e demais persoal colaborador organizarán a saída polas dúas portas de emerxencia. Os comensais sairán pola porta máis próxima seguindo a quenda da que se lles informará ao comezo do servizo. As cociñeiras farano pola porta da cociña.

Anexo 16

11.2 USO DO BOTIQUÍN ESCOLAR

A utilización dos botiquíns réxese polo seguinte regulamento: Nos botiquíns atenderase a aqueles alumnos/as que sufran algún accidente ou enfermidade. Se precisasen atención médica, avisarase ás familias, e se estes non puidesen recollelo, levarase a un centro asistencial, acompañados preferentemente do seu titor/a ou outro mestre tanto en E. Infantil como en E. Primaria. Na conserxería figura o teléfono do centro médico e teléfonos dos pais/nais dos alumnos/as. A súa utilización rexerese polas seguintes normas:

- O alumnado non accederá só ao botiquín
- O alumnado que o precise será atendido polo titor/a ou por un profesor/a de garda.
- Ao alumnado non se lle pode administrar ningún medicamento (agás curas). Unicamente se poderán administrar naqueles casos de prescrición médica, previa autorización dos pais.
- Durante o horario de recreo, correspóndelles aos profesores/as de garda atender aos alumnos/as enfermos e accidentados.
- No botiquín seguiranse as medidas hixiénicas seguintes:
 - En caso de feridas empregar luvas.
 - Sempre que se utilicen tesoiras, pinzas ou termómetro hai que limpalos con alcohol.

11.3 SEGURIDADE DO ALUMNADO

De acordo coa lexislación vixente e pola seguridade dos propios alumnos/as, ningunha persoa poderá acceder aos espazos didácticos, incluídos corredores durante as horas de clase, sen a debida autorización.

O alumno/a só poderá abandonar o centro en horario escolar, sempre que se fagan cargo del os pais ou persoa debidamente autorizada, despois de cumprimentar a autorización na conserxería.

12. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

As instalacións do centro están abertas á utilización da comunidade educativa, sempre que sexa fóra do horario lectivo, previa solicitude á dirección do centro, quen dará autorización sempre que non se altere o normal funcionamento do mesmo.

Para a súa utilización por parte da ANPA, facilitarase sempre a súa dispoñibilidade, do mesmo xeito que para organizar actividades extraescolares ao remate da xornada escolar. Para os colectivos que non pertencen á comunidade educativa, deberán presentar a solicitude ante a dirección do centro, quen solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á xefatura territorial de educación. Esta decidirá oído o informe da inspección educativa. Para uso ocasional a directora poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

13. DOCUMENTOS VIXENTES NO CENTRO

- Proxecto Educativo do Centro
- Concreción Curricular
- Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia
- Plan de Convivencia
- Plan de Igualdade
- Plan de Atención á Diversidade

- Plan de Acción Titorial
- Proxecto Lingüístico de Centro
- Plan Estratéxico de Mellora
- Plan Dixital
- Plan de Biblioteca
- Plan de Lectura
- Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables
- Plan de Autoprotección

Sigüeiro, 11 de outubro de 2023

Valorada na reunión do Consello Escolar do 24 de outubro de 2023

13.ANEXOS

- 1.- Alumnado matriculado no colexio
- 2.- Adscrición do profesorado
- 3.- Horario do profesorado de E.Infantil e Primaria
- 4.- Quendas de vixilancia de recreo
- 5.- Cadro gardas de recreo
- 6.- Gardas biblioteca
- 7.- Cadro gardas biblioteca
- 8.- Quendas de vixilancia nas entradas
- 9.- Plan de Orientación
- 10.- Proxecto de Dinamización da Lingua Galega
- 11.- Plan Anual de Biblioteca
- 12.- Plan Anual de Lectura
- 13.- Plan Anual Dixital
- 14.- Plan Anual de Actividades Físicas e Hábitos saudables
- 15.- Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares
- 16.- Programa Voz Natura – horta Escolar
- 17.- Concreción do Plan de Convivencia
- 18.- Plan de Evacuación
- 19.- Libros de texto

Anexo 1



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

ACTUALIZADO 18/10/2023

MATRÍCULA CURSO 2023 – 2024					
	GRUPO	Nº ALUMNADO			
EDUCACIÓN INFANTIL	4º A	16	31		98
	4º B	15			
	5º A	14	27		
	5º B	13			
	6º A	21	40		
	6º B	19			
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º A	20	39		360
	1º B	19			
	2º A	18	75		
	2º B	18			
	3º A	19	55		
	3º B	17			
	3º C	19			
	4º A	21	61		
	4º B	20			
	4º C	20			
	5º A	21	42		
	5º B	21			
	6º A	14	71		
	6º B	15			
		262			

Anexo 2

ADSCRICIÓN 2023/2024

	GRUPO	PROFESOR/A
EDUCACIÓN INFANTIL	4ºA	Patricia Arcay Candal
	4ºB	Celia Moreno Trigo
	5ºA	Berta Valenzuela Fernández
	5ºB	Ana Mª Otero Rendo
	6ºA	María Alejandra Montes Pérez
	6ºB	Isabel abaucide Castelao
	Apoio	Pilar Rivas Antelo Raquel Naveiro Otero
EDUCACIÓN PRIMARIA	1ºA	Ana Belén López Raña
	1ºB	Josefina Cao García
	2ºA	Ana Mª Mosquera Gándara
	2ºB	Teresa Taboada Rivas
	3ºA	Jesusa Fernández Barreiro
	3ºB	Laura Medina Blanco
	3ºC	María José López Pérez
	4ºA	Miguel Sánchez del Río
	4ºB	Andrés Otero Manteiga
	4ºC	Iris Durán García
	5ºA	Mª Carmen Penedo Mosquera
	5ºB	Iría Mosquera Ferreiro
	6ºA	María José Fontenla Eiras
	6ºB	Paz López Buján
ORIENTACIÓN	Orientación	Ana María Carballeira Maceiras
	PT	Ana María Calviño Parga Lorena Gende Pazos
	AL	Mª Teresa Lago Pérez Miriam López Hombre
EDUCACIÓN FÍSICA		Fiz Rodríguez Carballo Marta Blanco Girón
INGLÉS		Charo Astray Costoya Tamara Carreira Astray
MÚSICA E DANZA		Begoña Barreiro García
RELIXIÓN		Mónica Fernández Vidal
COORDINACIÓNS	Infantil	Ana Mª Otero Rendo
	1º Ciclo	Begoña Barreiro García
	2º Ciclo	Miguel Sánchez del Río
	3º Ciclo	Paz López Buján
	Biblioteca	Ana Belén López Raña
	ACE	Patricia Arcay Candal
	EDLG	Mª Carmen Penedo Mosquera
	TIC'S	Raquel Naveiro Otero
	E-DIXGAL	María José Fontenla Eiras
	PLURILINGÜE	Tamara Carreira Astray
CONVIVENCIA	Ana María Carballeira Maceiras	

Anexo 3

INF 4º A				
L	M	M	X	V
GL	GL	GL	GL	GL
PSICO 1	GL	GL	GL	GL
GL	GL	PSICO 2	INGLÉS	GL
recreo				
GL	GL PELO	GL APOIO	GL	REL/AT.
GL	MÚSICA	GL	GL	GL

INF 4º B				
L	M	M	X	V
GL	GL	MÚSICA	GL	GL
GL PELO	GL	GL	GL	GL
PSICO 1	GL	GL	GL	GL
Recreo				
GL APOIO 1	INGLÉS	GL	PSICO 2	REL/AT.
GL APOIO 1	GL APOIO 1	GL	GL APOIO 1	GL APOIO 1

INF 5º A				
L	M	M	X	V
PSICO 1	GL	GL	GL	GL
GL	GL	GL	GL	GL
GL PELO	GL	GL	GL	MÚSICA
Recreo				
GL	REL/AT	INGLÉS	GL	GL
GL	GL	GL	PSICO 2	GL

INF 5º B				
L	M	M	X	V
GL	GL	GL	GL	GL
GL	GL	PSICO 2	GL	GL PELO
GL	APOIO	GL	GL	GL
Recreo				
PSICO 1	REL/AT.	GL	GL	INGLÉS
GL	GL	GL	MÚSICA	GL

PATRI				
L	M	M	X	V
GL	GL	GL	GL	GL
G	GL	GL	GL	GL
GL	GL	G	DIN	GL
Recreo				
GL	GL	COOR	GL	COOR
GL	G	GL	GL	GL

CELIA				
L	M	M	X	V
GL	GL	ED	GL	GL
GL	GL	GL	GL	GL
DIN	GL	GL	GL	GL
Recreo				
SEC	SEC	GL	SEC	SEC
SEC	SEC	GL	SEC	SEC

BERTA				
L	M	M	X	V
DIN	GL	GL	GL	GL
GL	GL	GL	GL	GL
GL	GL	GL	GL	G
recreo				
GL	AT. ED.	G	GL	GL
GL	GL	GL	G	GL

ANA OTERO				
L	M	M	X	V
GL	GL	GL	GL	GL
GL	GL	G	GL	GL
GL	G	GL	GL	GL
Recreo				
DIN	COOR	GL	GL	G
GL	GL	GL	COOR	GL

INF 6º A				
L	M	M	X	V
MÚSICA	GL	GL	GL	GL
GL	GL	GL	REL/AT	GL
GL	GL	GL	GL	GL
recreo				
GL PELO	GL	PSICO 1	GL	PSICO2
GL	INGLÉS	GL	GL	GL

INF 6º B				
L	M	M	X	V
GL	GL	GL	GL	GL
GL	GL	GL	REL/AT.	GL
INGLÉS	PSICO 1	GL	GL	GL PELO
recreo				
GL	GL	MÚSICA	GL	GL
GL	GL	GL	GL	PSICO 2

PILI				
L	M	M	X	V
G	3 ANOS A	5 ANOS B	5 ANOS A	3 ANOS B
5 ANOS B	5 ANOS A	5 ANOS B	3 ANOS A	G
3 ANOS A	5 ANOS A	5 ANOS A	3 ANOS B	3 ANOS A
Recreo				
3 ANOS B	G	3 ANOS B	5 ANOS B	4 ANOS A
3 ANOS B	3 ANOS B	DIN	3 ANOS B	3 ANOS B

JANI				
L	M	M	X	V
G	GL	GL	GL	GL
GL	GL	GL	G	GL
GL	GL	GL	GL	GL
Recreo				
GL	GL	APOIO 3 ANOS A	GL	DIN
GL	G	GL	GL	GL

ISA				
L	M	M	X	V
GL	GL	GL	GL	GL
GL	GL	GL	AT. ED.	GL
G	G	GL	GL	GL
Recreo				
GL	GL	G	GL	GL
GL	GL	GL	GL	DIN

RAQUEL				
L	M	M	X	V
4 ANOS B	4 ANOS A	G	4 ANOS B	G
3 ANOS B	4 ANOS A	4 ANOS B	4 ANOS B	4 ANOS B
4 ANOS A	APOIO 4 ANOS B	3 ANOS A	COOR	5 ANOS B
Recreo				
5 ANOS A	3 ANOS A	COOR	3 ANOS B	5 ANOS A
G	COOR	DIN	4 ANOS A	5 ANOS B

1º A				
L	M	M	X	V
INGLÉS	MATES	MATES	MATES	CN
CN	CASTELÁ	CASTELÁ	EF	MATES
MATES	GALEGO	INGLÉS	MÚSICA	CASTELÁ
Recreo				
CASTELÁ	EF	GALEGO	GALEGO	PLÁSTICA
GALEGO	CN	CS	CS	REL/PC

1º B				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	MATES	MÚSICA
INGLÉS	GALEGO	INGLÉS	GALEGO	MATES
CASTELÁ	CS	CASTELÁ	EF	CN
Recreo				
GALEGO	PLÁSTICA	GALEGO	CASTELÁ	CASTELÁ
CN	EF	CN	CS	REL/PC

2º A				
L	M	M	X	V
MATES	EF	MATES	MATES	MATES
CASTELÁ	MATES	CASTELÁ	GALEGO	CASTELÁ
MÚSICA	CASTELÁ	INGLÉS	CN	CN
Recreo				
INGLÉS	GALEGO	REL/PC	PLÁSTICA	GALEGO
GALEGO	CS	CS	EF	CS

2º B				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	EF	MATES
CASTELÁ	EF	CASTELÁ	MATES	CASTELÁ
GALEGO	GALEGO	CS	CASTELÁ	GALEGO
recreo				
CN	CS	REL/PC	CN	CS
INGLÉS	INGLÉS	GALEGO	PLÁSTICA	MÚSICA

ANA BELÉN				
L	M	M	X	V
G	MATES	MATES	MATES	G
COOR	CASTELÁ	CASTELÁ	COOR	MATES
MATES	GALEGO	COOR	G	CASTELÁ
Recreo				
CASTELÁ	COOR	GALEGO	GALEGO	COOR
GALEGO	DIN	CS	CS	PC 1º

FINA				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	MATES	CN 1ª
CN 1ª	GALEGO	DIN	GALEGO	MATES
CASTELÁ	CS	CASTELÁ	G	CN
Recreo				
GALEGO	G	GALEGO	CASTELÁ	CASTELÁ
CN	CN 1ª	CN	CS	G

ANA MOSQUERA				
L	M	M	X	V
MATES	G	MATES	MATES	MATES
CASTELÁ	MATES	CASTELÁ	GALEGO	CASTELÁ
G	CASTELÁ	DIN	CN	CN
Recreo				
CN 2ºB	GALEGO	PC 2º	CN 2º B	GALEGO
GALEGO	CS	CS	G	CS

TERESA				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	G	MATES
CASTELÁ	G	CASTELÁ	MATES	CASTELÁ
GALEGO	GALEGO	INGLÉS 2º A	CASTELÁ	GALEGO
Recreo				
INGLÉS 2º A	PLÁSTICA 1º B	DIN	PLÁSTICA 2º A	PLÁSTICA 1º A
INGLÉS	INGLÉS	GALEGO	PLÁSTICA	G

3º A				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	EF	MATES	MATES
REL/PC	GALEGO	CASTELÁ	INGLÉS	CASTELÁ
INGLÉS	CASTELÁ	GALEGO	CASTELÁ	GALEGO
Recreo				
CN	INGLÉS	PLÁSTICA	MÚSICA	CS
GALEGO	CS	CN	CN	EF

3º B				
L	M	M	X	V
CASTELÁ	GALEGO	MATES	GALEGO	INGLÉS
REL/PC	MATES	GALEGO	CN	EF
CN	CASTELÁ	INGLÉS	PLÁSTICA	GALEGO
Recreo				
MATES	MÚSICA	CN	CASTELÁ	CS
INGLÉS	CS	EF	CASTELÁ	MATES

3º C				
L	M	M	X	V
MATES	MÚSICA	MATES	MATES	EF
CASTELÁ	MATES	EF	GALEGO	CASTELÁ
CN	GALEGO	CN	INGLÉS	CS
Recreo				
INGLÉS	CASTELÁ	INGLÉS	CASTELÁ	GALEGO
REL/PC	CS	GALEGO	CN	PLÁSTICA

4º A				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	CASTELÁ	MATES	MATES
CASTELÁ	INGLÉS	CS	CASTELÁ	REL/PC
EF	PLÁSTICA	EF	CN	INGLÉS
recreo				
GALEGO	GALEGO	GALEGO	INGLÉS	CASTELÁ
CS	CN	MÚSICA	GALEGO	CS

4º B				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	MÚSICA	MATES
EF	CASTELÁ	GALEGO	GALEGO	CASTELÁ
PLÁSTICA	INGLÉS	INGLÉS	CASTELÁ	GALEGO
Recreo				
CASTELÁ	GALEGO	EF	CN	INGLÉS
CS	REL/PC	CN	CS	CS

SUSA				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	G	MATES	MATES
PC 3ºAB	GALEGO	CASTELÁ	CN 3º B	CASTELÁ
CN 3ºB	CASTELÁ	GALEGO	CASTELÁ	GALEGO
recreo				
CN	G	CN 3º B	DIN	CS
GALEGO	CS	CN	CN	G

LAURA				
L	M	M	X	V
CASTELÁ	GALEGO	MATES	GALEGO	INGLÉS
G	MATES	GALEGO	G	DIN
5 ANOS B	CASTELÁ	INGLÉS	3 ANOS A	GALEGO
Recreo				
MATES	3 ANOS B	4 ANOS A	CASTELÁ	4 ANOS B
INGLÉS	5 ANOS A	G	CASTELA	MATES

MARÍA LÓPEZ				
L	M	M	X	V
MATES	DIN	MATES	MATES	G
CASTELÁ	MATES	G	GALEGO	CASTELÁ
CN	GALEGO	CN	PLÁSTICA 3º B	CS
Recreo				
G	CASTELÁ	PLÁSTICA 3º A	CASTELÁ	GALEGO
PC 3ºC	CS	GALEGO	CN	PLÁSTICA

MIGUEL				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	CASTELÁ	MATES	MATES
CASTELÁ	G	CS	CASTELÁ	PC 4ºA
CN 4ºC	DIN	CN 4ºC	CN	COOR
recreo				
GALEGO	GALEGO	GALEGO	COOR	CASTELÁ
CS	CN	G	GALEGO	CS

ANDRÉS				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	G	MATES
COOR	CASTELÁ	GALEGO	GALEGO	CASTELÁ
G	DIN	COOR	CASTELÁ	GALEGO
Recreo				
CASTELÁ	GALEGO	COOR	CN	G
CS	PC 4º BC	CN	CS	CS

4º C				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	CASTELÁ	MATES	MATES
CS	INGLÉS	GALEGO	CASTELÁ	CASTELÁ
CN	EF	CN	GALEGO (IRIA)	CS
Recreo				
MÚSICA	GALEGO (IRIA)	INGLÉS	EF	PLÁSTICA
CASTELÁ	REL/PC	CS	INGLÉS	GALEGO

5º A				
L	M	M	X	V
MATES	INGLÉS	MATES	MATES	INGLÉS
CN	CASTELÁ	CN	EF	MATES
GALEGO	MÚSICA	CASTELÁ	CASTELÁ	CASTELÁ
Recreo				
EF	GALEGO	INGLÉS	GALEGO	CS
CS	CN	PLÁSTICA	REL/PC	GALEGO

5º B				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	MATES	CASTELÁ
GALEGO	CASTELÁ	GALEGO	INGLÉS	INGLÉS
CN	CS	CN	EF	GALEGO
recreo				
CASTELÁ	INGLÉS	CASTELÁ	GALEGO	MÚSICA
EF	PLÁSTICA	CS	REL/PC	CN

6º A				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	MATES	CS
MÚSICA	CASTELÁ	CASTELÁ	GALEGO	CASTELÁ
GALEGO	CASTELÁ	CN	GALEGO	INGLÉS
recreo				
INGLÉS	CS	GALEGO	PLÁSTICA	EF
CN	EF	REL/PC	INGLÉS	VALORES

6º B				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	INGLÉS	GALEGO
CASTELÁ	INGLÉS	CASTELÁ	MATES	CS
INGLÉS	CASTELÁ	MÚSICA	CASTELÁ	EF
Recreo				
GALEGO	EF	GALEGO	GALEGO	PLÁSTICA
CN	CS	REL/PC	CN	VALORES

IRIS				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	CASTELÁ	MATES	MATES
CS	INGLÉS	GALEGO	CASTELÁ	CASTELÁ
PLÁSTICA 4ºB	PLÁSTICA 4ºA	G	GALEGO (IRIA)	CS
recreo				
DIN	GALEGO	INGLÉS	G	PLÁSTICA
CASTELÁ	G	CS	INGLÉS	GALEGO

CARMEN				
L	M	M	X	V
MATES	G	MATES	MATES	DIN
CN	CASTELÁ	CN	COOR	MATES
GALEGO	COOR	CASTELÁ	CASTELÁ	CASTELÁ
Recreo				
G	GALEGO	G	GALEGO	CS
CS	CN	COOR	PC 5º	GALEGO

IRIA				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	MATES	CASTELÁ
GALEGO	CASTELÁ	GALEGO	APOIO 4ºC	DIN
CN	CS	CN	G	GALEGO
Recreo				
CASTELÁ	APOIO 4ºC	CASTELÁ	GALEGO	CS 3ºB
G	CS 3ºB	CS	G	CN

MARÍA JOSÉ				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	MATES	CS
G	CASTELÁ	CASTELÁ	GALEGO	CASTELÁ
GALEGO	CASTELÁ	CN	GALEGO	COOR
recreo				
COOR	CS	GALEGO	G	G
CN	DIN	PC 6º	COOR	VALORES

PAZ				
L	M	M	X	V
MATES	MATES	MATES	G	GALEGO
CASTELÁ	COOR	CASTELÁ	MATES	CS
DIN	CASTELÁ	CS 2ºB	CASTELÁ	G
Recreo				
GALEGO	CS 2ºB	GALEGO	GALEGO	CS 2ºB
CN	CS	G	CN	VALORES

BEGOÑA - MÚSICA				
L	M	M	X	V
5 ANOS A	3º C	3 ANOS B	4º B	1º B
6º A	G	DIN	G	G
2º A	5º A	6º B	1º A	4 ANOS A
Recreo				
4º C	3º B	5 ANOS B	3º A	5º B
COOR	3 ANOS A	4º A	4 ANOS B	2º B

CHARO - INGLÉS				
L	M	M	X	V
DIR	DIR	ED	DIR	DIR
DIR	4º A	DIR	3º A	DIR
3º A	4º B	4º B	3º C	4º A
Recreo				
3º C	3º A	3º C	4º A	4º B
DIR	DIR	COM	DIN	DIR

FIZ - EF				
L	M	M	X	V
XEF	XEF	ED	XEF	XEF
4º B	XEF	G	5º A	G
4º A	4º C	4º A	5º B	6º B
Recreo				
5º A	6º B	4º B	4º C	6º A
5º B	6º A	DIN	XEF	XEF

ANA CARBALLEIRA				
L	M	M	X	V
ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT
ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT
ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT
recreo				
ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT
ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT	ORIENT

ANA CALVIÑO				
L	M	M	X	V
PT	PT	PT	PT	PT
PT	PT	PT	PT	PT
PT	PT	PT	PT	PT
Recreo				
PT	PT	PT	PT	PT
PT	PT	PT	PT	PT

MÓNICA-RELIXIÓN				
L	M	M	X	V
6º A	G	6º A	4º C	4º C
3º AB	4º C	4º C	5 ANOS	4º A
4º C	6º A	4º C	6º A	G
recreo				
G	4 ANOS	2º	DIN	3 ANOS
3º C	4º BC	6º	5º	1º

TAMARA - INGLÉS				
L	M	M	X	V
1º A	5º A	G	6º B	5º A
1º B	6º B	1º B	5º B	5º B
6º B	G	1º A	COOR	6º A
Recreo				
6º A	5º B	5º A	6º A	6º B
COOR	5º B	5º A	6º A	DIN

MARTA - EF				
L	M	M	X	V
4 ANOS A	2º A	3º A	2º B	3º C
3 ANOS A	2º B	3º C	1º A	3º B
3 ANOS B	5 ANOS B	G	1º B	DIN
Recreo				
4 ANOS B	1º A	5 ANOS A	G	AT. ED. 3 ANOS
G	1º B	3º B	2º A	3º A

MAITE				
L	M	M	X	V
AL	AL	AL	AL	AL
AL	AL	AL	AL	AL
AL	AL	AL	AL	AL
Recreo				
AL	AL	AL	AL	AL
AL	AL	AL	AL	AL

LORENA				
L	M	M	X	V
PT	PT	PT	PT	PT
PT	PT	PT	PT	PT
PT	PT	PT	PT	PT
Recreo				
PT	PT	PT	PT	PT
PT	PT	PT	PT	PT

Anexo 4

Anexo 5

GRUPOS GARDAS DE RECREO

	GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3
INFANTIL	PATRI PILI JANI	CELIA ANA OTERO ANA CALVIÑO	RAQUEL BERTA ISA
PATIO 2	MARÍA LÓPEZ TERESA MIGUEL PAZ	MAITE LORENA BEGOÑA SUSA	FINA ANA MOSQUERA FIZ LAURA
BIBLIO	ANA BELÉN	ANDRÉS	IRIS

LIGAS DEPORTIVAS: IRIA E MARTA

CLUBS DE LECTURA (TEATRO): CARMEN, MÓNICA, MARÍA JOSÉ, ANA CARBALLEIRA

BOTAMOS UN BAILE: TAMARA

LET'S SING A SONG: CHARO

Anexo 6

Anexo 7

GARDAS DE BIBLIOTECA: de luns a xoves de 16h a 18h

1 ANA BELÉN	2 ISA	3 PATRI	4 CHARO	5 BEGOÑA
6 MARTA	7 ANA CALVIÑO	8 FINA	9 ANA CARBALLEIRA	10 TAMARA
11 IRIS	12 SUSA	13 MÓNICA	14 MARÍA JOSÉ	15 LORENA
16 MAITE	17 PAZ	18 MARÍA LÓPEZ	19 LAURA	20 JANI
21 CELIA	22 IRIA	23 ANA MOSQUERA	24 RAQUEL	25 ANA OTERO
26 CARMEN	27 PILI	28 FIZ	29 MIGUEL	30 TERESA
31 BERTA	32 ANDRÉS			

Anexo 8

GRUPOS GARDAS DE ENTRADA					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
INFANTIL (entrada)	CELIA BEGOÑA	ANA OTERO JANI	BERTA ISA	PATRI ANA CALVIÑO	PILI RAQUEL
1º (aula)	MÓNICA	MARTA	TERESA	MARTA	ANA MOSQUERA
PATIO 2 (entrada + aulas)	FINA SUSA	ANA BELÉN TAMARA	MARÍA LÓPEZ MAITE	MÓNICA LORENA	LAURA TAMARA
PATIO 3 (entrada + aulas)	CARMEN IRIA	MARÍA JOSÉ PAZ	MIGUEL ANDRÉS	CARMEN IRIA	IRIS MARÍA JOSÉ

RAMPA: CHARO

Anexo 9

**PLAN DE ORIENTACIÓN
CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO**

2023 -2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO LEGAL.....	5
3. CONTEXTO DO CENTRO	7
4. AVALIACIÓN DE NECESIDADES	8
5. OBXECTIVOS	10
6. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCÍONS PRIORITARIAS----	13
7. RECURSOS	15
8. ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN-----	16
9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN	21
10. PLAN XERAL DE INTERVENCIÓN DO PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE-----	23

1.INTRODUCCIÓN

A modificación da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, pola Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro establece no artigo primeiro que os poderes públicos deben prestar unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade do ensino e destaca, entre eles, a orientación educativa e profesional.

A estrutura organizativa da orientación na nosa Comunidade Autónoma, establece a acción coordinada dos distintos servizos de orientación:

Servizos internos: os constituídos pola acción titorial, 1º nivel da orientación, e o departamento de orientación (2º nivel), que coordina as actividades orientadoras no centro educativo, determinadas pola lei.

Servizos externos: Inspección Educativa e Equipos de Orientación Específicos, a través da Xefatura Territorial, o 3º nivel de orientación, especializado e subsidiario dos anteriores. Sen prexuízo da colaboración con outros servizos externos sanitarios, sociais e entidades con convenio.

Atendendo ao disposto no Decreto 120/98 de 23 de abril, enténdese a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do alumnado e remata ao finalizar as ensinanzas non universitarias. Abrangue a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade presente.

Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións. Esta última debe capacitar aos estudantes para que, ante as distintas alternativas de xeito responsable.

Pero debe ser tamén unha actuación planificada a nivel de centro, concretada a nivel de

aula e individual, onde se especifiquen actividades, programas, recursos persoais, materiais e organizativos.

O seu carácter compartido implica necesariamente a coordinación dos distintos órganos de coordinación docente e de goberno, onde a Xefatura de Estudos xoga un papel especialmente importante.

Partimos dun modelo sociopedagóxico que se caracteriza polos principios de planificación, prevención, sistematización, curricularidade, cooperación, desenvolvemento persoal e intervención social, dirixido á institución educativa, á comunidade e ao ámbito social no que se empra o noso centro.

A intervención responde ao modelo de programas integrados no currículo, potenciado polo modelo de consulta colaboradora.

Así, este Plan de Orientación pretende contribuír á formación integral do alumnado; ao logro das capacidades expresadas nos obxectivos das distintas etapas educativas e á adquisición, pola súa parte, das competencias clave.

Foi deseñado para este curso escolar; baseándose nas necesidades detectadas no centro e segue as directrices establecidas na CCP no PXAD, nas accións prioritarias recollidas na circular 10/2010, e no disposto no D. 229/2011 do 7 de decembro e na Orde do 8 de setembro de 2021, que o desenvolve.

Como parte integrante da PXA apoiará o desenvolvemento dos obxectivos nela establecidos, adoptando criterios de flexibilidade que o fan susceptible de modificación en función das necesidades e prioridades que xurdan.

O seu deseño responde á estrutura establecida na Orde do 24 de xullo de 1998 que regula a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

2, MARCO LEGAL

- *Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Centros de Educación Primaria.*
- *Orde do 22 de xullo de 1997, que desenvolve o Decreto anterior.*
- *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos Centros docentes da CCAA. de Galicia.*
- *Orde do 8 de setembro de 2021 por a que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.*
- *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a*

ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- *Orde de 30 de mayo de 2023 por la que se desarrolla el Decreto 150/2022, de 8 de septiembre, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia y se regula la evaluación en esa etapa educativa.*
- *Circular nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma no curso 2003-2004.*
- *Acordo de agrupamentos de cursos en infantil e primaria (10/07/2009).*
- *Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.*
- *Ley 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvólve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- *Protocolos publicados pola Consellería para a atención ao alumnado con NEAE, absentismo, urxencias sanitarias, atención domiciliaria, e acoso escolar, entre outros.*

3. CONTEXTO DO CENTRO

Este centro funciona en réxime de xornada única con comedor e escolariza a 360 alumnos e alumnas con 6 unidades en educación infantil.,14 unidades en educación primaria, triple liña en 4º e 6º de educación primaria.

ETAPA	NIVEL	ALUMNADO
Educación infantil	cuarto	31
	quinto	27
	sexto	40
Educación primaria	primero	39
	segundo	36
	tercero	55
	cuarto	61
	quinto	42
	sexto	29

O centro conta con un cadro de persoal de 34 mestres e mestras , 8 de E.I ,2 especialistas en PT e 2 en AL, das que unha está nunha situación administrativa de horario compartido co outro CEIP da localidade, mais non ao 50%; a xefa do departamento de orientación, 2 especialistas de educación física, 1 de música, 2 de lingua estranxeira, 1 de relixión, 1 mestre polo Contrato- programa Proa +, a media xornada e, dentro do cadro de persoal non docente con atención ao alumnado, 1 auxiliar coidadora educativa, 1 administrativa, 1 conserxe e persoal de cociña.

A coordinación do profesorado establécese mediante reunións de ciclo e de equipos de Dinamización da lingua galega, Actividades Extraescolares e Complementarias, Equipo de Biblioteca, ,Equipo de TIC, Equipo de Dinamización da Convivencia, Equipo de Seccións bilingües, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Departamento de Orientación e claustros, atendendo aos horarios establecidos pola Xefatura, de estudos.

O concello conta con servizos de: Casa da Cultura, Biblioteca Municipal, que presentan cunha variada oferta de actividades culturais e deportivas, Servizos Sociais de atención primaria e Servizo de Atención Temperá na Mancomunidade de Ordes.

4. AVALIACIÓN DE NECESIDADES

Entre este alumnado, contamos cun elevado número de alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo por presentar dificultades específicas da aprendizaxe, trastornos da comunicación e da linguaxe, discapacidade, conduta, TEA, atraso global do desenvolvemento, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, alumnado en situación de vulnerabilidade socio educativa e estranxeiro.

Todo isto, sen prexuízo da existencia de alumnado aínda en proceso de valoración, outro pendente de avaliación e derivación aos servizos sanitarios especializados.

Todas as demandas de avaliación e informes de seguimento serán atendidos na medida do posible, tendo en conta o protocolo establecido.

O profesorado de apoio resulta claramente insuficiente para dar unha cobertura de calidade ao alumnado con necesidades educativas especiais, sobre todo en educación infantil. Contamos cunha veintena de alumnos e alumnas que foron derivados por pediatría ao Servizo de Atención Temperá por necesidades diversas, pero maioritariamente por dificultades relacionadas coa comunicación e a linguaxe e atraso no desenvolvemento.

A atención ao alumnado con necesidades educativas especiais é levada a cabo polo titor co apoio prioritario das especialistas en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica, que atenden como primeira prioridade ao alumnado con necesidades educativas especiais., seguindo os criterios establecidos no PXAD.

O profesorado de apoio a infantil desenvolve un programa de estimulación da linguaxe oral nos distintos niveis do segundo ciclo da etapa infantil, que servirá como medida proactiva, compensatoria e de detección de dificultades.

Cómpre indicar tamén o inestimable apoio da persoa auxiliar coidadora pola súa inestimable colaboración en programas educativos e de autonomía persoal.

Todo isto, sen prexuízo do apoio dos servizos externos do equipo de orientación específico, UACO, inspección e doutras entidades con convenio.

Polo que se refire ao profesorado, necesitamos promover a formación mediante a implementación do PEM coa participación no PFPP (Polos creativos) e sensibilizar cara ao tratamento da transversalidade mediante o desenvolvemento dos distintos plans e proxectos, e especialmente dende este departamento, dos plans de convivencia, benestar emocional e igualdade.

Cómpre impulsar o PAT ofrecendo recursos e fomentando a coordinación entre familiares e titores; ao mesmo tempo que se trasladarán ás familias directrices e orientación nos aspectos psicopedagóxicos e socio-culturais que nos afectan a través de distintos medios.

É preciso establecer canles de comunicación estables co IES da localidade para a coordinación entre as dúas etapas , así como cos servizos sociais, sanitarios e entidades con convenio.

Ao inicio da escolarización en infantil é necesario revisar coas titoras a revisión dos informes e entrevistas iniciais para a valoración daqueles casos susceptibles de valoración dende o ámbito socio-sanitario ou determinar atencións educativas máis específicas.

cos servizos sociais, sanitarios e municipais nos eidos necesarios, con todas as entidades con convenio .

Composición do departamento de orientación

- Para o presente curso 2023-2024, o Departamento de Orientación do CEIP de de Sigüeiro, queda constituído, seguindo o Decreto 120/1998 do 23 de abril, no seu artigo 4, o nove de setembro do ano en curso.

Educación Infantil:

- Ana María Otero Rendo.
- Educación primaria:
 - Ciclo 1º: Begoña Barreiro García.
 - Ciclo 2ª: Miguel Ángel Sánchez Del Río.

- Ciclo 3º: María de la Paz López Buján.

Profesorado de apoio:

- Pedagogía terapéutica: Lorena Gende Pazos e Ana María Calviño Parga.
- Audición e linguaxe: M^a Teresa Lago Pérez e e Miriam López Hombre.
- Orientación: Ana María Carballeira Maceiras.

5. OBXECTIVOS

- Favorecer o desenvolvemento integral en coñecementos, destrezas e valores do alumnado, colaborando e apoiando ao centro e ás familias no ámbito psicopedagóxico e social nas etapas de Educación Infantil e Primaria para a formación de alumnos competentes.
- Colaborar no desenvolvemento da LOMLOE.
- Fomentar a formación e aplicación das novas tecnoloxías.
- Colaborar coas titorías en relación á mellora da calidade educativa e na avaliación e ensino do alumnado en xeral, atendendo especialmente á metodoloxía, globalización das aprendizaxes e ensino competencial, sobre todo, do alumnado con necesidades educativas, garantindo os principios do Deseño Universal da Aprendizaxe.
- Colaborar no desenvolvemento do Plan de Convivencia e benestar emocional, favorecendo unha cidadanía activa, a igualdade de oportunidades e a cohesión grupal e social.
- Favorecer a inclusión plena de todos os alumnos en xeral e dos que presentan necesidade específica de apoio educativo, en particular.
- Fomentar a colaboración da familia de cara ao desenvolvemento do alumnado, das súas capacidades e desenvolvemento persoal e social.

Obxectivos referidos ao centro:

Organización e funcionamento do Departamento de Orientación.

- Organizar os apoios ao alumnado con N.E.A.E.
- Optimizar os recursos humanos, materiais e organizativos de que dispoña o Centro.
- Coordinar os distintos organismos que contribúan a mellorar a labor orientadora.
- Desenvolver medidas proactivas, para a prevención e detección de dificultades , de avaliación, seguimento, así como de medidas que optimicen a resposta educativa.
- Realizar as avaliacións psicopedagoxicas do alumnado con dificultades, especialmente ao inicio da etapa infantil e primaria.
- Colaborar nas avaliacións nos niveis propostos pola LOMLOE
- Colaborar cos titores/as no desenvolvemento do PAT.
- Colaborar na elaboración e deseño de protocolos de avaliación inicial.
- Revisar o PXAD para incluír as medidas de atención educativa incluídas nos distintos protocolos achegados pola Consellería.
- Colaborar na elaboración e deseño de plan de estimulación da linguaxe oral.
- Colaborar co profesorado, desenvolvendo e favorecendo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Neste curso, seguimos a apoiar: a competencia dixital, a mellora da convivencia no centro, revisión da resposta á diversidade, na avaliación por competencias, no axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares acomodándoas á nova lexislación.
- Mediar nas situacións de conflito que se dean na comunidade escolar.
- Deseñar e poñer en práctica actividades destinadas á convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos, mediante o desenvolvemento das habilidades sociais , a toma de decisións e fomento da igualdade.
- Favorecer a dinamización e implicación no desenvolvemento dos Contratos programa e *das competencias clave*, ca achega de recursos e propostas didácticas tanto para o ensino presencial como a través da aula virtual.

- Favorecer a colaboración cos servizos educativos e socio-sanitarios externos que atenden ao noso alumnado.
- Facilitar a información que se demanda na aplicación drorienta, en forma e en prazo.

Obxectivos referidos ao ámbito sociofamiliar:

- Informar do departamento e das súas funcións ás nais e pais do alumnado mediante a web do centro e en especial, persoalmente ás nais e pais do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Facilitar á comunidade educativa o asesoramento e apoio necesario para afrontar etapas de maior dificultade: ingreso no centro, cambios de ciclo, apoios internos e externos diferentes aos ordinarios.
- Fomentar e facilitar a participación e colaboración das familias no proceso educativo.
- Fomenta-la coordinación familia-titor/a.
- Fomentar e impulsar a inclusión social dos alumnos con necesidades educativas e aqueles outros que o precisen.
- Promover relacións de cooperación e participación no centro educativo de organismos oficiais(Concello, Casa da Cultura,...). Reunións periódicas e eventuais.
- Busca de asesoramento e axudas externas a comunidade escolar nalgúns casos de NEAE e dificultades educativas,nos casos en que resulte necesario.
- Establecer contactos periódicos coas familias individualmente ou colectivamente.
- Programa de escola de pais : desenvolveranse accións puntuais en función das necesidades.
- Apoiar a difusión das iniciativas de formación da ANPA e doutras entidades que sexan consideradas de interese.
- Asesorar ás familias do alumnado con NEAE.
- Asesorar ás familias sobre cuestións de hábitos,

condutas, aprendizaxes...etc, mediante información na web, ou carteis, trípticos, etc.

6. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Atendendo ás liñas de intervención relativas ao plan de acción tutorial, no plan de atención á diversidade e á orientación académica, propóñense as seguintes estratexias de intervención:

- Integrar o plan de orientación na actividade xeral do centro, afondando na coordinación entre o profesorado e o departamento.
- Priorizar a aplicación de medidas ordinarias sobre as extraordinarias, tomando como referencia os principios de normalización, **inclusión**, participación, calidade, equidade, non discriminación e igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.
- Promover actuacións na prol de medidas preventivas e restauradoras.
- Traballar en coordinación co equipo directivo.

ACCIÓNS PRIORITARIAS

Seguindo a Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, este Departamento priorizará, dentro do seu marco de funcións e organización, as seguintes liñas de actuación:

Estratexias referidas ao alumnado:

- Avaliación inicial do alumnado, especialmente no ingreso en EI; inicio da Primaria a petición dos titores, 6º de primaria no caso de dificultades educativas especiais, e cursos que así o solicite o titor).
- Promoción de instrumentos de avaliación competencial.
- Integración dos novos alumnos ao centro (programa de acollida do nenos de 3 anos dos que se incorporan doutros centros e do alumnado estranxeiro).
- Inclusión de alumnado estranxeiro na escola (grupos de adquisición de lingua, integración social, respecto á diversidade...)

- Detección, avaliación, seguimento e atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Fomento e desenvolvemento de actividades empregando as novas tecnoloxías (emprego do ordenador e a pantalla táctil).
- Fomento e desenvolvemento de actividades dentro do plan de acción tutorial.
- Organización das xornadas de acollida cos centros adscritos (IES e CRA).
- Deseño de actividades para mellorar a convivencia escolar e o benestar emocional.
- Difusión da guía de benestar emocional pendente de publicación pola consellería.
- Continuidade co programa para Estimulación da Linguaxe oral.

Estratexias referidas ao profesorado:

- Apoiar a acción tutorial.
- Detectar e prever dar resposta ás condutas do alumnado que dificulten o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Detectar e prever condutas do alumnado que dificulten o proceso de inclusión do alumnado con necesidades educativas, . Fomentar condutas e actitudes dentro do alumnado para a aceptación, respecto e valoración positiva de si mesmos e dos outros.
- Informar ao profesorado titor e especialista que actúa na aula de aspectos tales como: avaliación inicial do alumnado, alumnado con n.e.e, metodoloxías específicas e protocolos de atención.
- Coordinar cos titores e asesorar en metodoloxías, organización para atender ás dificultades que vaian xurdindo.
- Establecer canles de comunicación estables cas familias para favorecer a súa implicación no proceso de ensino- aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

- Contribuír a optimizar o clima de convivencia e o benestar emocional do centro con programas específicos e recursos.
- Promover o uso de instrumentos de avaliación competencial, tipo os da avaliación de diagnóstico no cuarto nivel do segundo ciclo.
- Colaborar no desenvolvemento das programacións con propostas de acción que contribúan a consecución das competencias clave.
- Colaborar na realización de ACS e algúns plans específicos de reforzo educativo e recuperación e outras medidas.

Estratexias referidas ás familias:

- Informar dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas.
- Acompañar os procesos de asunción de diagnóstico clínico e asesorar en relación á atención educativa.
- Promover a comunicación estable co profesorado titor/a.
- Atender a todas as demandas en relación á función orientadora e educativa en coordinación cos titores/as.

7. RECURSOS

Humanos: profesorado do centro, alumnado, familias, EOE e servizos socio- sanitarios externos, inspección educativa, UACO, entidades con convenio.

Materiais: P.E.C., P.X.A., Concrecións Curriculares, Plan de Adaptación e Acollida, Plan de convivencia e Plan de benestar emocional, Plan Tic, Plan Xeral de Atención á diversidade. Protocolos publicados pola Consellería, lexislación de referencia, materiais curriculares, probas estandarizadas, produción académica, recursos TIC, IA, bibliografía específica, expedientes informes, proba de creación ad hoc, entre outros.

Organizativos: reunións, entrevistas, uso de distintos espazos...

Metodoloxía:

Adoptarase unha metodoloxía activa e participativa, baseada no enfoque sistémico, que favoreza a implicación de todos os axentes da comunidade educativa.

Coordinacións:

Familias-titor, profesorado, alumnos.

Reunións Departamentos, Niveis, equipos de traballo, CCP, claustro.

Servizos externos xa referidos.

9 .ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

Sen prexuízo do disposto a continuación, as avaliacións pedagóxicas, a elaboración de informes e a atención a familias, compañeiros /as, alumnado, e servizos internos e externos, levaranse a cabo ao longo de todo o curso.

<i>Actividades</i>	<i>Axentes</i>	<i>Temporaliz.</i>
--------------------	----------------	--------------------

Reunións do DO: -Plan Anual de Orientación -Plan de Convivencia e benestar emocional. -Revisión: actividades valores, plans acción tutorial (sociogramas, normas de aula e centro, función de delegados, asambleas de aula, delegados e propostas de mellora, rincón de resolución de conflitos na aula...) -Contidos LOMCE (Programación, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis, estratexias e instrumentos de avaliación e criterios de promoción) -Actividades para traballar as frases que marcaron a historia.	Membros do DO	1º T
---	---------------	------

Colaboración na avaliación inicial do alumnado	Titor/a, PT,AL, Or	1º T
-Incorporación de alumnado novo e estranxeiro. -Desenvolvemento de alumnado con neaes -Acción tutorial: reunións pais,	D.orientación, e mestres tutores.	1º T

titores.		
-Organización dos recursos materiais e humanos e máis os apoios ao alumnado con necesidades educativas e alumnado estranxeiro.	PT, AL, O, Titores.	1 º T
-Revisión de programas e AC para alumnado de dificultades educativas. -Revisión de programas de adquisición da lingua para o alumnado estranxeiro. -Fomento e desenvolvemento nas titorías de programas para o desenvolvemento do alumnado de altas capacidades. -Revisión de plans específicos de reforzo educativo e recuperación	Titores, PT, AL, Or	1 º T

-Enquisa de avaliación a cubrir polos pais de infantil 3 anos e de nova incorporación. -Análise e consideracións sobre a avaliación inicial de Infantil 3 anos e de nova incorporación. -Avaliación do alumndo conxunta cos titores dos alumnos que inician Primaria. -Avaliacións Psicopedagóxicas e Informes. -Reunión co Orientador do IES para o desenvolvemento de coordinación. -Reunións con dirección, pediatra, E.Familiar,UACO...	Or.	1 º T
--	-----	-------------

-Reunións para os apoios realizados polos mestres dentro das aulas ordinarias.	Or. Mestres X. Estudios	1 º T
-Revisión dos criterios para atención de dificultades. -Consensuar contidos e actividades do Plan de Convivencia.	Mestres Orientadora PT AL	1 º T
-Apoio aos alumnos con necesidades educativas e alumnado estranxeiro.	Mestres Or.	1 º T
-Reunións de avaliación	Mestres X.E. Or.	1 º T
-Plan Proxecta:	Mestres DO	1 º T
-Díptico fomento e comprensión lectora.	DO	1 º T
-Reunións do DO: revisión de neaes.	DO	2 º T
-Apoio aos alumnos con neaes.	Or Mestres PT AL	2 º T
- Reunións para avalliar e coordinar os reforzos realizados polos profesores dentro das aulas ordinarias.	X.Estudios, Orientador, Titor/a	2 º T
Programas de enriquecemento alumnado altas capacidades (se fora necesario)	Titor/a	2 º T
- Reunións pra traballar puntos do Plan de Orientación: contidos e actividades do Plan de Convivencia e benestar emocional. Difusión e elaboración de recursos	Titor/a, Orientador	2 º T

-Revisión de propostas educativas e horarios para alumnos con dificultades.	PT, AL, Or, Tutores.	2 º T
Reunións de avaliación.	Profesorado, XE, Or	2

- Reunións de avaliación	Profesorado, X.E., Or	2 º T
-Avaliacións psicopedagóxicas e informes -Reunión co Or do IES: coordinación. -Reunións con Dirección, E. Social.	Orientador	2 º T
- Follas informativas: Altas Capacidades.	DO, Mestres especialistas	2 º T
Reunións DO: -Actividades para control emocional e habilidades emocionais. -Recoñecemento de necesidades físicas, emocionais, ou intelectuais dos outros. • -Revisión de neaes, horarios. • -Memoria do plan anual de Or. • -Folla informativa a pais: prevención acoso escolar. • -Actividades para traballar	DO	3 º T
• -Apoio aos alumnos con neaes, incluído • ao alumnado estranxeiro.	• Orientador, Titor/a, profesorado apoio	• • 3 º T
• -Reunións para avaliar e coordinar os • reforzos realizados polos profesores dentro das aulas ordinarias.	• Profesorado • Orientador • X. Estudios	• 3 º T
• -Reunións para traballar puntos do Plan • de Or: actividades para traballardentro do Plan de	• • Profesorado Orientador	• • 3 º T

<ul style="list-style-type: none"> • Convivencia e benestar emocional. 		
<ul style="list-style-type: none"> • -Posta en práctica na aula de actividades para a convivencia e benestar emocional. 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado 	<ul style="list-style-type: none"> • 3 • 0 • T
<ul style="list-style-type: none"> • -Avaliacións psicopedagóxicas e informes • -Avaliacións e informes finais do • alumnado que pasa a E.S.O con n.e.e 	<ul style="list-style-type: none"> • Or. 	<ul style="list-style-type: none"> • 3 • 0 • T
<ul style="list-style-type: none"> • -Información ao alumnado sobre a • E.S.O • -Reunión coordinador do I. E. S: coordinación. • -Reunións con Dirección, E. Social... 	<ul style="list-style-type: none"> • Titor/a Or. • I.E.S • Orientador 	<ul style="list-style-type: none"> • 3 • 0 • T
<ul style="list-style-type: none"> • -eunións de avaliación ao remate do curso. 	<ul style="list-style-type: none"> • Mestres X.E. • Orientador 	<ul style="list-style-type: none"> • 3 • 0 • T
<ul style="list-style-type: none"> • Dar a información que se demanda na aplicación informática drdorienta, en forma e prazo sinalados. 	<ul style="list-style-type: none"> • Or 	<ul style="list-style-type: none"> • 3 • 0 • T
<ul style="list-style-type: none"> • Plans Proxecta 	<ul style="list-style-type: none"> • Participantes 	<ul style="list-style-type: none"> • 3 • 0 • T
<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación do PO 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado DO 	<ul style="list-style-type: none"> • 3 • 0 • T

HORARIO

Todo o horario está dedicado a funcións de orientación, agás o recreo do martes que colabora no clube de lectura e dúas sesións para dedicar a creación de recursos para o desenvolvemento dos plans de convivencia, igualdade e benestar.

10 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.

Segundo o establecido no Decreto 120/1998 a avaliación do plan de orientación someterase a un proceso continuo de avaliación formativa, que culmina coa elaboración da memoria según a orde do 24 de xullo de 1998.

PARA QUÉ:

- Aumentar a transparencia e eficacia da acción orientadoras.
- Valorar o grao de cumprimento de obxectivos en relación as necesidades-.
- Difusión dos resultados acadados.
- Aportar información para elaborar unha proposta de mellora

QUÉ:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none">• Adecuación das estratexias e instrumentos utilizados• Nivel de participación da comunidade educativa na avaliación de necesidades• Nivel de participación do DO no análise do contexto• Grao de adecuación do plan ás necesidades detectadas• Análise dos resultados da avaliación inicial
DESEÑO	<ul style="list-style-type: none">▪ Participación e implicación na comunidade educativa▪ Coherencia entre o contexto, as necesidades, obxectivos, actividades propostas e recursos

PROCESO	<ol style="list-style-type: none"> 3. Participación e implicación da comunidade educativa na implementación das actividades. 4. Existencia de recursos axeitados 5. Implicación e funcionamento do DO, titores, equipo directivo, CCP, equipos docentes, departamentos didac. 6. Grao de aplicabilidade 7. Se a proposta de temporalización se adaptou á realidade 8. Se se van modificando aspectos que non funcionan
PRODUCTO	<ul style="list-style-type: none"> ◆ Consecución dos obxectivos propostos ◆ Grao de satisfacción dos implicados ◆ Resultados da avaliación final. ◆ Solucións propostas ás dificultades que xurdiron ◆ Eficacia das intervencións orientadoras

CANDO:

- Avaliación inicial: trátase da avaliación de necesidades. Recolleranse propostas sobre este plan nas reunións do DO, na CCP, e na reunións cos titores/as, entre outros.
- Avaliación continua: Seguimento das actividades propostas no Plan.
- O seguimento levarase a cabo nas reunións..
- Avaliación final: implicaavaliac achegas dos distintos implicado

QUEN: O DO, a CCP, o equipo direc profesorado e familias.

COMO: Utilizaremos a complement dando preferencia ás máis cercanas Usaremos os seguintes instrum cuestionarios, análise de documento e programas específicos de intervenc O xefe do Departamento de Orié incluirán os seguintes aspectos: valoración dos criterios, dificultades apreciadas e propostas de mellora.

PROGRAMACIÓN:
PEDAGOGÍA
TERAPÉUTICA E
AUDICIÓN E LINGUAXE

INTRODUCCIÓN

Para levar a cabo unha intervención de rigor e coherente, debemos establecer unhas accións prioritarias nas que basear as nosas decisións. Este conxunto de medidas e acción implicarán a toda a comunidade educativa, converténdose no eixe principal da práctica docente e dando unha resposta adaptada a todo o alumnado respectando as súas diferenzas e rexéndose polos principios de inclusión, participación, calidade, equidade, non discriminación e igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo, procedendo a:

- ◆ Desenvolver actuacións baseadas na atención á diversidade, especialmente para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- ◆ Desenvolver actuacións en relación ao plan de acción tutorial (detección de necesidades do profesorado, igualdade entre homes e mulleres, etc).
- ◆ Fomentar a formación permanente, a investigación, e a innovación educativa por parte do profesorado.
- ◆ Priorizar a participación das familias na vida do centro e na educación dos seus fillos .

CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está destinada ao alumnado de educación infantil e primaria do CEIP de Sigüeiro que presenta necesidade específica de apoio educativo (NEAE).

No presente curso escolar, a pesar da asignación por niveis das persoas especialistas en AL e PT, organizaranse os apoios para que se poidan i de maneira coordinada co alumnado con necesidades educativas especiais.

Os apoios educativos levaranse a cabo tanto dentro como fóra da aula ordinaria, tomando como referentes a **Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade**; que establecen que o apoio fóra da aula ordinaria non pode superar

1/3 da xornada escolar do alumnado cando teñan adaptación curricular.

O alumnado sen atención por parte de profesorado especialista recibe, na súa maior parte, apoio de profesorado de PROA + e de profesorado con **disponibilidade** horaria, seguindo as directrices establecidas nos distintos protocolos de atención educativa publicados pola Consellería, en función das súas características e necesidades.

En todas as intervencións darase prioridade a adquisición daquelas aprendizaxes instrumentais que resultan imprescindibles para a adquisición doutras novas, tratando de favorecer a xeneralización a distintos contextos da vida diaria , e favorecer así o seu progreso na adquisición das distintas competencias clave, de xeito que poidan contribuír ao seu máximo desenvolvemento persoal e social.

OBXECTIVOS:

- Atender directamente a todo o alumnado que presente dificultades e proporcionar tratamento ou reeducación nos posibles trastornos que aparecen.
- Favorecer a integración e socialización do alumnado con N.E.A.E dentro do grupode referencia e no centro educativo.
- Adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características de todo o alumnado ofrecendo atención específica e individualizada de acordo as necesidades.
 - Ensinar a ser. Ensinar a convivir. Ensinar a aprender.
- . - Desenvolver e afianzar os aprendizaxes básicos, especialmente das que resulten instrumentais para o desenvolvemento doutras novas.
- Conseguir o desenvolvemento integral do alumno/a: cognitivo, motor, lingüístico e emocional.
- Potenciar ao máximo a personalidade global do educando, partindo da psicoloxía do desenvolvemento e da aprendizaxe, ofrecendo un amplo repertorio de alternativas, secuenciadas en dificultade, en función de criterios madurativos e abrangendo dende cero ata o pensamento formal.
 - Empregar unha metodoloxía que atenda, tanto os aspectos cognitivos como emocionais, respectando en todo momento a atención á diversidade
 - Servir de apoio e orientación ao resto dos profesores do centro, á hora de aplicar medidas ordinarias e extraordinarias, na realización das adaptacións curriculares, así

como participar nas avaliacións psicopedagóxicas para poder ofrecer así unha resposta educativa axustada ás necesidades educativas de cada un dos alumnos/as.

- Implicar aos compañeiros/as, familias, profesorado e outros membros da comunidade educativa no seu proceso de aprendizaxe e convivencia no centro.
- Informar e orientar aos pais en como poden axudar aos seus fillos segundo as súas necesidades educativas especiais.
- Dirixilos intereses, capacidades e habilidades do alumnado cara unha efectiva participación na comunidade a través dunha aprendizaxe axeitada, na que pais, profesorado e sociedade deberán participar activamente.
- Colaborar coas familias en canto a estratexias de intervención no fogar, encamiñadas a promover unha continuidade do traballo no seu ámbito familiar.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Favorecer o desenvolvemento dos procesos psicolóxicos básicos e as funcións executivas

Optimizar as habilidades comunicativas lingüísticas, tanto a nivel expresivo como comprensivo.

Adquirir habilidades sociais e de interacción, así como unha axeitada autonomía persoal e social.

Mellorar e afianzar a competencia lecto-escritora a todos os niveis.

Reforzar as técnicas instrumentais básicas.

Procurar o dominio das operacións aritméticas básicas, resolución de problemas e razoamento lóxico.

Acadar os obxectivos establecidos nas ACS de cada unha das áreas.

METODOLOXÍA

Ao longo deste curso empregaremos unha metodoloxía activa e participativa, implicando a todos os alumnos/as no proceso de ensino-aprendizaxe, partindo dos niveis de desenvolvemento dos alumnos, do seu entorno máis próximo, dos seus intereses e das súas actividades preferidas para guiar a nosa aprendizaxe a través da experiencia persoal, a actividade e o xogo como principal recurso educativo que fomenta o emprego da linguaxe, o coñecemento do contorno e a adquisición de

hábitos para a súa autonomía.

No traballo diario presentaremos os contidos gradualmente, paso a paso, para que os nosos alumnos/as asimilen de modo natural a aprendizaxe e adquiran seguridade á hora de poñela en práctica. Trataremos de organizar de maneira variada, estimulante e flexible as actividades e os materiais curriculares dispoñendo o horario e o espazo escolar de maneira que respondan as necesidades de actividades e descanso.

Na maior parte das situacións e tendo en conta as características dos nosos alumnos/as, faremos uso da linguaxe oral, verbalizando o que o propio neno/a está a realizar, o que ocorre ao seu arredor,... co fin de desenvolver as súas capacidades comunicativas. Ofrecerémolles ao alumnado un ambiente moi estruturado (na medida do posible), evitando contextos desorganizados e minimizando ao máximo as distraccións visuais e auditivas. Tamén fomentaremos unha estreita colaboración e coordinación entre todos os profesionais implicados no proceso de ensino- aprendizaxe, así como coa familia e os recursos externos ao centro educativo (servizos sociosanitarios e entidades con convenio) Priorizarase a atención ás necesidades no ámbito comunicativo; o desenvolvemento das distintas compoñentes da linguaxe, sobre todo a pragmática; o proceso lectoescritor; a comprensión lectora; os procesos de planificación da escritura e; no ámbito matemático; o razoamento e a resolución de problemas, sen prexuízo da consideración de todas as competencias relacionadas cos contidos, criterios de avaliación e estándares, obxecto de observación de cara a avaliación.

Todo isto, atendendo ao benestar socioemocional do que se fará seguimento e se dará traslado, tanto a titores como ao equipo directivo e asuntos sociais, se fose o caso.

Todo isto, atendendo ao benestar socioemocional do que se fará seguimento e se dará traslado, tanto a titores como ao equipo directivo e asuntos sociais, se fose o caso.

No desenvolvemento de todas as accións estarán presentes as premisas do Diseño Universal da Aprendizaxe

AVALIACIÓN.

O departamento de orientación asesorará e trasladará aos titores a información personalizada do alumnado de xeito periódico e reconducirá os aspectos deficitarios, derivados do desenvolvemento das distintas accións, tendo en conta os resultados obtidos polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións e cos seguimentos, que a situación actual, permite facer polos medios antes mencionados; a información trasladada polas familias; a adecuación das actividades propostas; a idoneidade dos recursos utilizados e a

funcionalidade das coordinacións establecidas.

RECURSOS PERSOAIS

Recursos persoais internos: compañeiros/as titores/as, o equipo docente de área, o profesorado mestre de PT, a mestra de AL, auxiliar coidadora o DO.

En canto aos **recursos persoais externos** atopamos ao equipo de orientación específico, organismos oficiais e entidades con convenio.

RECURSOS MATERIAIS:

Os recursos materiais deben axustarse a o nivel de desenvolvemento alumnado, sendo variados e motivadores. Utilizaremos recursos dos que dispón o centro, a aula ordinaria e as aulas de PT e AL. Tentarase que os recursos empregados sexan variados, favorecendo o emprego das Tics, que se adapten ás necesidades e características persoais de cada un dos alumnos/as e que fomenten a súa participación activa e a motivación.

Elaboraremos todo aquel material específico que sexa necesario para atender á diversidade, así como para o logro e consecución dos obxectivos establecidos nas ACS e o desenvolvemento das súas habilidades básicas da vida diaria.

RECURSOS ORGANIZATIVOS:

En relación á organización do espazo hai que salientar a eliminación de barreiras arquitectónicas como ascensores e ramplas, o acondicionamento do centro e mobiliario adaptado.

En canto á organización do tempo, levarase a cabo a colaboración entre o equipo docente así como cos auxiliares técnicos educativos e as familias.

AVALIACIÓN

A avaliación é un dos elementos claves de unha programación de aula. A análise e valoración da planificación, implementación e resultado dun proxecto de traballo é necesaria para acadar os obxectivos previstos, porque permite ir tomando *decisións reflexivas e contextualizadas sobre a modalidade de traballo elixida e o grao de adecuación ás necesidades de cada suxeito e de cada contexto.*

Esta programación desenvolverase durante un curso académico 2023/2024. As intervencións que se levan a cabo co alumnado son flexibles, podendo ser modificadas e revisadas en función dos resultados das avaliacións que se levarán a cabo con cada alumno/a, motivado polo ritmo da evolución dos aspectos traballados así como, pola


detección de novas necesidades.

Anexo 10

PROXECTO DE FOMENTO DO GALEGO

CEIPP DE SIGÜEIRO

2023 - 2024



ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN	4
2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO	5
2.1. Contorna sociolingüística.	5
2.2. Situación do profesorado.	6
2.3. Situación do alumnado.	6
2.4. Situación lingüística do centro.	7
3. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS	7
3.1. Obxectivos xerais	7
3.2. Obxectivos relativos ao contorno sociolingüístico	8
3.3. Obxectivos relativos ao profesorado	8
3.4. Obxectivos relativos ao alumnado	8
3.5. Obxectivos relativos á situación lingüística do centro	9
4. DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.	9
SAMAÍN – MAGOSTO.	11
DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	11
NADAL	11
DÍA DA PAZ	12
DÍA DA CANDELORIA	12
ENTROIDO	12
DÍA DE ROSALÍA	12
DÍA DO LIBRO	13
OS MAIOS	13
SEMANA DAS LETRAS GALEGAS.	13
COMO SE DI?	14
PROXECTO “AS OLIMPIADAS”	14
RECOMÉNDOCHE LER	14

HORA DE LER	14
MOCHILAS VIAXEIRAS	14
HORTOCOLIÑA	15
CLUB LECTURA	15
CLUB DE TEATRO	15
“CONTOS ANIMADOS”	15
LECTURAS COMPARTIDAS	15
CAMIÑO INGLÉS	16
HORTOCOL/VOZ NATURA	16
XORNADAS DE CONVIVENCIA	16
XOGADE	16
BLOGUE GALEGUEANDO	17
INSTAGRAM	17
5. AVALIACIÓN DO PROXECTO	17

1. INTRODUCCIÓN

Máis alá das disquisicións políticas ou lingüísticas ten que ser obriga dos centros de ensino en xeral velar polo uso e fomento da lingua galega. É un deber social e moral. Temos o privilexio de ser posuidores dunha lingua oral milenaria e falada por reis e pobo e unha lingua escrita que dende a Idade Media se empregou para crear fermosos poemas de amor.

E aínda que os poderes fácticos de épocas non tan lonxanas puxéronlle todo tipo de atrancos para intentar convertila nunha lingua vulgar, nunca o conseguiron: quedou acubillada na xente, que a seguiu empregando pese as burlas e as prohibicións.

Os tempos cambiaron para mellor e aínda que siga sendo unha lingua minoritaria xa se estuda nas escolas, nos institutos, nas universidades, noutros países, emprégase nos medios de comunicación, nos deportes... na vida cotiá de moita xente.

Pero é necesario velar por ela e unha das medidas é tomar decisións encamiñadas a conseguir tal fin e así se recolle no DOG 25/05/2010, do 20 de maio, para o pluringüismo no ensino non universitario de Galicia que desenvolve, ademais da Lei orgánica de educación, a Lei de normalización lingüística. En consecuencia, entre os principios que guían o novo texto figura, tal e como recolle a citada lei, a adquisición dunha competencia en lingua galega igual á do castelán dentro dos límites propios de cada etapa educativa. Para asegurar a promoción da lingua galega nos centros de ensino, o Decreto de plurilingüismo dispón que se establecerá un programa de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento do uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

Presentamos un proxecto aberto á Comunidade Educativa, onde o EDLG propón unha serie de medidas e accións, dirixidas a orientar as actividades programadas para o actual curso académico, contando sempre coa nosa realidade lingüística.

No deseño e posta en práctica deste proxecto terá un papel determinante o EDLG, integrado por mestres e mestras, a maioría dos cales xa veñen

formando parte do equipo dende hai varios cursos, o que lle dá cohesión e continuidade, aspectos moi importantes no noso labor.

Forman parte do equipo:

- Lago Pérez, María Teresa (mestra de Audición e Linguaxe)
- Astray Costoya, Rosario (mestra de Lingua Estranxeira: Inglés)
- Valenzuela Fernández, Berta (titora Educación Infantil)
- Otero Rendo, Ana M^a (titora Educación Infantil)
- Cao García, Josefa (Titora 1º Primaria)
- Fernández Barreiro, Jesusa (Titora 3º Primaria)
- Mosquera Ferreiro, Iria (Titora 5º Primaria)
- Penedo Mosquera, María Carmen (coordinadora. Titora 5º Primaria)

2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

2.1. Contorna sociolingüística.

O CEIPP de Sigüeiro está situado no Concello de Oroso. Escolariza alumnos e alumnas procedentes na súa maioría do medio rural onde se combina unha actividade agrícola e gandeira con outros traballos, principalmente nos sectores da construción e de servizos; neste último, en moitas ocasións, traballan o pai e maila nai na veciña cidade de Santiago.

Para determinar a situación sociolingüística do CEIP de Sigüeiro teremos en conta:

- ▶ Datos aportados polo profesorado mediante as entrevistas persoais cos pais e as nais.
- ▶ Observación do alumnado, tanto nas aulas coma no patio.

O curso 17/18 elaboramos unha enquisa para o alumnado que entra en infantil, coa idea de actualizar, ano a ano, os datos referentes ao uso do galego por parte da comunidade educativa e que repetimos cada comezo do curso.

Este ano acordouse pasar a enquisa a todo o alumnado de infantil e primaria para ter unha mostra máis ampla, para comparar cos datos recollidos no curso 21/22.

Curso 21/22	(%)
Utiliza o galego na comunicación	49

familiar.	
Comunicase co seu fillo/a en galego.	51
O neno/a usa o galego para comunicarse	31
O neno/a aprendeu a falar en galego	40
Le ou llenlle habitualmente en galego	8
Gustaríalle que se dirixisen ao seu fillo/a no colexio en galego	28
Utiliza o galego cando se dirixe a unha administración	45
Considera que o galego debería ter máis presenza na escola	48
Entende ben o galego escrito e falado	90

Os datos destacados nesta táboa son os máis relevantes para fundamentar o noso proxecto.

2.2.Situación do profesorado.

A lingua habitual do profesorado, tanto no labor docente como en contextos informais, é o galego. No noso centro a disposición do equipo docente é boa e todo o profesorado colabora e participa nas actividades propostas polo EDLG dado que nel está presente como mínimo un docente de cada ciclo.

Consideramos fundamental tamén a coordinación e estreita colaboración entre o EDLG e os outros equipos didácticos do centro: Biblioteca, Equipo de Dinamización TIC e equipo de Actividades Extraescolares, xa que todas as actividades propostas por eles teñen como fin fomentar a lingua galega. Compre dispoñer así mesmo da participación dos mestres especialistas das áreas de educación musical, educación física, inglés, AL e PT.

2.3.Situación do alumnado.

Dos 357 alumnos e alumnas matriculados no centro, arredor dun 40% teñen o galego como lingua materna e só un 31% dos nenos e nenas a utilizan de xeito preferente no ámbito familiar e escolar, con excepcións como poden ser as familias inmigrantes. Outro dos datos preocupantes é que só un 8% dos nosos nenos e nenas len en galego.

Vista a situación consideramos que debemos traballar para conseguir aumentar o uso do galego tanto na escola como nas familias e fomentar a lectura en galego. E así adquirir un nivel de competencia equiparable nas dúas linguas (sobre todo na escrita) e para afianzar un uso o máis correcto e normativo posible do galego.

2.4.Situación lingüística do centro.

En canto á presenza que ten a lingua galega na vida do centro, podemos dicir:

- ▶ Emprégase o galego en toda a documentación administrativa e de xestión do Centro: actas de Claustro, Consello Escolar, reunións de traballo, libros de rexistro, material de avaliación, correspondencia, circulares, memoria de Centro, programacións e outros documentos da secretaría.
- ▶ Nas comunicacións, páxina web do centro, blogues, avisos nos distintos taboleiros de novas e os rótulos das distintas dependencias escríbense sempre en galego.
- ▶ Promóvese tamén o galego en todas as actividades complementarias e conmemoracións que se celebran ao longo do curso.
- ▶ Emprégase o galego nas reunións de Claustro e de Consello Escolar, Departamento de Orientación, nas relacións entre os profesores/as, nas relacións entre o Centro e as distintas institucións do contorno (Concello, ANPA)
- ▶ Aumento na dotación de fondos en galego na biblioteca (libros, revistas, DVD...), o centro continúa no PLAMBE o que supón un aumento no orzamento de biblioteca.

De todo isto despréndese que o uso do galego a nivel centro está normalizado tanto a nivel oral como a nivel escrito.

3. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (E.D.L.G.) reúnese unha vez cada mes (3º martes). Na acta de constituíndo equipo, nº 1, do 04-09-2023, aprobáronse uns obxectivos xerais, acompañados dunha proposta xeral de actividades para o presente curso 2023-24.

Estes obxectivos son os seguintes:

▶ **Fomentar o uso da lingua propia de Galicia**, tanto a nivel oral como a nivel escrito así como a transmisión e o coñecemento da súa cultura entre os distintos membros da comunidade educativa.

▶ **Proporcionar información aos membros da comunidade** sobre actividades, actos e institucións culturais relacionados coa realidade lingüística e sobre a participación nas mesmas.

▶ **Informar ao profesorado** de todas as actividades de formación que se oferten, para mellorar as súas competencias lingüísticas.

▶ **Realizar actividades en soporte informático** para mellorar as competencias lingüísticas da comunidade educativa.

3.2. Obxectivos relativos ao contorno sociolingüístico

▶ Seguir mantendo as canles de **participación e colaboración** entre o centro educativo e o resto da comunidade, familias, asociacións, concello.

▶ **Dar publicidade e difusión** ás actividades desenvolvidas neste proxecto entre todos os sectores mencionados.

3.3. Obxectivos relativos ao profesorado

▶ Recompilar materiais para **elaborar unidades didácticas** que permitan traballar as celebracións tradicionais .

▶ **Fomentar o traballo en equipo** e a cohesión do grupo para mellorar a iniciativa e creatividade do profesorado, logrando a colaboración dos distintos órganos colexiados nas actividades de dinamización.

▶ Artellar unha **colaboración e coordinación** efectiva entre todos os **equipos docentes**: EDLG, de biblioteca, actividades extraescolares, dinamización TIC e equipos de ciclo.

3.4. Obxectivos relativos ao alumnado

▶ Posibilitar que o **alumnado castelán falante valore a lingua galega** como sinal de identidade e manteña actitudes positivas cara o seu uso.

▶ **Afondar no emprego do galego** nas distintas manifestacións tanto orais como escritas, en contextos formais e non formais.

▶ **Dinamizar a lectura**, sexa de libros informativos, publicacións periódicas, contos, banda deseñada, poesía, teatro ou narrativa. Este

ano puxemos en marcha dous clubs de lectura para dinamizar esta en sexto de Primaria.

- ▶ **Utilizar as TIC** como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.
- ▶ **Difundir os usos do galego en contextos e soportes de vangarda:** Internet, roupas, música, audiovisuais, artes escénicas...
- ▶ **Contribuír á difusión** da literatura, da historia e do coñecemento das personaxes máis significativos da lingua galega.
- ▶ Celebrar por aulas actividades tendentes á **recuperación das festas e tradicións** da nosa cultura: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Maios, Día das Letras Galegas, etc.
- ▶ Fomentar a participación do alumnado en **actividades de emprego da lingua escrita**. Concursos de contos en Samaín, Nadal,...

3.5. Obxectivos relativos á situación lingüística do centro

- ▶ **Potenciar a “visibilidade” permanente da lingua galega** no centro, facendo dela unha lingua próxima tanto nas aulas como fóra delas.
- ▶ **Darlle pulo á utilización das TIC** promovendo a súa identificación co uso do galego.
- ▶ **Continuar ampliando a adquisición de material impreso** e textos en galego tanto para a biblioteca do centro como para as de aula.
- ▶ Ampliar tamén a adquisición de material en galego en **formato multimedia** (DVD, CD, CDrom).
- ▶ Colaborar co equipo de Biblioteca na **creación e difusión de materias** de animación á lectura en soporte dixital.
- ▶ **Colaborar cos outros equipos didácticos** do centro na dinamización da lingua galega.

4. DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Este curso o equipo de Dinamización Lingüística acordou propoñer as seguintes actividades:

- ▶ Actualizar web e blog , Instagram.
- ▶ Revisar enquisa do uso do galego

- ▶ Seguir coa revista Hortocoliña.
- ▶ Para fomentar a lectura en galego seguiremos coa actividade do club de lectura, pero aumentando o número de clubs, este ano teremos 6, en coordinación con la biblioteca, nos recreos
- ▶ Seguiremos coas lecturas compartidas entre grupos.
- ▶ Poñer en marcha un club de teatro nos recreos, para os grupos de 2º,3º,4º,5º,6º
- ▶ Seguir co concurso “Como se di” cambiando o formato e facendo a entrega de premios os primeiros venres do mes.
- ▶ Roteiro “Un paseo por Compostela con Rosalía”.
- ▶ Roteiro Camiño Inglés para 5º e 6º, faremos dous tramos o primeiro dende Carrás ata Sigüeiro e outro dende a Sionlla ata Compostela, data por concretar.

▶ Celebracións:

- Samaín/magosto
- Nadal
- Entroido
- Día de Rosalía
- Maíos
- Letras Galegas

- En relación co proxecto de Voz Natura/Horta, no que se emprega o galego en todo o que se fai, propuxéronse varias actividades como: , poñer depósitos de auga de chuvia, limpar horta, revisar colectores (papel, plástico,...) volver a poñer en funcionamento as hortopatrullas, limpar composteiras....

Estas actividades levaranse a cabo por titorías e de xeito voluntario.

Todas as nosas actividades están programadas de forma que se traballen todos os obxectivos que aparecen no punto terceiro desde proxecto.

SAMAÍN – MAGOSTO. (obxectivos 3.1, 3.2, 3.4, 3.5)

Para celebrar a entrada do outono elaboramos varias actividades dirixidas ás titorías e ás familias.

- Concurso de contos baixo o lema "**Carreira de contos**" para os grupos de 3º, 4º, 5º e 6º. Faranse sesións de lectura de contos na biblioteca ao longo de toda a semana.
- Concurso e exposición de cabazas baixo o lema "**As Olimpíadas**". (Enviouse nota ás familias, e publicouse na Web e Instagram). Os premios entregáronse na celebración do Samaín.
- Concurso de decoración de portas.
- O 31 de outubro celebrábase o Samaín e o magosto será o 3 de novembro con degustación de castañas asadas e xogos tradicionais.
- O Equipo proporcionará unidades didácticas do Magosto e Samaín a todas as titorías.

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (obxectivos 3.3, 3.4, 3.5)

Ao longo da semana colaboraremos nas actividades propostas polo equipo de extraescolares e convivencia relacionadas con esta temática:

NADAL (Obxectivos 3.2, 3.3, 3.4, 3.5)

Un ano máis convocaremos o tradicional **Concurso de postais con lemas en galego**. A gañadora, será enviada ás familias para felicitar o nadal, nela incluímos un fragmento de **Luisa Villalta**. Para ir dando a coñecer a figura da autora homenaxeada nas Letras Galegas 2024.

Faranse outras actividades aínda por concretar como:

- Contacontos para Infantil.
- Visita de Melgasar en colaboración coa ANPA
- Festival do alumnado de teatro para os compañeiros con actuacións en galego:
- Visita do club de teatro de 5º e 6º ao Fogar Residencial de Porto Avieira, para

compartir as súas actividades con eles.

- Recomendación lectoras de Nadal.

DÍA DA PAZ (obxectivos 3.3, 3.4, 3.5)

Colaboraremos nas actividades propostas para este día polos equipos de Extraescolares e Convivencia.

DÍA DA CANDELORIA (obxectivos 3.3, 3.4, 3.5)

O equipo de dinamización en colaboración co equipo da biblioteca elaboraremos un folleto con información deste día que publicaremos no blogue Galegueando, entregaremos a todas as titorías e compartiremos coas familias. O 2 de febreiro colocaremos caixas niño e comedeiros, nas árbores do noso centro para o casamento dos paxariños .

ENTROIDO (Obxectivos 3.2, 3.3, 3.4, 3,5)

Desfile pola vila cos outros centros educativos do Concello, CRA e CEIPP do Camiño Inglés. Ao longo da semana cumpriremos cos mandados do Meco, relacionados co tema da biblioteca “As Olimpíadas”. Será o equipo de Dinamización o encargado de elaborar o Meco e os mandados.

O equipo de dinamización da lingua galega deixará unidades didácticas para traballar o Entroido en titorías e especialidades.

Os disfraces estarán relacionados co tema da biblioteca.

DÍA DE ROSALÍA (Obxectivos 3.2, 3.3, 3.4, 3,5)

Algunha das actividades para celebrar este día tan importante para nós son:

- Roteiro por Santiago “Un paseo por Santiago con Rosalía”.

- Rosalía un poema cada día.(actividade que levamos facendo dous anos e nas que as familias colaboran ao longo do mes de febreiro enviando anacos de vídeos recitando poemas que publicaremos na nosa web e no Instagram.

#Rosalía24#unpoemacada día#edlg_ceipdesigueiro

- Como os anos anteriores escribiremos poemas nas ventás e portas do centro.

DÍA DO LIBRO (obxectivos 3.1, 3.2, 3.4, 3.5)

Co gallo do Día do Libro, organizaranse, en colaboración co equipo da Biblioteca, actividades para celebrar este día.

OS MAIOS (obxectivos 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5)

Serán os propios alumnos, por niveis, os que recompilarán información sobre esta festa, que se poñerá na web, en *Genially*, e farase unha exposición dos maios por ciclos. O alumnado por ciclos elaborará e preparará cantigas para este día. O obxectivo é dar a coñecer os maios, como se celebran en distintos sitios e a relación destes co campo.

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS. (Obxectivos 3.2, 3.3, 3.4, 3,5)

Ao igual que todos os anos durante a semana das letras galegas (do 13 ao 16 de maio) no centro realizaremos actividades para conmemorar este día tan sinalado para a nosa lingua, e para potenciar o coñecemento da figura literaria de **Luisa Villalta**, a quen están adicadas este ano as Letras Galegas.

- **Concurso “Letras Galegas”:** Faremos un concurso sobre os carteis das Letras Galegas, de Luisa Villalta. Colocaremos a exposición no corredor do primeiro andar e formularemos unhas preguntas sobre ela, adaptadas a cada nivel que terán que contestar. Posteriormente, seleccionase un gañador/a por nivel. Os diferentes premios consisten en libros de escritores galegos ou libros traducidos ao galego, **para fomentar a lectura nesta lingua.**
- **Teatro (Club de teatro)** polos nenos e nenas de 1º,2º e 3º ciclo para os compañeiros
- **Obradoiro Alfareiro de Buño** para 4º de Primaria e 6º de Infantil, continuando co proxecto empezado anos anteriores.
- Esa semana a **ANPA** propón actividades relacionadas co autor, que están sen concretar.

COMO SE DI? (obxectivos 3.1, 3.2, 3.4, 3.5)

Seguimos co concurso Como se di?, coa que pretendemos fomentar o uso correcto da lingua galega por parte do noso alumnado.

Trátase dun concurso no que cada semana escollemos catro palabras, que sabemos que se usan incorrectamente, para que investiguen cal é a forma correcta e a depositen na caixa do Como se di? Cada trimestre sorteamos un premio entre os participantes. Ao rematar a semana facemos un vídeo , no que son os propios nenos e nenas, rotando por niveis, os que dan as solucións e poñémolo na web.

PROXECTO “AS OLIMPIADAS”(obxectivos 3.1, 3.3, 3.4, 3.5)

Colaboraremos co equipo da Biblioteca neste proxecto anual.

RECOMÉNDOCHE LER(obxectivos 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5)

Todos os meses o equipo da Biblioteca fai recomendacións lectoras, nós participamos na escolla dos libros en galego. E na elaboración de recoméndoche un libro (vídeos gravados polo alumnado dun minuto no que falan do libro que máis lles gustou.

HORA DE LER(obxectivos 3.1, 3.3)

Continuamos un ano máis cos vinte minutos de lectura que cada titor/a coloca no seu horario, antes ou despois do recreo. En todos os niveis propóñense libros de lectura en galego.

MOCHILAS VIAXEIRAS(obxectivos 3.1, 3.2, 3.4, 3.5)

Dentro das actividades de fomento e dinamización da biblioteca do centro, cada aula dispón dunha mochila para levar a súa casa cunha recompilación de materiais gráficos e audiovisuais para gozar, xunto coa súa familia.

HORTOCOLIÑA (obxectivos 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 3.5)

Seguimos coa nosa publicación escolar "Hortocoliña", unha revista dixital informativa con todas as novas do colexio elaborada polo noso alumnado (redacción, fotografía, maquetación). Esta revista está elaborada coa app Genially.

No mes de maio, coincidindo **coas Letras Galegas, faise unha edición especial.**

CLUB DE LECTURA (obxectivos 3.1, 3.4, 3.5)

Este curso contamos con seis clubs de lectura, para alumnado de 6º,5º e 4º coa intención de fomentar a lectura en galego nun ambiente distendido.

Lévase a cabo nos recreos dos martes e mércores en colaboración co equipo da biblioteca.

CLUB DE TEATRO (obxectivos 3.1, 3.2, 3.4, 3.5)

Coa finalidade de fomentar o galego con diversión, ilusión e creatividade, seguimos co noso club de teatro nos recreos dos martes e mércores, para os grupos de 4º,5º,6º.

Son integrantes os que modifican guións, preparan o decorado, vestiario, son, cancións.

“CONTOS ANIMADOS” (obxectivos 3.1, 3.2, 3.4, 3.5)

Creación de contos dixitais en galego a través de ferramentas TIC, tanto por parte do alumnado como do profesorado, pescudando tanto na internet, como no coñecemento popular que compartiremos co CRA de Oroso.

LECTURAS COMPARTIDAS(obxectivos 3.1, 3.2, 3.4, 3.5)

En colaboración coa biblioteca, puxemos en marcha, lecturas compartidas, un proxecto no que o alumnado do 3º ciclo leralle contos aos compañeiros dos outros cursos.

Tamén, ao longo do mes de marzo levarase a cabo de xeito colaborativo co CRA de Oroso, con motivo do Día da Muller, unha actividade conxunta, de lectura de contos, dirixida especificamente a destacar a importancia das mulleres na cultura galega.

En datas sinaladas como o Samaín, Nadal, Día do Libro e Letras Galegas o alumnado de 4º,5º e 6º preparan contos en galego que lle len aos seus compañeiros/as na biblioteca durante os recreos.

CAMIÑO INGLÉS(objectivos 3.1, 3.2, 3.4)

Colaboramos nas iniciativas propostas polo Centro de Investigación do Camiño Inglés de Sigüeiro.

Faremos o roteiro do Camiño Inglés en dous tramos: desde Carrás a Sigüeiro e desde a Sionlla a Santiago.

Este roteiro non só é unha actividade para coñecer o noso patrimonio senón tamén é unha xornada de convivencia.

HORTOCOL/VOZ NATURA(objectivos 3.2, 3.3, 3.4, 3.5)

Este proxecto xa leva con nós sete anos,

XORNADAS DE CONVIVENCIA (objectivos 3.2, 3.4,)

- En marzo coincidindo coa apertura do período de matrícula farase unha **Xornada informativa.**

. **Xornada de portas abertas co CRA de Oroso.** Os nenos e nenas de 1º e 2º do CRA pasarán unha xornada lúdico festiva, cos que serán os seus futuros compañeiros no vindeiro curso, os nenos de 1º e 2º do noso centro.

. En xuño os alumnos/as de 6º, **xunto cos compañeiros/as do CEIP do Camiño Inglés, visitarán o IES de Oroso.**

XOGADE

Dentro do Proxecto Deportivo do centro colaboramos coa área de Educación Física na organización de actividades para fomentar os xogos tradicionais , nas

distintas celebracións, e no tempo de lecer (recreos). O obxectivo é motivar ao alumnado para a recuperación e disfrute dos xogos tradicionais dos seus pais/nais, avós/avoas .

Durante o curso están previstas diversas competicións organizadas polos mestres de Educación Física.

BLOGUE GALEGUEANDO (obxectivos 3.1, 3.2, 3.4, 3.5)

Mantemos actualizado o noso blogue e a páxina web do centro.

INSTAGRAM (obxectivos 3.1, 3.2, 3.4, 3.5)

Seguimos publicando as nosas actividades, tanto do horto como de dinamización no noso instagram ***edlg_ceipdesigueiro***

5. AVALIACIÓN DO PROXECTO

Ao remate de cada unha das actividades realizadas e, como suma de todas elas, ao final do curso valórase mediante unha enquisa, que pasaremos ao profesorado:

- Se se cumpriron os obxectivos.
- Se a temporalización foi a axeitada.

E, por último, faranse propostas de mellora dos resultados da avaliación.

Anexo 11

PLAN ANUAL DE BIBLIOTECA



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

CURSO 2023/24

ÍNDICE

- 1- Introducción
- 2- Análise do contexto
 - 2.1 Organización e xestión
 - 2.2 Espazos
 - 2.3 Formación de usuarios
 - 2.4 Desenvolvemento das competencias
 - 2.5 Fomento da lectura
 - 2.6 Outras actuacións
- 3- Obxectivos
- 4- Criterios e procedementos de avaliación
- 5- Anexos. Dimensións, indicadores e niveis acadados.

1- Introducción

Atendendo á Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024 elabórase o presente Plan de Biblioteca.

No curso 2023/24 están escolarizados no CEIP Plurilingüe de Sigüeiro 361 alumnos/as distribuídos en 20 unidades, xa que o centro é de liña 2 agás en 3º e 4º de Educación Primaria que é de liña 3.

Este Plan anual de biblioteca é a concreción do Plan de Biblioteca que figura no Proxecto Educativo do Centro, a materialización das actividades e propostas para levar a cabo os obxectivos alí fixados. Contribuirá a que a biblioteca sexa non só un espazo de lectura, senón tamén un centro de recursos da información que de resposta a todas as necesidades da comunidade educativa.

2- Análise do contexto

2.1 Organización e xestión

A persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar é Ana Belén López Raña.

Durante o curso 2023/2024 o equipo de biblioteca está constituído polos seguintes mestres: Celia Moreno Trigo, Andrés Otero Manteiga, Iris Durán García, Begoña Barreiro García e Tamara Carreira Astray.

A biblioteca comunícase con toda a comunidade educativa a través da súa sección na páxina web do centro, a través da súa mascota Nica.

Todas as comunicacións que requiren informar ou consensuar co conxunto do profesorado son tratadas en claustro ou en reunións específicas.

A biblioteca permanece aberta nas diferentes sesións lectivas e durante o recreo, en horario de 9:45 a 14:45 h.

Para o uso das mesmas nas sesións lectivas cada curso escolle unha sesión atendendo ao criterio establecido de quendas por ciclos, para a realización de lecturas, recompilar información, realizar o servizo de préstamo...

Nos recreos hai un mestre de garda e alumnado voluntario, colaboradores de biblioteca. As actividades no recreo están distribuídas do seguinte xeito: o luns e mércores emprego da ludoteca, os xoves e venres realízanse as lecturas compartidas e o martes a biblioteca está reservada para o club de lectura. Nos recreos tamén se pode realizar o servizo de préstamo e devolución de luns a venres.

En canto ao horario non lectivo, a biblioteca permanece aberta de luns a xoves en horario de 16:00 a 18:00 h., con un mestre de garda establecido a nivel de centro, por un sistema de quendas.

No curso 2023/24 permanecerá pechada en horario non lectivo os días fixados para realizar a avaliación.

A biblioteca conta cun espazo amplo, luminoso e de fácil acceso e dispón de espazos para a lectura individual e en grupo, espazos para a lectura informal, espazo tecnolóxico e espazo creativo.

Os fondos están organizados atendendo ao sistema CDU (CLASIFICACIÓN DECIMAL UNIVERSAL) empregando diferentes cores para as diferentes idades e/ou criterios:

O tellolo azul para os Prelectores (Infantil), o vermello para os Primeiros Lectores (1º Ciclo), o verde para os Lectores Autónomos (2º Ciclo), e tellolo amarelo para os Lectores Expertos (3º Ciclo).

En primaria diferenciamos galego de castelá. Por este motivo o alumnado dispón de marcadores co nome e curso para colocar os libros nos correspondentes andeis.

Para realizar o servizo de préstamo e devolución empregamos o programa Koha-Bescolares.

A biblioteca conta cos seguintes recursos; coleccións, libros de consulta de diversas temáticas, dicionarios , CD´s, DVD´s, xogos e tablets.

En canto aos recursos e a adquisición de novos materiais, o equipo é o encargado de tramitar os pedidos, catalogar, etiquetar e organizar os mesmos, tendo en conta todas as suxestións e peticións realizadas polos mestres.

Por outro lado, tamén conta coa plataforma de lectura e préstamo de contidos dixitais E-ELBE.2, podendo acceder a esta plataforma dende a páxina web do centro.

2.2 Espazos

O espazo da biblioteca queda distribuído do seguinte xeito:

- Espazo de Leandra para Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria.
- Espazo de lectura para Educación Primaria onde os nenos/as dispoñen de dúas mesas.
- Espazo de consulta para Educación Primaria onde os nenos/as dispoñen dunha mesa.

- Espazo da ciencia onde os nenos/as dispoñen de catro tablets. Este espazo tamén se empregará como ludoteca.

Neste curso continuaranse empregando os tres recunchos de lectura no edificio de infantil, destinados ao alumnado de infantil e 2º de Educación Primaria.

2.3 Formación de usuarios

Dende a biblioteca convócase unha reunión ao inicio do curso para todo o profesorado na que se explican as normas, recursos dispoñibles, funcionamento e organización da mesma.

Na formación do alumnado trátanse todos aqueles aspectos necesarios para que progresivamente accedan aos fondos da biblioteca de forma autónoma e con responsabilidade no uso da información.

Dentro desta formación, destacar a formación específica para o alumnado colaborador da biblioteca, xa que require un maior grao de formación ao colaborar nas tarefas da mesma.

2.4 Desenvolvemento das competencias

Co obxecto de dinamizar e promover os recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado, dende a biblioteca promoverase un proxecto en coordinación cos distintos equipos de dinamización do centro, relacionado coas Olimpíadas.

Por outro lado, tamén se achegará información e material relacionado coas conmemoracións aos diferentes grupos, e dende a páxina web do centro contaremos con un enlace para dinamizar e promocionar os recursos da mesma, onde se publicarán boletíns informativos con recomendacións de diferentes lecturas.

2.5 Fomento da lectura

En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, destacamos as seguintes liñas de actuación:

Hora de ler e oratoria

Dentro do horario lectivo contéplase a “hora de ler”. As titorías marcan no seu horario media hora de lectura diaria.

Mochilas viaxeiras

Ten como obxectivo que o hábito lector chegue ao ambiente familiar. O contido da mochila é variado (narrativa, poesía, cómic, libro CD, xogos de lóxica,...). Entréganse os venres e recóllense os xoves da seguinte semana, agás en períodos de vacacións.

Sesións na biblioteca

Cada aula accede á biblioteca nunha sesión semanal para realizar lecturas, recompilar información...

Bolsas que veñen e van

Dende o equipo de biblioteca solicítanse bolsas para o alumnado de infantil. Solicítanse en 3 anos para toda a etapa de infantil.

Lecturas compartidas

Os xoves e venres, nos recreos, realízanse as lecturas compartidas entre o alumnado de cursos superiores e os máis pequenos de primaria.

Patios literarios

Para conmemorar o día do libro dende o equipo de biblioteca distribúense diferentes caixóns con libros nos distintos patios, para realizar unha lectura neste tempo de lecer.

Lectura e familias

Dende biblioteca promóvense diferentes actividades de lectura coas familias.

Apadriñamentos lectores

Nesta actividade o alumnado dos cursos superiores len un conto ao alumnado máis pequeno.

Apadriñamentos de autores

Realizar un traballo bibliográfico de autor recopilando libros, información... do mesmo.

Club de lectura

Os martes, no recreo, a biblioteca está reservada para a realización das actividades relacionadas co club de lectura.

Estas actividades programaranse ao longo de todo o curso.

2.6 Outras actuacións

O CEIPP de Sigüeiro solicitou no actual curso a participación en numerosos programas tendentes ao desenvolvemento das competencias básicas no noso alumnado. Algúns deles son:

- Plan Recupera – PROA
- Proxecto e-Twinning
- Proxecto “Dos Orillas” levando a cabo intercambios por videoconferencia cun colexio de Miami.
- Contrato Programa, nas súas dúas versións CP Innova e CP Inclúe.
E dentro destas, as modalidades solicitadas son: EDUinnova, EDUsaúde, EDUosustibilidade, Queda-T, Iguala-T, Inclue-T e Emociona-T.
- Plan Proxecta
- Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos.

Dende a biblioteca colabórase no preciso para o desenvolvemento dos mesmos e apórtanse os espazos e recursos dispoñibles na mesma, para posibilitar a realización de todas as actividades programadas dende os diferentes proxectos.

3- Obxectivos

INFANTIL

- Gozar do tempo de lectura na biblioteca.
- Coñecer as diferentes espazos da biblioteca (espazo de lectura, espazo de consulta...)
- Respetar as normas da biblioteca (falar baixo...)
- Identificar os fondos prelectores.

PRIMARIA

- Fomentar o hábito de lectura e da aprendizaxe.
- Comprender e utilizar diferentes formas de información.
- Acceder aos fondos da biblioteca de forma autónoma e con responsabilidade no uso da información.

INDICADORES

- Adecuar os espazos e equipamentos da biblioteca
- Organizar a colección atendendo a criterios normalizados.
- Distribuír o horario da biblioteca para uso das aulas.
- Establecer estratexias para a difusión, comunicación e sinalización.
- Actualizar as informacións.
- Actualizar e equilibrar a colección nos distintos niveis educativos.
- Integrar a biblioteca na metodoloxía docente.
- Implicar a biblioteca no desenvolvemento das competencias.
- Coordinar a biblioteca co Plan de TIC do centro, e con Programas específicos.
- Coñecer a porcentaxe de alumnado que participa nas actividades propostas dende biblioteca; préstamos,...
- Coñecer o alcance do proxecto de biblioteca.
- Colaborar coa biblioteca pública e outras bibliotecas escolares.
- Difundir a información cultural do entorno.
- Propoñer actividades para as familias.

4- Criterios e procedementos de avaliación

A avaliación será continua e realizarase atendendo aos diferentes aspectos sinalados ao longo do Plan de Biblioteca:

Criterios de avaliación:

- Adecuación das actividades programadas e levadas a cabo durante o curso.
- Resposta do alumnado e da comunidade educativa ás propostas da biblioteca. Grao de colaboración nas mesmas.
- Grao de cumprimento dos obxectivos previstos nas liñas prioritarias de actuación programadas para o curso escolar.
- Presenza de alumnado na biblioteca, préstamos realizados, resultados das enquisas.

Procedementos de avaliación:

- Como elemento de avaliación, uso dos mecanismos de análise que o propio programa Koha-Bescolares proporciona: visita de alumnos á biblioteca, número de préstamos etc.
- Empregando o buzón de suxestións como elemento de análise e de posibilidade de artellamento de melloras.
- A través de enquisas para analizar non só todos os aspectos significativos relacionados co hábito lector, senón tamén a experiencia do alumnado como usuario dos servizos e recursos que ofrece a biblioteca.
- Observando o nivel acadado nos indicadores establecidos nas diferentes dimensións de avaliación da biblioteca escolar. (Ver anexos)

5- Anexos. Dimensións, indicadores e niveis acadados

VALOR E INTEGRACIÓN NO CENTRO	NIVEL
Apoio do equipo directivo.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Presenza da biblioteca nos documentos de xestión curricular do centro.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Apoio das familias.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

ACCESIBILIDADE	NIVEL
Adecuación do espazo.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Adecuación dos equipamentos.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Organización da colección atendendo a criterios normalizados.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

Distribución do horario da biblioteca para uso das aulas.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Apertura da biblioteca en horario non lectivo.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

VISIBILIDADE	NIVEL
Variedade de estratexias para a difusión, comunicación e sinalización.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Diversidade de destinatarios das estratexias (alumnado, docentes e familias).	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Actualización das informacións.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

APOIO AO CURRÍCULO	NIVEL
Idoneidade dos servizos para cubrir as necesidades do profesorado, alumnado...	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Equilibrio entre os distintos niveis educativos.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Actualización da colección.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Integración da biblioteca na metodoloxía docente.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

Implicación da biblioteca no desenvolvemento das competencias.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Coordinación co Plan de TIC do centro.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Coordinación da biblioteca con programas específicos.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

USOS E USUARIOS	NIVEL
Porcentaxe de alumnos/as de visitan a biblioteca.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Porcentaxe de alumnado que participa nas actividades programadas pola biblioteca.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Porcentaxe de profesorado que emprega os recursos da biblioteca.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Número de préstamos por alumno/a e por curso escolar.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

PLANIFICACIÓN E AVALIACIÓN	NIVEL
Alcance do Proxecto da biblioteca.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Adecuación dos procedementos de avaliación.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Operatividade e formalización do Plan de traballo anual.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

EQUIPO DE TRABAJO	NIVEL
Alcance das funcións do responsable da biblioteca.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Alcance das funcións do equipo de apoio.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

COMUNIDADE PROFESIONAL	NIVEL
Colaboración coa biblioteca pública.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Participación con outras bibliotecas escolares.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

PONTES COA COMUNIDADE	NIVEL
Difusión da información cultural do entorno.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente
Vinculación coas familias.	<input type="checkbox"/> Deficiente <input type="checkbox"/> Limitado <input type="checkbox"/> Bo <input type="checkbox"/> Excelente

EQUIPO DE BIBLIOTECA

Anexo 12

PLAN ANUAL DE LECTURA



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

CURSO 2023/24

ÍNDICE

- 1- Introducción
- 2- Equipo docente
- 3- Obxectivos
- 4- Organización e xestión da biblioteca
 - 4.1. Comunicación
 - 4.2. Horario
 - 4.3. Recursos e materias
 - 4.4. Espazos
 - 4.5 Formación de usuarios
- 5- Dinamización da biblioteca
- 6- Fomento da Lectura
 - Actividades
- 7- Avaliación
- 8- Anexos

1- Introducción

Atendendo ás Instrucións de comezo de curso da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2023/2024, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, elabórase o presente Plan Anual de Lectura.

Este plan é a concreción anual do Plan de Lectura que figura no PE, segundo se establece nos decretos 155/2022 de ordenación do currículo da educación Primaria e 150/2022 de ordenación do currículo da educación Infantil, así como nas ordes do 26 de maio de 2023 e a do 30 de maio de 2023. Trátase dun conxunto de medidas e accións para levar a cabo ao longo do curso actual, enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos no Plan de Lectura do centro.

2- Equipo docente

Durante o curso 2023/2024 o equipo de biblioteca está constituído polos seguintes mestres :

Coordinación:

- Ana Belén López Raña

Educación Infantil:

- Celia Moreno Trigo

Educación Primaria:

- Andrés Otero Manteiga
- Iris Durán García

Especialistas :

- Begoña Barreiro García
- Tamara Carreira Astray.

Durante o curso 2023/2024 o equipo de biblioteca solicitará a incorporación no proxecto Biblioteca Creativa, a continuidade no programa de Clubs de Lectura

coordinado por M^a Carmen Penedo Mosquera, e a incorporación en Lectura e Familias.

3- Obxectivos

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro iniciou a súa andaina no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE -1), coa finalidade de fomentar a competencia lectora que comprende tres grandes aspectos: decodificación, comprensión e habilidades informativas.

A biblioteca facilitará as ferramentas principais para que os alumnos/as alcancen este obxectivo.

A finalidade principal da biblioteca é que sexa un espazo central, arredor do que xire o funcionamento do centro, e aberto ao conxunto da comunidade educativa.

4- Organización e xestión da biblioteca

4.1 Comunicación

A biblioteca comunicarase cos diferentes membros da comunidade educativa a través da súa mascota Nica.

Todas as comunicacións que requiran informar ou consensuar co conxunto do profesorado serán tratadas en claustro ou en reunións específicas. A biblioteca tamén se comunicará con toda a comunidade educativa a través da súa sección na páxina web do centro.

4.2 Horario

A biblioteca permanecerá aberta nas diferentes sesións lectivase durante o recreo.

Para o uso das mesmas nas sesións lectivas, dando continuidade ao criterio establecido de quendas por ciclos, para o curso 2023/24 a orde para escoller a hora exclusiva de uso da biblioteca será a seguinte; 2^o ciclo, 1^o ciclo, Educación Infantil e 3^o ciclo.

En canto ao horario non lectivo, a biblioteca permanecerá aberta de luns a xoves en horario de 16:00 a 18:00 h., con un mestre de garda establecido a nivel de centro, por un sistema de quendas. A biblioteca permanecerá pechada os días fixados para realizar a avaliación.

4.3 Recursos e materiais

A biblioteca conta cos seguintes recursos; coleccións, libros de consulta de diversas temáticas, dicionarios , CD's, DVD's, xogos e tablets.

Estes recursos poderán ser empregados no horario lectivo, agás as tablets que non poderán empregarse no recreo.

En horario non lectivo tampouco se empregará este recurso.

En canto aos recursos e a adquisición de novos materiais, o equipo será o encargado de tramitar os pedidos, catalogar, etiquetar e organizar os mesmos. Teranse en conta todas as suxestións e peticións realizadas polos mestres.

Por outro lado, as aulas seguirán dispoñendo de libros da biblioteca para o seu uso e actualizarase o espazo web.

A biblioteca tamén contará coa plataforma de contidos dixitais E-ELBE.2, dispoñible para todo o profesorado e alumnado de 6º de Educación Primaria.

4.4. Espazos

O espazo da biblioteca queda distribuído do seguinte xeito:

- Espazo de Leandra para Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria.
- Espazo de lectura para Educación Primaria onde os nenos/as dispoñen de dúas mesas.
- Espazo de consulta para Educación Primaria onde os nenos/as dispoñen dunha mesa.
- Espazo da ciencia onde os nenos/as dispoñen de catro tablets. Este espazo tamén se empregará como ludoteca.

Neste curso continuaranse empregando os tres recunchos de lectura no edificio de infantil, destinados ao alumnado de infantil e 2º de Educación Primaria.

4.5 Formación de usuarios

- Formación do profesorado:

Convocarase unha reunión de formación para o profesorado na que se explicará as normas, recursos dispoñibles, funcionamento e organización da biblioteca.

- Formación do alumnado:

Na formación do alumnado trataranse todos aqueles aspectos necesarios para que progresivamente accedan aos fondos da biblioteca de forma autónoma e con responsabilidade no uso da información.

Dentro desta formación, destacar a formación específica para o alumnado colaborador da biblioteca (voluntarios de 5º e 6º de Educación Primaria), xa que require un maior grao de formación ao colaborar nas tarefas da mesma.

5- Dinamización da biblioteca

Dende a biblioteca, en coordinación cos distintos equipos de dinamización do centro, promoverase un proxecto en torno as Olimpíadas.

Por outro lado, tamén se achegará información e material relacionado coas conmemoracións aos diferentes grupos.

Dende a páxina web do centro contaremos con un enlace para dinamizar e promocionar os recursos da biblioteca, onde se publicarán boletíns informativos con recomendacións das diferentes lecturas que poden atopar na mesma.

6- Fomento da Lectura

Actividades

No curso 2023/24 están escolarizados 361 alumnos/as distribuídos en 20 unidades, xa que o centro é de liña 2 agás en 3º e 4º de Educación Primaria que é de liña 3.

As medidas e accións aquí contempladas para o actual curso, contribuirán a fomentar a competencia lectora que comprende tres grandes aspectos; decodificación, comprensión e habilidades informativas, e ao desenvolvemento de lectores autónomos, fomentando a aprendizaxe das habilidades necesarias para ler comprensivamente.

Dende o equipo de biblioteca destacamos as seguintes liñas de actuación:

Hora de ler

Dentro do horario lectivo contéplase a “hora de ler”. As titorías marcan no seu horario media hora de lectura diaria.

Sesións biblioteca

Cada aula ten asignada unha sesión semanal de uso exclusivo da biblioteca, para a realización de lecturas, préstamos, recompilar información...

Mochilas viaxeiras

Ten como obxectivo que o hábito lector chegue ao ambiente familiar.

O contido da mochila é variado (narrativa, poesía, cómic, libro CD, xogos de lóxica,...) Entregaranse os venres e recolleranse os xoves da seguinte semana, agás en períodos de vacacións.

Bolsas que veñen e van

Dende o equipo de biblioteca solicítanse bolsas para o alumnado de infantil. Solicítanse en 3 anos para toda e etapa de infantil.

Lecturas compartidas

Os xoves e venres, nos recreos, realízanse as lecturas compartidas entre o alumnado de cursos superiores e os máis pequenos de primaria. Nestas lecturas participan maioritariamente o alumnado colaborador de biblioteca.

Patios literarios

Para conmemorar o día do libro dende o equipo de biblioteca distribuiranse diferentes caixóns con libros nos distintos patios, para realizar unha lectura neste tempo de lecer.

Lectura e familias

Dende biblioteca organizaranse diferentes actividades de lectura coas familias.

Apadriñamentos lectores

Nesta actividade o alumnado dos cursos superiores le un conto ao alumnado máis pequeno. Levarémola de novo a cabo neste curso xa que ten moi boa acollida por parte do alumnado e profesorado.

Club de lectura

Os martes, no recreo, a biblioteca estará reservada para a realización das actividades relacionadas do club de lectura, que conta coa participación dun elevado número de alumnos/as.

Visitas de autores e ilustradores

Traeremos ao colexio a algúns dos autores e ilustradores relacionados coas lecturas levadas a cabo.

7- Avaliación

A avaliación será continua e realizarase atendendo aos diferentes aspectos sinalados ao longo do Plan Anual de Lectura.

Criterios :

- Grao de cumprimento dos obxectivos previstos nas liñas prioritarias de actuación programadas para o curso escolar.
- Presenza de alumnado na biblioteca, préstamos realizados, resultados das enquisas.

Procedementos:


- Como elemento de avaliación, uso dos mecanismos de análise que o propio programa Koha-Bescolares proporciona: visita de alumnos á biblioteca, número de préstamos etc.
- Empregando o buzón de suxestións como elemento de análise e de posibilidade de artellamento de melloras.
- A través de enquisas para analizar non só todos os aspectos significativos relacionados co hábito lector, senón tamén a experiencia do alumnado como usuario dos servizos e recursos que ofrece a biblioteca.

8- Anexos

HORARIO EQUIPO DE BIBLIOTECA

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1 ^a					
2 ^a	Andrés Ana Belén		Begoña	Ana Belén	
3 ^a	Celia	Andrés	Andrés Ana Belén		
R	E	C	R	E	O
4 ^a	Iris	Ana Belén	Andrés		Ana Belén
5 ^a		Ana Belén			Tamara

HORARIO CURSOS

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1 ^a		4 ^o A EI	6 ^o A EI	6 ^o A EP	6 ^o B EI
2 ^a			5 ^o B EP		6 ^o B EP
3 ^a	1 ^o B EP	1 ^o A EP		4 ^o C EP	4 ^o B EP
R	E	C	R	E	O
4 ^a	5 ^o A EI	2 ^o A EP	4 ^o B EI	3 ^o C EP	3 ^o A EP
5 ^a	5 ^o A EP	5 ^o B EI	2 ^o B EP	3 ^o B EP	4 ^o A EP

EQUIPO DE BIBLIOTECA

Anexo 13



PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

2023-2024

[Versión 2.0_setembro 2023]

Pax 1 de 23

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1 Introducción

1.1 Datos básicos do centro

Nome do centro	Ceip Plurilingüe de Sigüeiro
Código do centro	15011567
Enderezo	Avda. Da Grabanxa, 43
Correo electrónico	ceip.sigüeiro@edu.xunta.gal
Páxina web	www.edu.xunta.gal/centros/ceipsigüeiro

O Ceip Plurilingüe de Sigüeiro é un centro que oferta as seguintes etapas educativas: 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria

Alumnado no curso **2023/2024**:

GRUPO	EDUCACIÓN INFANTIL 2º CICLO			TOTAL
	4º	5º	6º	
A	16	14	21	99
B	15	13	20	

GRUPO	EDUCACIÓN PRIMARIA						TOTAL
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
A	20	18	19	21	21	14	261
B	19	17	17	20	21	15	
C			19	20			

O centro conta con 11 mestres e mestras integrantes do claustro de profesorado:

- 8 educación infantil (dos cales 2 son mestres de apoio).
- 14 educación primaria.
- 2 especialistas educación física.
- 2 especialistas lingua estranxeira, inglés.
- 1 especialista música
- 1 especialista relixión

- 2 especialistas pedagogía terapéutica.
- 2 especialistas audición e linguaxe (e 1 compartida co Ceip Plurilingüe Camiño Inglés, con base nese centro).
- 1 Xefe departamento de orientación.

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro:**

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro está situado no Concello de Oroso (A Coruña) . É un centro de liña 2, con 2 edificios, un para alumnado de infantil e outro de primaria. Dispón de servizo de transporte, comedor, biblioteca, servizo de bos días cole ofertado polo concello e actividades extraescolares ofertadas pola ANPA. Somos centro E-Dixgal, Plurilingüe e participamos en diferentes programas da Consellería: Proa +, contrato programa, Plambe, Plan director, proxectos de innovación...

- **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo:**

O Plan Dixital de Centro enténdese como un instrumento que debe favorecer e impulsar o emprego dos medios dixitais tanto nos procesos de ensinanza-aprendizaxe como no resto dos procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. Por esa razón, debe ser un instrumento que se integre no **Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual**.

Relación con outros Plans e proxectos do centro:

O Plan Dixital contribuirá o desenvolvemento dalgúns dos obxectivos dos distintos Plans e proxectos do centro como: **Contratos Programa** a través de varias liñas, como é o Recupera-T a través do programa **Proa +** (Programa de Reforzo, Orientación e Apoio) dirixido ao alumnado de 3º ata 6º de primaria, o **CP Inlúe** (Quéda-T, Iguála-T e emocióna-T) e o **CP Innova** (Eduinnova, a través do proxecto "Dos Orillas", Edusaúde e Edusostibilidade) e tamén do **Plan Proxecta +** (Proxecto de vida activa e deportiva).

Plan director: dirixido ao alumnado de 5º e 6º de primaria. Este curso será sobre: ciberseguridade, adición a vídeos xogos, acoso escolar, violencia contra a muller e protección da natureza.

Biblioteca: é o exite dinamizador da nosa vida cultural e dende o que xiran as actividades do colexio. Formamos parte do **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares** e este curso solicitamos **Biblioteca creativa**.

Programas de innovación a través do programa Etwinning.

Profesorado, co obxectivo de mellorar a competencia dixital dos docentes, este curso formárase en **Polos Creativos**, a través dun **PFPP**.

Familias: A canle de comunicación son a través da aplicación Abalar Móbil, a páxina web do centro, redes sociais como o instagram, correo electrónico e teléfono.

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 23/24.**

O PD enténdese como un documento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino – aprendizaxe como nos procesos de xestión do centro educativo. Así contribuirá ao desenvolvemento de obxectivos como:

- Consolidar o uso da biblioteca como centro de recursos e dinamizadora da actividade educativa.
- Mellorar a formación do profesorado e alumnado no uso da NNTTIC.
- Organizar e actualizar os recursos do centro.

1.3 Breve xustificación do mesmo

O plan dixital de centro debe ser un instrumento que adecúe e facilite o emprego dos medios dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, entendido dende un obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do alumnado.

Para a elaboración de este documento tivemos en conta o seguinte marco legislativo:

- *Art. 111 bis, Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE do 29 de decembro).*
- *Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.*
- *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
- *Orde do de 2023 pola que se da continuidade ao programa de innovación educativa Polos creativos e se establecen instrucións para o seu desenvolvemento nos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e nos centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para os cursos 2023/24 e 2024/25.*
- *Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

E tamén os seguintes Marcos Europeos de Referencia:

- *Marco común de Competencia Dixital Docente **DigCompEdu***
- *Marco Europeo para Organizacións Educativa Digitalmente Competentes. **DigCompOrg***
- *Marco europeo da competencia dixital para os cidadáns **DigComp 2.2***

1.4 Proceso de elaboración

O presente Plan Dixital foi elaborado durante o mes de setembro de 2023 polo equipo de dinamización das TICs (equipo de Dinamización do Plan Dixital, segundo a denominación indicada no apartado 4 da Resolución de 3 de setembro de 2021) constituído no noso centro, a comezos de curso, e sobre o que recaeu a tarefa de elaboración do mesmo.

Na súa elaboración partiuse do anterior Plan dixital, elaborado durante o curso 2021-2022 e implementado no 2022-2023, así como dos resultados da avaliación e propostas de mellora do mesmo, presentadas e aprobadas polo claustro e consello escolar reunidos en sesións celebradas o 29 de xuño de 2023.

2 Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**

O centro dispón de 2 edificios (infantil e primaria) o servidor principal que da conectividade a ambos edificios, atopase no edificio de primaria (despacho de xefatura e conserxería). O edificio de primaria dispón de conexións cableadas e sen fíos, e dende o curso 2022-2023 tamén no edificio de infantil. Foi ese mesmo ano, cando se mellorou a conectividade grazas a instalación da fibra óptica no centro.

No mes de setembro de este ano, pasaron a mellorar o acceso sen fíos a través dos ARUBA, aínda que non notamos moita diferenza.

Seguimos tendo problemas de conectividade, xa que si están moitos equipos conectados, os que están mais lonxe do servidor van a ir máis lentos.

- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**

O equipamento actual co que contamos no centro é o seguinte:

Edificio Infantil	<p>Aula 1: 1 PC Windows ,1 canón proxector e 1 PDI</p> <p>Aula 2: 1 PC Windows, 1 tableta, 1 canón proxector e 1 panel interactivo dixital</p> <p>Aula 3: 1 portátil Windows, 1 tableta e 1 panel interactivo dixital</p> <p>Aula 4: 1 portátil Windows, 1 tableta, 1 canón proxector e 1 panel interactivo dixital</p> <p>Aula 5: 1 portátil Windows, 1 tableta, 1 canón proxector e 1 panel interactivo dixital</p> <p>Aula 6: 1 portátil Windows,1 tableta, 1 canón proxector e 1 panel interactivo dixital</p> <p>Aula 7: 1 PC Linux, 1 canón proxector e 1 PDI</p> <p>Aula 8 Inglés: 1 portátil Windows, 1 canón proxector e 1 PDI</p> <p>Aula 9: 1 portátil Windows, 1 tableta, 1 canón proxector e 1 panel interactivo dixital</p> <p>Aula Música: 1 portátil Windows, 1 canón proxector e 1 PDI</p> <p>Aula Psicomotricidade:1 portátil Windows, 1 canón proxector, equipo</p>
--------------------------	---

	<p>de son.</p> <p>Aula PT: 1 portátil Windows, 1 tableta, 1 canón proxeutor e 1 PDI</p> <p>Aula AL: 1 portatil Windows, 1 canón proxeutor e 1 PDI</p> <p>Sala de mestres e mestras: 1 PC Windows e 1 PC Linux</p> <p>Aula Arts: 1 portátil Windows e 1 canón proxeutor</p> <p>Aula 1º A: 1 portátil Windows e 1 panel interactivo dixital</p> <p>Aula 1ºB: 1 panel interactivo dixital</p>
<p>Edificio Primaria</p>	<p>Aula 1: kit dixital (1 portátil Linux, 1 canón proxeutor e 1 PDI) e 1 portátil Linux</p> <p>Aula 2: kit dixital (1 portátil Linux, 1 canón proxeutor e 1 PDI) e 1 PC Windows</p> <p>Aula 3:kit dixital (1 portátil Linux, 1 canón proxeutor e 1 PDI) e 1 PC Windows</p> <p>Aula 4:kit dixital (1 portátil Linux, 1 canón proxeutor e 1 PDI e 1PC Windows</p> <p>Aula 5:kit dixital (1 portátil Linux, 1 canón proxeutor e 1 PDI) e 1 portátil Linux</p> <p>Aula 6: 1 PC Windows, 1 canón proxeutor e 1 PDI</p> <p>Aula 7: 1 portátil Windows, 1 canón proxeutor e 1 PDI</p> <p>Aula 8: 1 PC Windows, 1 portátil windows, 1 canón proxeutor e 1 PDI</p> <p>Aula 9: 1 PC Windows, 1 portátil windows, 1 canón proxeutor e 1 PDI</p> <p>Aula 10: 1 portátil Windows, 1 canón proxeutor e 1 PDI, carro móbil con 12 kits Educa Dixital + 12 ultraportátiles</p> <p>Aula 11: 1 portátil Windows, 1 canón proxeutor e 1 PDI</p> <p>Aula 12: 1 PC Windows, 1 portátil Windows, 1 canón proxeutor e 1 PDI</p> <p>Aula 13: 1 portátil Windows e 1 panel interactivo dixital</p> <p>Aula 14: 1 portátil Windows e 1 panel interactivo dixital</p> <p>Aula PT: 1 PC Windows</p> <p>Aula AL: 1 PC Windows</p> <p>Aula STEAM: portátiles Windows, portátiles Linux, 1 PC windows, 1 canón proxeutor, 1 PDI, 12 mBots e 2 robobos, 4 escornabot.</p> <p>Recursos Primaria: 1 PC Windows e 1 carro itinerante con tabletas</p> <p>Biblioteca:2 PC Windows, 1 portátil Windows, 1 canón proxeutor e conexión audio&video, 4 tabletas e 1 impresora 3D</p>

<p>Orientación: 1 PC Windows , 1 portátil windows, 1 Ipadmini, 1 macbook</p> <p>Salón de actos: 1 portátil Windows, 1 canón proxector + conexión audio&vídeo</p> <p>Comedor: 1 canón proxector</p> <p>Sala de mestres e mestras: 2 PC Windows, 1 PC Linux.</p> <p>Dirección: 1 PC Windows, 1 portátil Windows</p> <p>Secretaría e Xefatura:2 PC Windows</p> <p>Administración: 1 PC windows</p> <p>Armario TIC (Administración): 2 portátiles Macbook, 2 netbook Windows, 1 proxector, 2 cámaras fotográficas, 2 cámaras vídeo e 1 gravadora externa CD-DVD.</p>

- Proxecto E-Dixgal: alumnado e profesorado de 5º e 6º dispoñen de equipamento E-Dixgal.
 - Equipos de xestión e administración: tanto o equipo directivo como a persoal de administración dispoñen de: Ordenador de sobremesa, teclado, rato con conexión por cable e sen fíos a internet. Equipos instalados pola consellería no curso 2022-2023
 - Equipos ultraportátiles para aula móbil: no mes de maio de 2023 recibimos 12 equipos, que son empregados co alumnado de primaria (3º e 4º maioritariamente) nos diferentes proxectos que están a levar a cabo.
 - Equipos Educa Dixital (fenda dixital): contamos con 12 equipos portátiles para aquel alumnado vulnerable. Os equipos que non se empreguen para este fin, serán empregados polo alumnado nos diferentes proxectos de centro.
 - Tabletas: dispoñemos de 24 tabletas para empregar co alumnado de 1º e 2º de primaria, ou aqueles que as precisen para diferentes actividades ou proxectos.
 - Contamos con aula STEAM: formada por ordenadores portátiles, robóts MBOTs, Bee-bot, Blue-Bot...
 - Dotacións para proxectos específicos: pantalla croma, micrófono e trípode para tablet (mercado con diñeiro do proxecto Eduexchange, que se atopa na aula de Inglés primaria).
 - Dende o mes de abril de 2023 todas as aulas de infantil (titorías) 1º e 2º de primaria contan con equipos integrados por un panel interactivo de 75" e módulo OPS con procesador i5.
- Nos últimos anos vimos elaborando un **inventario** con toda a información dos diferentes dispositivos TIC que temos no centro, no que reflectimos: Número de aula, Número de Serie, modelo, ano no que se mercou... e outro co material que se da de baixa e o motivo desta.

- **Servizos dixitais educativos:**

- *Servizos corporativos:* o centro dispón de páxina web no seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsigueiro/>

Ademais dispoñemos de outros servizos como: E-Dixgal, espazo Abalar, Abalarmóbil, aula virtual e Koha.

- *Non corporativos que facilitan a xestión docente :* contamos con *blogues de aula en infantil, tamén conta na canle de YouTube, correo de gmail, e instagram entre outras. Á hora de empregar estes recursos teremos en conta o cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD-GDD) e as implicacións que esta lei ten nos centros educativos.*

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**

O mantemento de E-Dixgal corre a cargo da coordinadora de E-Dixgal (Mª José Fontenla Eiras) para reparacións de avarías, dispoñemos do servizo Premium da Consellería (AMTEGA). Os dispositivos pertencentes a consellería, contactamos coa UAC, e resto do equipamento asume o mantemento e actualización de software o equipo de dinamización das TICs, en canto a avarías ou reparacións que o equipo TICs non sexa quen de solucionar contratamos a unha empresa externa (Elinfo).

Así mesmo contaremos co apoio e asesoramento do noso asesor abalar de zona.

- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.**

No Plan de contingencia (na web do centro) quedou establecido como impartir clase a través da aula virtual, onde o profesorado a empregaría para poñer contidos, tarefas... e logo facer titorías e impartir clase ao alumnado a través da plataforma Cisco Webex.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a elaboración de este plan partimos das propostas de mellora recollidas no Plan dixital 2022-2023, así como as análises recollidas anteriormente para a elaboración deste.

Autoavaliación SELFIE: Inclúese o **resumo das áreas** na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	3,7				
C- Infraestruturas e	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,6				

Equipos D- Desenvolvemento profesional continuo	Alumnado	4,3				
	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,5				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Alumnado					
	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,6				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Alumnado					
	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,1				
G- Prácticas de avaliación	Alumnado					
	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	2,6				
H- Competencias dixitais do alumnado	Alumnado					
	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,8				

Test CDD: Recollese a información das seguintes táboas: 1.3 en canto a profesorado e 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	24	25	96%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	5	6	83,3%
SUBSTITUTO	2	2	100%
100OUTROS	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	55	Explorador/a (A2)	66,2	Integrador/a (B1)
Pri.	71,7	Integrador (B1)	77,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3%
A2	17	51,5%
B1	10	30,3%
B2	4	12,1%
C1	1	3%
C2	0	0%
TOTAL	33	99,9%

2.3 Análise DAFO

A análise DAFO ofrece unha visión de conxunto, e desde distintos puntos de vista, da situación do centro no referente ao uso e á dotación de equipamento dixital. A partir desta información, o equipo de dinamización do Plan Dixital seleccionou aqueles aspectos que estimaron prioritarios, en función de varios parámetros:

- Mellora do funcionamento do centro.
- Impacto na actividade docente.
- Viabilidade a curto/medio prazo.
- Posibilidade dunha avaliación obxectiva das medidas implantadas.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.O centro conta con infraestruturas que facilitan a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (C1)	1.Limitación de novos espazos para o desenvolvemento da competencia dixital 2.
		2.O centro ten dispositivos dixitais para o uso da ensinanza (C2)	
		3.O noso centro dispón dunha boa conexión a internet (C3)	
		4.O centro dispón de espazos físicos que facilitan a aprendizaxe das tecnoloxías dixitais (C14)	
		5.	

	PERSOAL DOCENTE	<p>1.O noso centro emprega tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións (B3)</p> <p>2.O profesorado ten a posibilidade de formarse no relativo a ensinanza-aprendizaxe das tecnoloxías dixitais (D2)</p> <p>3. O profesorado busca e emprega recursos educativos en internet, (E1)</p> <p>4. O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo (E4)</p> <p>5. O profesorado implica ao alumnado en actividades de aprendizaxe dixital (F4)</p>	<p>1.O equipo directivo non involucra o suficiente o profesorado no desenvolvemento dixital (A2)</p> <p>2.Equipo directivo e profesorado non emprega tecnoloxías dixitais para avaliar o progreso de ensino e aprendizaxe (B1)</p> <p>3. Escaso intercambio de experiencias e debate no centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais. (D3)</p> <p>4.Insuficiente creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza.(E3)</p> <p>5. Nivel de competencia dixital media-baixa no profesorado.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>1. O alumnado dispón de dispositivo dixitais do centro para empregar cando os precise (C8)</p> <p>2. O alumnado é mais participativo cando se emprega a tecnoloxía (F4)</p> <p>3. O alumnado actúa de xeito responsable e respecta os demais cando empregan internet (H3)</p> <p>4.</p>	<p>1.O alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas, nin a comprobar si a información atopada en internet é fiable e precisa. (H4,H6)</p> <p>2.O equipo directivo e profesorado pensan que no centro educativo o alumnado non ten capacidade para resolver problemas técnicos que xorden no emprego das tecnoloxías</p>

		dixitais (H13)
FAMILIAS		<ol style="list-style-type: none"> 1. Baixa competencia dixital nas familias 2. Acceso limitado a conexión de internet nas vivendas familiares. 3. Falta implicación das familias no emprego das tecnoloxías dixitais. 4.
OFERTA		<ol style="list-style-type: none"> 1. Inexistencia dunha oferta de actividades relacionadas coas tecnoloxías. 2.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. O centro conta con apoio do equipo directivo para explorar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais (A3) 2. O centro emprega servizos dixitais corporativos. 3. O centro dispón de case dun 90% de profesorado definitivo no centro. 4. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. No centro non existe unha estratexia dixital definida (A1) 2. A organización do centro impide a formación do profesorado no seu método de ensinanza e aprendizaxe dixital (A4) 3.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Manter en bo estado a infraestrutura tecnolóxica grazas a asistencia técnica. 2. Participar noutros plans e proxectos para adquirir dispositivos tecnolóxicos para o centro. 3. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O centro apenas realiza traballos interdisciplinares (F6) 2. Falta de tempo que impide levar a cabo actividades e formación de programación e codificar (H11) 3. Falta de tempo para a formación do profesorado nas actividades formativas relacionadas coa competencia dixital. 4. Falta de información do emprego de software libre no ámbito educativo. 5.
	LEXISLACIÓN		<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de coñecemento sobre os dereitos de autor e licencias de uso na realización das actividades de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. (A5) 2. Non existe sistema de protección de datos (C7) 3. Nivel de concienciación baixa dos perigos en internet. 4.
	CONTORNA		
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ofertar actividades extraescolares relacionadas coa dixitalización por 	

		<p>parte de ANPA.</p> <p>2.Mellorar a conexión de internet as familias.</p> <p>3.</p>	
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1.O centro colabora con outros centros e organizacións</p> <p>2.</p>	

3 Plan de Acción

O plan de acción está contemplado para se se vaia implantando ao longo do curso segundo a prioridade de actuación que se requira.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos fórmulanse partindo da situación do centro, coa vontade de avanzar. Os obxectivos son formulados para un período determinado e en colaboración cos órganos de coordinación pedagóxica do centro.

Para unha mellor comprensión das táboas deben terse en conta as seguintes notas:

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART" que sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.

e. **Definidos** no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

- (2) **INDICADORES: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓN A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN :** Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** *Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.*

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1: (1)	Mellorar a competencia dixital do profesorado a través dun PFPP de Polos Creativos. (D1,D2,D3)				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo e Coordinador PFPP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de PFPP solicitados					
Valor de partida: (3)	0 PFPP solicitados					
Valor previsto e data: (4)	1 PFPP solicitados			30/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Solicitar ao CAFI un PFPP de Polos Creativos.	Equipo Directivo	06/10/2023	-Ordenador con conexión internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realización das actividades relacionadas co PFPP (individuais, grupais, presenciais ou online)	Coordinador PFPP	31/05/2024	-Espazo para realizar as actividades -Equipamento TIC -Conexión a internet	Número de actividades realizadas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Analise dos resultado do PFPP	Coordinador PFPP	31/05/2024	-Ordenador e conexión a internet	Memoria final do PFPP	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*D1: Necesidad de Desarrollo Profesional Continuo)

(*D2: Participación en el DPC)

(*D3: Intercambio de experiencias)

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 2: (1)	Emprego da Aula Virtual do centro como recurso cotiá (E3)				Acadado	
Responsable:	Equipo TICs, profesorado implicado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de aulas que realizan actividades propostas e realizadas na aula virtual do centro					
Valor de partida: (3)	2 aulas que realizan actividades propostas e realizadas na aula virtual do centro					
Valor previsto e data: (4)	5 aulas que realizan actividades propostas e realizadas na AV do centro			30/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Posta en funcionamento da AV a comezos do curso: creación de categorías, alta de usuarios, creación de círculos, creación de cursos,...	-Responsable equipo TICs. -Profesorado implicado.	30/09/2023	-Equipo informático -Conexión a Internet -Aula Virtual do centro -Listado de alumnado e profesorado do centro -Dispoñibilidade horaria	Posta en funcionamento da AV	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Mantemento e actualización periódica da Aula Virtual.	-Responsable equipo TICs.	Ao longo do curso 2023-2024 30/06/2024	-Equipo informático -Aula Virtual do centro -Dispoñibilidade horaria	Actualización da AV	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3:Resolución de dúbidas e orientación en relación ao funcionamento e aproveitamento da Aula Virtual.	-Responsable equipo TICs.	Ao longo do curso 2023-2024 30/06/2024	-Equipo informático -Conexión a Internet -Aula Virtual do centro -Dispoñibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*E3: Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe)

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 3: (1)	Fomentar un comportamento seguro e responsable do alumnado (*H1, H3*)				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de actividades realizadas sobre a concienciación acerca do uso das novas tecnoloxías					
Valor de partida: (3)	0 actividades realizadas					
Valor previsto e data: (4)	2 actividades realizadas			30/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:Solicitud de Plan Director e outras actividades (charlas, talleres, obradoiros...) para concienciar ao colectivo indicado.	-Equipo Directivo	30/12/2023	-Equipo informático -Conexión a Internet	Número de solicitudes/ actividades propostas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Realización de actividades complementarias por parte de persoas externas ao centro e formadoras na temática.	-Equipo Directivo	30/06/2024	-Recursos necesarios para a realización das actividades	Número de actividades realizadas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*H1:Comportamento seguro)

(*H3: Comportamento responsable)

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 4: (1)	Actualización e mantemento dos equipos informáticos das aulas ordinarias e espazos administrativos. (C1, C8*)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo / equipo TICs / Administración educativa				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de equipos actualizados					
Valor de partida: (3)	0					
Valor previsto e data: (4)	5					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Actualización e mantemento dos equipos informáticos das aulas ordinarias e espazos administrativos (CPU, videoproxector, PDI,...) e conexión a rede.	-Administración educativa -Equipo Directivo -Equipo TIC -Profesorado	Ao longo do curso 2023-2024 30/06/2024	-Dispoñibilidade horaria -Dotación económica -Conexión a internet	Número de equipos actualizados	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Reposición de equipos informáticos empregando os recursos propios do centro e de acordo cos límites orzamentarios establecidos.	-Responsable equipo TICS. -Equipo Directivo	Ao longo do curso 2023-2024 30/06/2024	-Dotación económica	Número de equipos repostos	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*C1: Infraestructura)

(*C8:Dispositivos dixitais para a aprendizaxe)

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Aínda que intentamos ter actualizado e ir repoñendo materiais, e ben certo que temos moito que mellorar. Moitos dos equipos xa non poden ser actualizados por non atoparse os compoñentes necesarios no mercado.

Algunhas das necesidades que presenta o noso centro son as seguintes:

- **Infraestrutura dixital:** precisaríase mellorar a infraestrutura de voz (telefonía) , xa que os teléfonos son fixos e atópanse na planta baixa do edificio de primaria, o cal, o profesorado moitas veces non pode ausentarse da súa aula para chamar a un familiar, tendo que pedir axuda a outro profesor.

No edificio de infantil colocouse un inalámbrico,(colocado polo centro) pero non se escoitan as chamadas no edificio, tan só si te atopas preto do teléfono.

- **Equipamento:**

Aulas dixitalizadas: precisamos renovar equipamento en algunhas aulas de infantil e primaria, xa que está obsoleto (ordenador, teclados, altofalantes, rato, pdi...).

Nas aulas de PT e AL de primaria non dispoñen de pantalla dixital, que serían de gran utilidade con alumnado NEAE.

Uso na biblioteca: un ordenador de sobremesa ou equipo portátil, proxector ou panel interactivo para diferentes actividades organizadas por biblioteca: contacontos...

Equipos para uso na sala de profesorado: a gran maioría dos equipos fóronse actualizando, pero están obsoletos, chegando a ir moi lento incluso navegando por internet.

Salón de actos, precisaríase renovar o ordenador portátil que é moi antigo, e incluso colocar unha pantalla que se poida desprazar, e mellorar a conectividade a internet.

Aula STEAM: unha pantalla dixital ou panel dixital interactivo, impresora 3D para ir completando a aula, cortadora laser, ploter...

4 Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

A persoa coordinadora do Plan dixital do CEIP Plurilingüe de Sigüeiro(Raquel Naveiro Otero, coordinadora do Plan Dixital 2023-2024) reuniráse telefonicamente,

telemáticamente ou presencialmente co mentor ADIX (Jorge Fernández Otero), cando fose necesario, sempre que a situación o permita, para revisar e analizar como se van levando a cabo os obxectivos e accións dos mesmos ou se estes presentan algunha incidencia ao longo do curso académico 2023 2024.

4.2 Propostas de mellora (revisión)

O final de curso despois da avaliación final, faranse propostas de mellora que teremos en conta para a elaboración do Plan Dixital do curso 2024-2025.

5 Difusión do plan

Na páxina web do noso centro atópase aloxado o Plan Dixital do curso 2022-2023 en formato pdf, podéndose consultar no seguinte enlace:

https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsigueiro/system/files/u15/15011567_CEIPPluriling%C3%BCeSig%C3%BCeiro_PlanDixital_V1.0_08062022%20APROBADO.pdf

Durante este curso 2023-2024, este documento estará dispoñible no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=15011567>

Este plan foi revisado e aprobado no Claustro e Consello Escolar o día 24 de outubro de 2023.

Anexo 14



PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

2023-2024

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Análise do contexto.
3. Obxectivos.
4. Procedemento de seguimento e avaliación.
5. Accións previstas para o logro dos obxectivos durante o curso 23-24.

1. Introducción.

Atendendo aos Decretos 150/22 e 155/22 polos que se establecen os currículos de educación infantil e educación primaria, respectivamente, e ás ordes do 30 e do 23 de maio de 2023 polas que se desenvolven ditos decretos, elabórase este “Plan de actividades físicas e hábitos saudables” que pasará a formar parte do proxecto educativo e funcional do centro.

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro atópase no concello de Oroso, na provincia da Coruña. Actualmente conta con 360 alumnos/as, distribuídos en 20 unidades (seis de infantil e 14 de primaria) sendo un cole de liña 2, agás en 3º e 4º que é de liña 3. Forman o claustro 33 docentes (incluída a mestra do programa PROA+) e hai outra docente de AL itinerante. O centro conta con dous edificios, extensas zonas verdes exteriores e ten á súa disposición o pavillón municipal en horario de mañá.

O centro vén desenvolvendo nos últimos anos diferentes actividades e propostas vinculadas á actividade física e aos hábitos saudables, as cales analizamos no seguinte punto, e ás que por medio deste plan intentamos unificar e coordinar, sendo esta a principal xustificación de dito plan.

As persoas coordinadoras do plan durante o curso 2023-24 serán os docentes de Educación Física, Marta Blanco Girón e Fiz Rodríguez Carballo.

2. Análise do contexto.

O CEIP Plurilingüe de Sigüeiro está localizado no concello de Oroso. Este concello leva anos apostando polo deporte polo que hai moitos clubs que ofrecen diferentes modalidades deportivas (baloncesto, fútbol, fútbol-sala, tenis de mesa, xadrez, hóckey, ximnasia, béisbol, artes marciais, etc.) o que permite ao alumnado do noso centro ter unha oferta deportiva e de ocio importante.

Ao mesmo tempo, no centro véñense desenvolvendo nos últimos cursos diferentes accións, convencidos de que o benestar físico e emocional e os hábitos

saudables diarios son fundamentais para a evolución e educación do noso alumnado.

Así, tras participar no Proxecto Deportivo de Centro en cursos pasados e facer un paréntese provocado pola pandemia, no curso 23-24 volvemos solicitar un plan proxecta “Proxectos de vida activa e deportiva” que engadimos as actividades do programa XOGADE (campo a través), nas que retomamos a participación no 22-23.

Paralelamente a estas accións, no día a día do centro desenvólvense outras actividades coma ligas deportivas nos recreos, obradoiros de baile tradicional, xornadas de xogos populares, andainas, carreiras solidarias, xornadas de colaboración con clubs da contorna ou excursións onde a actividade física, o deporte e a saúde teñan relevancia.

Buscamos a inclusión e a participación de todo o alumnado en xogos durante o tempo de lecer, creando novos espazos de xogo e experimentación, máis igualitarios e accesibles.

Paralelamente á creación de novos espazos e á organización de actividades, consideramos moi importante os hábitos alimentarios. Contamos con comedor propio, o que nos permite ter unha alimentación adecuada, con produtos de calidade, de tempada e de proximidade. Unha alimentación equilibrada que tamén procuramos regulando os alimentos da merenda do alumnado de infantil, e ofertando froita fresca diariamente para todo o alumnado no tempo de lecer.

Outros datos a ter en conta, sacados do PEM do curso 22-23 son que o 1,4% do alumnado tiña problemas de alimentación, o 3% de vestiario, o 2% de hixiene, e o 4,9% necesidade de participar nalgunha actividade extraescolar.

3. Obxectivos.

1.-Lograr que o alumnado valore a práctica deportiva e a actividade física como unha alternativa a ter en conta no seu tempo libre e de lecer.

- Indicador: % de alumnado que practica algunha modalidade deportiva.

2.- Fomentar hábitos saudables como o consumo de froita nas merendas ou o queceamento e a hidratación frecuente antes e despois da práctica de actividade física.

- Indicador: % de alumnado que respecta as pautas de consumo de froita nas merendas.

3.- Fomentar o uso das novas tecnoloxías da información como fonte de recursos de xeito crítico e contrastando a información.

- Indicador: % de alumnado que realiza investigacións e traballos utilizando as novas tecnoloxías como recurso fundamental.

4.- Facilitar unha programación anual de actividades físico - deportivas no centro cara a adquisición de hábitos de vida activa e saudable.

- Indicador: % de alumnado que participa nas actividades deportivas que se ofertan nos recreos.
- Indicador: crear novos espazos para a práctica deportiva e o xogo.

5.- Afondar nas nosas raíces culturais a través da busca e práctica de xogos populares e danzas tradicionais galegas.

- Indicador: realización de polo menos unha xornada de xogos populares e tradicionais.

6.- Impulsar a función inclusiva e de cohesión social do deporte e da actividade física, mellorando así a convivencia no centro.

- Indicador: Realizar unha xornada solidaria na que participe todo o alumnado e profesorado do centro.

4. Procedemento de seguimento e avaliación.

A avaliación será continua e realizarase atendendo aos diferentes aspectos sinalados ao longo do Plan. Realizarase mediante a observación e rexistro de datos de participación.

Criterios de avaliación:

- Adecuación das actividades programadas e levadas a cabo durante o curso.

- Participación de alumnado, profesorado e comunidade educativa nas actividades propostas.
- Resposta e grao de satisfacción do alumnado, profesorado e comunidade educativa ás propostas feitas.
- Grao de cumprimento dos obxectivos.

Este plan queda suxeito a posibles modificacións e á súa concreción anual na Programación Xeral de cada curso. Para a difusión do mesmo entre a educativa utilizarase a web do centro.

5. Accións previstas para o logro dos obxectivos durante o curso 23-24.

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS RESPONSABLES	INDICADORES
MENÚS COMEDOR	TODO O CURSO	LORENA GENDE PAZOS ROSARIO ASTRAY COSTOYA	- REALIZAR UNS MENÚS EQUILIBRADOS
MERENDAS INFANTIL	TODO O CURSO	EQUIPO DOCENTE INFANTIL	- CONSEGUIR QUE UN ALTO % DE ALUMNADO RESPECTE AS PAUTAS DAS MERENDAS
FROITA FRESCA NOS RECREOS	TODO O CURSO	LORENA GENDE PAZOS ROSARIO ASTRAY COSTOYA	- CONSEGUIR QUE UN ALTO % DE ALUMNADO CONSUMA FROITA NOS RECREOS
LIGAS DEPORTIVAS	TODO O CURSO	MARTA BLANCO GIRÓN IRIA MOSQUERA	- ACADAR UNHA ALTA PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES

CAMPO A TRAVÉS XOGADE	1º E 2º TRIMESTRES	MARTA BLANCO GIRÓN FIZ RODRÍGUEZ CARBALLO	- DESFRUTAR DUNHA XORNADA COMPETITIVA CON OUTROS CENTROS DA CONTORNA
XOGOS POPULARES NO MAGOSTO	1º TRIMESTRE	MARTA BLANCO GIRÓN FIZ RODRÍGUEZ CARBALLO	- COÑECER E DESFRUTAR XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS
ANDAINAS	TODO O CURSO	TITORES/AS	- COÑECER O NOSO ENTORNO DE MANEIRA ACTIVA
CARREIRA SOLIDARIA	2º TRIMESTRE	MARTA BLANCO GIRÓN FIZ RODRÍGUEZ CARBALLO	- COLABORAR CUNHA ENTIDADE OU ASOCIACIÓN AO MESMO TEMPO QUE FACEMOS DEPORTE

OS 400 DO NOSOCOLE	TODO O CURSO	MARTA BLANCO GIRÓN FIZ RODRÍGUEZ CARBALLO	- REALIZAR TRES DÍAS NA SEMANA, CAMIÑANDO OU CORRENDO OS 400 METROS DO NOSO COLE
OS NOSOS CLUBS	TODO O CURSO	MARTA BLANCO GIRÓN FIZ RODRÍGUEZ CARBALLO	- ORGANIZAR XORNADAS DE CONVIVENCIA PARA COÑECER DEPORTES MINORITARIOS
CHARLAS SOBRE ACTIVIDADE FÍSICA E HÁBITOS SAUDABLES	TODO O CURSO	MARTA BLANCO GIRÓN FIZ RODRÍGUEZ CARBALLO	- ORGANIZAR CHARLAS MOTIVADORAS E FORMATIVAS PARA O ALUMNADO

Anexo 15

PROGRAMACIÓN
ACTIVIDADES
COMPLEMENTARIAS
E
EXTRAESCOLARES

CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

CURSO 2023-2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.

2. EQUIPO.

3. OBXECTIVOS.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES.

5. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES.



1. INTRODUCCIÓN:

As actividades **complementarias** son aquelas actividades didácticas que se levan cabo dentro do horario lectivo e que rompen coa rutina; teñen lugar por exemplo, en conmemoracións (tendo en conta o calendario escolar establecido para o curso 2023 – 2024) a participación do alumnado é voluntaria e require da autorización previa por escrito dos pais ou titores legais sempre que se desenvolvan fóra da localidade; e as **extraescolares** son as que se realizan fóra do horario lectivo do centro sendo a súa participación voluntaria.

Levámolas a cabo porque consideramos que é importante que o noso alumnado participe, conviva e comparta experiencias con outros membros da comunidade escolar (por iso non se adoitan facer soamente por aulas) e tamén porque queremos darlle a oportunidade a todo o alumnado de que coñeza cousas novas, xa que para algúns deles/delas esta é a única maneira de vivenciar certas experiencias.

2. EQUIPO:

O equipo encargado de promover e organizar as actividades complementarias e extraescolares, está formado polos seguintes membros:

- Patricia Arcay Candal (Coordinadora)

- Pili Rivas Antelo (Infantil)
- Jani Montes Pérez (Infantil)
- Mónica Fernández Vidal (1º ciclo)
- María López Pérez (2º ciclo)
- Miguel Sánchez del Río (2º ciclo)
- Fiz Rodríguez Carballo (3º ciclo)

As reunións deste equipo tal e como establece a lexislación vixente, terán unha periodicidade trimestral e terá unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao finalizalo, así como cantas outras se consideren necesarias. Estas reunións terán lugar na sala de profesores e profesoras do edificio de infantil.

3. OBXECTIVOS:

As actividades complementarias e extraescolares prográmanse para a consecución dos seguintes obxectivos por parte da comunidade educativa:

- ✓ Ser complemento fundamental do proceso de ensino e aprendizaxe desenvolvido na aula.
- ✓ Favorecer a observación directa dos diferentes procesos naturais.
- ✓ Favorecer a observación directa dos diferentes procesos sociais.
- ✓ Promover o traballo de expresión tanto de forma oral como escrita de coñecementos ou opinións.
- ✓ Colaborar na aprendizaxe da realidade social, lingüística, etc. e de outras culturas.

- ✓ Favorecer as habilidades de expresión plástica e dramática, así como valorar todas as manifestacións artísticas.
- ✓ Promover a práctica de actividade física e deportiva no medio natural.
- ✓ Colaborar con outras institucións tanto locais coma rexionais.
- ✓ Programar actividades que favorezan as relacións persoais e de grupo, así como a inserción social.
- ✓ Favorecer en todo momento o carácter de respecto e tolerancia ante a diversidade de culturas, crenzas, razas e pobos.
- ✓ Promover o interese e respecto polo ámbito natural e o medio ambiente en xeral.
- ✓ Motivar accións que interpreten como preferente o coñecemento e interese pola saúde.
- ✓ Fomentar o interese cara a actividade que o alumnado poida incorporar ao seu tempo de ocio.

4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES:

Durante o curso 2023 – 2024 o centro celebrará as conmemoracións mínimas sinaladas no calendario escolar:

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos

Humanos.

- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Tamén se realizarán a nivel de aula outras actividades que se consideren importantes e de interese, as cales serán recollidas na memoria de fin de curso.

Estas actividades e conmemoracións serán tratadas nos diferentes grupos, niveis e etapas educativas para a súa maior organización. O Equipo de Dinamización da Lingua Galega participará á par deste equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, xa que en todas elas se pretenderá o

desenvolvemento e promoción da lingua e cultura galega.

O equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares facilitará información, documentación e material que sexa requirido polo profesorado para a celebración das diferentes conmemoracións.

5. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES:

Ao remate de cada unha das actividades realizadas e, como suma de todas elas, ao final do curso valorarase:

- Se se cumpriron os obxectivos.
- Se a temporalización foi axeitada.
- Se a relación calidade-prezo foi boa ou se se podería atopar outra mellor.
- Se foron válidas e eficaces as actividades planificadas.

Por último, faranse propostas de mellora para os vindeiros anos.

Sigüeiro, 11 de setembro de 2023

A coordinadora
Patricia Arcay

Anexo 16

PROXECTO VOZ NATURA

“COÑECER E PROTEXER O NOSO”

CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

CURSO 2023 - 2024

ÍNDICE:

- 1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**
- 2. ACTIVIDADES DE CONTINUIDADE**
- 3. NOVAS ACCIÓNS 2023-2024**
- 4. OBXECTIVOS**
- 5. PROFESORES RESPONSABLES**
- 6. ALUMNOS PARTICIPANTES**
- 7. ÁMBITO**
- 8. TITULARIDADE DO TERREO**
- 9. SUPERFICIE**
- 10. CALENDARIO DE EXECUCIÓN E ACTIVIDADES**
- 11. ENTIDADES OU PERSOAS COLABORADORAS**
- 12. MATERIAL NECESARIO**

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Un curso máis queremos Seguir co proxecto iniciado hai cinco cursos, dando continuidade a nosa actividade no proxecto Voz Natura, no que os nenos e nenas gozan da horta aprendendo responsabilidade e concienciación medio ambiental. Con estas actividades tamén adquiren hábitos de vida saudable, como a alimentación sa e equilibrada.

2. ACTIVIDADES DE CONTINUIDADE

Seguiremos cos traballos comezados nos cursos anteriores como:

- Horta ecolóxica, no que cada nivel ten o seu bancal de cultivo.
- Compostaxe
- Invernadoiro.
- Venta dos produtos da nosa horta, os beneficios destas vendas serán destinados a ASANOG
- Hortopatrullas: Levan a cabo tarefas de reciclaxe (plásticos, pilas, tonas froita, papel); limpeza de patios; aforro enerxético.
- Acondicionamento das zonas verdes do centro.
- Plantación de árbores autóctonas (carballos e castaños) na "Carballeira do CEIP de Sigüeiro". Árbores que son froitos das landras e castañas que plantaron os nosos nenos e nenas.
- Seguiremos co proxecto "Oroso sen plásticos": concienciación, recollidas de plásticos (roteiro Camiño Inglés, Zonas Refuxio, Penateixa, parque do Carboeiro), patrullas e colectores nos patios.
- Engadiremos novas especies ao noso Xardín dos Sentidos.
- Trataremos de facer recreos cada vez máis activos modificando e engadindo xogos e elementos. (hortopatrullas de recreos: regar as plantas, crear un espazo de lectura no exterior, no xardín dos sentidos.)
- Recollida de auga da chuvia para regar.
- Recreos libres de plásticos, evitar botellas de plástico(ou usar de un só uso), evitar bolería industrial nas merendas. Seguiremos coas campañas de concienciación e información dos nenos e das familias con diversas actividades. Videos, exposicións, carteis.
- Faremos concursos de reciclaxe con manualidades, transformación creativa dos plásticos, vidros,...

- Seguiremos co estudio e concienciación do lixo nos recreos: envases de plásticos reciclables, como briks; non reciclables ,envoltorios bolos, papel de aluminio e tonas froita. Ao final da semana compararemos as cantidades para tomar conciencia, faremos gráficos e con todo isto elaboraremos videos, folletos coas conclusións e recomendacións para que leven e comenten coas súas familias.
- Seguir recollendo datos da nosa estación meteorolóxica, para observar os factores climáticos e prever o tempo para xestionar a nosa horta.
- Manter as caixiñas niño e os comedeiros de paxaros.

3. NOVAS ACCIÓNS 2023-2024

No vindeiro curso 2023 – 2024 queremos dar un paso máis na mellora do medio ambiente e o desenvolvemento sostible. O noso obxectivo é mellorar o coñemento e a protección da flora e a fauna autóctonas. Para iso diseñamos as seguintes actuacións.por niveis:

- Infantil – Investigar sobre os insectos que axudan ao horto e ao medioambiente como as abellas, xoaniñas, bolboretas.
- 1º e 2º de Primaria – Investigar as variedades autoctonas para elaborar un banco de sementes que posteriormente sementaremos na horta.
- 3º Primaria- O alumnado deste nivel coñecerá a importancia dos paxaros na prevención de plagas de insectos, que afectarían aos cultivos agrícolas
- 4º Primaria- Investigaran sobre a importancia do cabalo de pura raza galega na prevención de incendios, e sobre o monte galego.
- 5º Primaria. Importancia das pradeiras marinas, de como as súas flores e froitos atraen as aves mariñas e purifican as augas.
- 6º Primaria. Estudio da acuicultura : microalgas para uso de biodiesel e macroalgas para a súa utilización como fertilizante.

4. OBXECTIVOS

- Fomentar o contacto coa natureza a través das plantas e animais.
- Crear lazos afectivos coa contorna, aprendendo a respectar á natureza.
- Aprender a valorar a auga e non malgastala.
- Estudar o proceso de crecemento e desenvolvemento dos seres vivos (as plantas, animais).

- Fomentar o traballo en equipo e o desenvolvemento emocional.
- Ensinar responsabilidade e concienciación medio ambiental.
- Potenciar o cultivo de produtos autóctonos.
- Ensinar hábitos de vida saudable, como a alimentación sa e equilibrada.
- Aprender de maneira práctica os contidos.
- Implicar ás familias e ao Concello.

5. PROFESORES RESPONSABLES

- María Carmen Penedo Mosquera (coordinadora. Titora 5º Primaria)
- María Teresa Lago Pérez (mestra de Audición e linguaxe)
- Rosario Astray Costoya (mestra de Lingua estranxeira. Inglés)
- Berta Valenzuela Fernández (titora de Educación Infantil.)
- Ana Mª Otero Rendo (titora de Educación Infantil)
- Josefa Cao García (Titora 1º Primaria)
- Jesusa Fernández Barreiro (Titora 3º Primaria)
- Iria Mosquera Ferreiro (Titora de 5ºPrimaria)

6. ALUMNOS/PARTICIPANTES

Neste proxecto participan un total de 359 alumnos repartidos entre nas dúas etapas de infantil e primaria con 103 e 256 respectivamente.

7. ÁMBITO

O noso Centro está ubicado na vila de Sigüeiro. O proxecto mencionado levaríase a cabo en distintos espazos: no interior do colexio (horta, invernadoiro, xardíns) e no exterior (área recreativa Penateixa, O Refuxio, zona plantación do Camiño Inglés.)

8. TITULARIDADE DO TERREO

O terreo cedeuno o Concello de Oroso á Consellería de Educación. En canto á parcela mencionada e propiedade do Concello de Oroso.

9. SUPERFICIE

A superficie do terreo do Centro é de 10.000 m² aproximadamente.

10. CALENDARIO DE EXECUCIÓN E ACTIVIDADES

Setembro 2023: Presentación do proxecto a comunidade educativa.

Outubro - novembro 2023: Planificación e organización das actividades. Revisar os colectores dos patios: plástico, papel e tonas da froita; os da entrada: pilas, útiles de escritura e tapóns. Empezan as Hortopatrullas. Primeira saída para recoller plásticos a Área recreativa de Penateixa e ao Carboeiro.

Revisar estación metereolóxica e depósitos recollida de auga da chuvia.

Posta en práctica das primeiras actividades: Recoller cabazas para o Samaín Limpar a horta , o invernadoiro, plantar as landras e castañas .

Decembro 2023 Plantado de sementes na aula horto e primeiras leitugas no invernadoiro

Xaneiro 2024. Preparar a horta para as primeiras plantas. Acondicionar os espacios axardinados

Febreiro 2024. Saída ao Refuxio a recoller plásticos. Plantar allos e cebolas na horta .

Recollida das primeiras leitugas do invernadoiro

Marzo/ abril 2024. Seguiremos cos traballos na horta, aula, invernadoiro e xardíns (estarán condicionados polo tempo metereolóxico). Plantado de árbores autóctonas na parcela do Concello. Mural de exposición de traballos realizados durante o curso. Donación do recaudado coas vendas dos produtos do Horto a unha ONG (Cáritas, ASANOG)

Facer un vídeo recopilatorio das actividades realizadas no curso 23-24.

Elaborar memoria.

Maio 2023 _ Avaliación do Proxecto.

Cada día traballará na horta un grupo diferente co seu titor acompañado dun especialista e dos pais /nais, avós/avoas voluntarias.

Elaborárase un calendario para que cada grupo se anote no día que mellor lle conveña ir ao horto.

11. ENTIDADES OU PERSOAS COLABORADORAS

Os participantes serán o profesorado, alumnado de Infantil e Primaria, familias do alumnado (pais/nais, avós/avoas, conserxe, administrativa, personal de cociña e Concello de Oroso.

12. MATERIAL NECESARIO

Material de xardinería e horta: 600 €

Material de ferretería: 500 €

Anexo 17



**CONCRECIÓN DO PLAN DE
CONVIVENCIA
CURSO 2023/2024**

1. FUNDAMENTACIÓN

A convivencia nos centros debe ter como referentes xerais os principios establecidos pola Constitución española e as leis orgánicas que a desenvolven, o Estatuto de autonomía de Galicia e a lexislación que del parte, en especial a Lei 4/2011, así como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais en materia educativa ratificados por España.

En particular, a convivencia orientarase aos seguintes fins:

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

2. A CONVIVENCIA NO CENTRO, OBXECTIVOS

No centro queremos transmitir ao noso alumnado aqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza. Pretendemos formar aos nenos e nenas para que contribúan no futuro a unha sociedade máis igualitaria, cohesionada e pacífica, na que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato... non teñan cabida.

O noso Plan de Convivencia foi elaborado no curso 2016/2017 e nel recóllense entre outros, aspectos tan importantes como:

- a) Os obxectivos tendentes á consecución dun clima de convivencia axeitado é útil, que facilite as tarefas educativas e que prepare ao alumnado para que sexa parte activa no desenvolvemento dunha sociedade que se basee no exercicio da liberdade e o respecto aos demais
- b) Os dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa, pais/nais, persoal docente e non docente e alumnado
- c) A tipificación de conductas contrarias á convivencia
- d) As medidas correctoras para este tipo de conductas

No colexio non xorden a penas conflitos de importancia, tan só algunha que outra problemática normalmente no tempo do recreo. Ningunha das condutas que se dan normalmente son consideradas de “gravemente prexudiciais para a convivencia”, serían tipificadas como “leves contrarias á convivencia”. Poden ser algúns problemas entre compañeiros, certas accións que perturban o normal desenvolvemento das clases ou diversos actos de indisciplina.

Está constituído o Equipo de Convivencia sendo a coordinadora a Orientadora do centro, Ana M^a Carballeira Maceiras, que é ademais a persoa responsable de fomentar a igualdade entre homes e mulleres e a coordinadora de benestar. As outras persoas que forman parte do equipo son:

- Lorena Gende Pazos
- Laura Medina Blanco
- Ana M^a Calviño Parga
- Isabel Abucide Castelao
- Teresa Taboada Rivas

Este equipo reúnese mensualmente para reflexionar e fomentar accións que potencien a boa convivencia en todos os seus aspectos.

Queremos para o 2023/2024:

- a) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia a nivel centro, etapa ou ciclo, así como velar polo cumprimento das normas de convivencia.
- b) Promover a elaboración de materiais e recursos a nivel de aula tendentes á mellora da convivencia.
- c) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado, promovendo a mediación e impondo as medidas correctoras axeitadas.
- d) Colaborar no desenvolvemento de programas preventivos e para a detección precoz de situacións conflitivas.
- e) Colaborar con diferentes organismos e entidades que teñan entre os seus fins a prevención e resolución de conflitos, así como a potenciación e mellora da convivencia escolar.

3. ACTIVIDADES PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA NO CURSO ACTUAL

Ao longo do actual curso promoveremos moitas actividades en prol da mellora da convivencia. Entre outras destacamos as seguintes:

- Solicitamos o Contrato Programa CPInclúe que contempla varias liñas favorecedoras da mellor convivencia no centro: Queda-T, Iguala-T, Inclue-T, Emociona-T
- Solicitamos de novo o “Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade nos Centros Educativos”, coas charlas da garda civil para o alumnado. Foron solicitadas para 5º e 6º de Primaria sobre “Ciberseguridade”, “Adicción aos videoxogos”, “Violencia contra a muller”, “Acoso escolar” e “Protección da natureza”.
- Celebraremos con diferentes actividades o “Día Mundial da Infancia” (20 de novembro), o “Día Internacional contra a violencia de xénero” (25 de novembro), o “Día escolar da non violencia e da paz” (30 de xaneiro), o “Día internacional da muller” (8 de marzo) ou o “Día internacional contra o acoso escolar” (2 de maio).
- Desde as aulas elaboraremos materiais e realizaremos actividades transversais para incidir no desenvolvemento de actitudes e comportamentos tolerantes e respectuosos no alumnado.

- Xornadas de convivencia co alumnado do CRA e do IES; o alumnado procedente das unitarias do concello, que para o vindeiro curso virá para o centro, pasará unha xornada cos nosos nenos e nenas; así mesmo o noso alumnado de 6º fará unha visita ao Instituto de secundaria.
- Reunións e titorías coas familias para o traballo conxunto e na mesma liña familia / escola, con aportación de pautas para a mellora da conduta.
- Participaremos nas propostas que cada curso nos chegan desde o concello de Oroso, desde a ANPA ou outras institucións tendentes á mellora da convivencia.

4. MEDIDAS CORRECTORAS

As medidas correctoras que empregaremos terán un fin educativo e recuperador contribuindo á mellora do proceso educativo. Terase en conta, como así se contempla no Plan de Convivencia o recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta, así como o cumprimento momentáneo da obriga de reparar os danos producidos.

Basicamente as medidas que se levan a cabo son as que se recollen no plan como a), b) e c) dentro das correctoras para condutas leves contrarias á Convivencia. Estas son: amoestación privada, comparecencia ante a xefatura de estudos ou dirección, realización de traballos diversos.

Un profesor/a membro da Comisión de Convivencia será quen participe xunto co Orientador, o Xefe de Estudos e a Directora na resolución de conflitos. Se estes fosen de certa relevancia reuniríase a comisión para tomar as decisións oportunas.

Sigüeiro, 6 de outubro de 2023

Anexo 18

PLAN DE EVACUACIÓN							
EDIFICIO 1 (PRIMARIA)				EDIFICIO 2 (INFANTIL)			
	ESPAZO	VIA	REFUXIO		ESPAZO	VIA	REFUXIO
P. baixa	Dpto. Orientación Administración Aula STEAM ANPA	Porta patio 3	Pista de fútbol	P. baixa	1, 2, 7, 8, 3 Sala Profesorado	Porta 1	Patio Infantil
	Salón	Porta salón					
	Comedor Primaria	Portas comedor					
	Sala de prof. Dirección Secretaría	Porta principal	Aparcadoiro profesorado		4, 5, 6, usos Múltiples, 9	Porta 2	Patio Infantil
	Biblioteca Comedor Infantil	Escaleiras zona norte	Patio 2				
P. alta	9, 10, 11, 12 13, 14 PT, AL	Escaleiras zona norte	Patio 2	P. alta	Todos os espazos	Escaleiras porta 2	Patio Infantil
	5, 6, 7, 8	Escaleira central	Pista fútbol				
	1, 2, 3, 4	Escaleira emerxencia	Aparcadoiro profesorado				
Cada grupo situarase en fila dirixido polo seu mestre/a que os acompañará ao fondo dos patios							

O sinal de evacuación será o de repetidos toques de timbre. As baixadas polas escaleiras farémolas pola man dereita.

Anexo 19

1º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO	MATERIAS	SERIE/AUTOR	TÍTULO	EDITORIAL	ANO	ISBN	LINGUA
1º	LENGUA CASTELLANA		UN PASO MÁS PAUTA MOCHILA LIGERA CONSTRUYENDO MUNDOS	SANTILLANA	2023	978-84-144-0758-5	CASTELÁ
1º	LINGUA GALEGA		CONSTRUINDO MUNDOS	SANTILLANA OBRADOIRO	2022	978-84-9185-532-3	GALEGA
1º	LINGUA GALEGA		CONSTRUINDO MUNDOS LECTO - ESCRITURA	SANTILLANA OBRADOIRO	2022	978-84-9185-399-2	GALEGA
1º	MATEMÁTICAS		CONSTRUYENDO MUNDOS (MOCHILA LIGERA)	SANTILLANA	2022	978-84-680-7131-2	CASTELÁ
1º	COMPRESIÓN LECTORA		EL LOBO LUPAS 1	ANAYA	2014	978-84-678-4598-3	CASTELÁ
1º	CIENCIAS DA NATUREZA		CONSTRUÍNDO MUNDOS	SANTILLANA OBRADOIRO	2022	978-84-9185-411-1	GALEGO
1º	CIENCIAS SOCIAIS		CONSTRUÍNDO MUNDOS	SANTILLANA OBRADOIRO	2022	978-84-9185-414-2	GALEGO
1º	INGLÉS		NEW TIGER 1 PUPIL'S BOOK PACK	MACMILLAN E.L.T.	2018	978-13-800-1117-6	INGLESA

2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO	MATERIAS	SERIE/AUTOR	TÍTULO	EDITORIAL	ANO	ISBN	LINGUA
2º	LENGUA CASTELLANA		CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA	SANTILLANA	2023	978-84-144-0762-2	CASTELÁ
2º	LINGUA GALEGA		CONSTRUÍDO MUNDOS	SANTILLANA OBRADOIRO	2023	978-84-9185-675-7	GALEGA
2º	MATEMÁTICAS		CONSTRUYENDO MUNDOS MOCHILA LIGERA	SANTILLANA	2023	978-84-144-0763-9	CASTELÁ
2º	CIENCIAS DA NATUREZA		CONSTRUÍDO MUNDOS	SANTILLANA OBRADOIRO	2023	978-84-9185-694-8	GALEGA
2º	CIENCIAS SOCIAIS		CONSTRUÍDO MUNDOS	SANTILLANA OBRADOIRO	2023	978-84-9185-696-2	GALEGA
2º	COMPRESIÓN LECTORA	EL LOBO LUPAS 2	LECTURAS	ANAYA	2015	978-84-678-7508-9	CASTELÁ
2º	INGLÉS	CAROL READ MARK ORMEROD	NEW TIGER 2 PUPIL'S BOOK PACK	MACMILLAN E.L.T.	2018	978-13-800-1118-3	INGLESA

3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO	MATERIAS	SERIE/AUTOR	TÍTULO	EDITORIAL	ANO	ISBN	LINGUA
3º	LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA	FANFEST	LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA 3º	EDELVIVES	2022	9788414037812	CASTELÁ
3º	LINGUA GALEGA	FANFEST TAMBRE	LINGUA GALEGA E LITERATURA 3º	EDELVIVES	2022	9788490464199	GALEGA
3º	MATEMÁTICAS	FANFEST	MATEMÁTICAS 3º	EDELVIVES	2022	9788414049983	CASTELÁ
3º	CIENCIAS DA NATUREZA	FANFEST TAMBRE	CIENCIAS DA NATUREZA 3º	EDELVIVES	2022	9788490465899	GALEGA
3º	CIENCIAS SOCIAIS	FANFEST TAMBRE	CIENCIAS SOCIAIS 3º	EDELVIVES	2022	9788490466049	GALEGA
3º	INGLÉS	Vanesa Reilly, Plácido Bazo, Marcos Peñate	ALL ABOUT US 3 CLASS BOOK	OXFORD	2022	9780194074650	INGLESA
3º	INGLÉS	Vanesa Reilly, Plácido Bazo, Marcos Peñate	ALL ABOUT US 3 ACTIVITY BOOK PACK	OXFORD	2022	9780194073844	INGLESA
3º	MÚSICA	VARIOS	XOGRAR 3 CADERNO EXERC	GALINOVA	2008	978-84-9737-081-3	GALEGO

4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO	MATERIAS	SERIE/AUTOR	TÍTULO	EDITORIAL	ANO	ISBN	LINGUA
4º	LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA	FANFEST	LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA 4º	EDELVIVES	2022	9788414043943	CASTELÁ
4º	LINGUA GALEGA	FANFEST TAMBRE	LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º	EDELVIVES	2022	9788490465707	GALEGA
4º	MATEMÁTICAS	FANFEST	MATEMÁTICAS 4º	EDELVIVES	2022	9788414050033	CASTELÁ
4º	CIENCIAS DA NATUREZA	FANFEST TAMBRE	CIENCIAS DA NATUREZA 4º	EDELVIVES	2022	9788490465912	GALEGA
4º	CIENCIAS SOCIAIS	FANFEST TAMBRE	CIENCIAS SOCIAIS 4º	EDELVIVES	2022	9788490466063	GALEGA
4º	INGLÉS	Vanesa Reilly, Plácido Bazo, Marcos Peñate, Hawys Morgan	ALL ABOUT US 4 CLASS BOOK	OXFORD	2022	9780194074803	INGLESA
4º	INGLÉS	Vanesa Reilly, Plácido Bazo, Marcos Peñate, Kirstie Grainger	ALL ABOUT US 4 ACTIVITY BOOK PACK	OXFORD	2022	9780194073905	INGLESA

5º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO	MATERIAS	SERIE/AUTOR	TÍTULO	EDITORIAL	ANO	ISBN	LINGUA
5º	INGLÉS	DONNA SHAW E ROB SVED	HEROES 5 Ab Pk (+ Gram pract)	MACMILLAN	2017	9781380055323	INGLESA

6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO	MATERIAS	SERIE/AUTOR	TÍTULO	EDITORIAL	ANO	ISBN	LINGUA
6º	INGLÉS	DONNA SHAW E ROB SVED	HEROES 6 Ab Pk (+ Gram pract)	MACMILLAN E.L.T.	2020	9781380055330	INGLESA